

**Revista de
Estudios Miñoráns**

Nº 18 | 2019



IEM (Instituto de Estudos Miñoráns)

Redacción e administración:

Aula de Cultura “Ponte de Rosas”

Avda. da Feira 10, baixo

Apartado 30, 36380, Gondomar

Tel: 986 360 575

e-mail: oficina@iem.gal

Web: www.iem.gal

Director:

Xulián Maure Rivas

Asesoramento lingüístico:

Miguel Anxo Mouriño e X. M. Rivas

Deseño de cabeceira:

Fernando Pol (+)

Ilustración da cuberta:

Ollando cara á lúa (2018)

Escultura de Alfonso Soliño Troncoso

Fotografías:

Dos autores e do arquivo do IEM

Deseño da capa:

Xosé Manuel Fachal

Deseño interior e maquetación:

Juan Chamorro

Imprime:

Foro Gráfico S.L.

ISSN

2340-2644

Depósito Legal:



Revista de Estudos Miñoráns é unha publicación anual do IEM

As opinións dos artigos non reflicten necesariamente as do Instituto de Estudos Miñoráns e son responsabilidade dos autores.

Pódese reproducir total ou parcialmente, sempre que se cite a procedencia.

Índice

PRESENTACIÓN REM 18	7
ACHEGAS	9
A xenética dos garranos da Groba. Unha análise necesaria	
Xilberte Manso de la Torre	11
Estudo xenético dos garranos do Monte da Groba	
Sara Rocha	
Sonia PradoLópez	
David Posada	21
Casal de Lourentín (Camos, século XVI)	
Xulián Maure Rivas	25
O porto de Baiona e a comunidade criptoxudía nos séculos XVI e XVII	
Suso Vila	35
Tradición versus modernidade científica na Galicia da ilustración: o lulismo dos irmáns Arias Teixeira	
Miguel Álvarez Soaje	49
Abril de 1931: a chegada da II República ó Val Miñor	
José Luis Mosquera Veleiro	61
A guerra da España na memoria da raia	
Natalia Jorge Pereira	89
Un achegamento informal á ópera prima de Laura Ramos	
Miguel Anxo Mouríño	107

ESPECIAL ARTE	113
Esculturas, pinturas, lugares atopados	
diálogos con Alfonso Soliño Troncoso	115
O MEU VAL MIÑOR	143
Obituario a María Xosé González Chamorro	
Beito Legaspi Villamarín	145
Adeus a María	
Xilberte Manso de la Torre	147
Alfonso Soliño Troncoso (Nov 1960-Xan 2019)	
Xilberte Manso de la Torre	149
Lares do Val Miñor “escolma”	
Soledad García Riveiro	153
AS NOVAS DO IEM	
María Lemos Cerqueira	161
CATÁLOGO DE COLABORADORES E COLABORADORAS	199

Presentación REM 18

O Instituto de Estudos Miñoráns presenta este número 18 da súa revista cando se van cumprir os vinte anos da súa existencia. A arqueoloxía, a toponimia, a documentación medieval e os temas históricos son os apartados máis tratados nas nosas páxinas. § O grupo de investigación do programa EQUUS dá un paso máis no seu interese por relacionar a riqueza gráfica de équidos nos petróglifos destas latitudes coa antigüísima presenza dos garranos nos mesmos montes. § Nunha primeira análise xenética feita polo quipo do profesor David Posada, os cabalos da Groba coinciden coas características máis comúns doutras localizacións ibéricas. § Un documento do século XVI, redactado en Baiona en lingua castelá, mostra aínda interferencias léxicas e morfolóxicas da lingua galega. As dúas escrituras que integran o documento fan referencia ao casal de Lourentin de Camos, patrimonio das aniversarias de igrexa de Baiona, que se afora á criada e a dous netos de Afonso Calado, cóengo da dita igrexa. § Grazas ao fondo documental dos irmáns Arias Teixeira conservado no pazo de Pías na Ramallosa e hoxe depositado na fundación Penzol, o investigador Miguel Álvarez Soaje descúbrenos a presenza en Galicia dos irmáns Anselmo e Antonio Arias Teixeira que responden en grande medida a patróns que caracterizan o denominado *Século das Lucas*, sen deixar de aproveitar o patrimonio medieval de Ramón LLull. § O historiador Suso Vila preséntanos unhas familias xudeas de Baiona e as súas relacións coa Inquisición que condenou a algúns dos seus membros á humillación e aldraxe dos sambenitos, pezas singulares que hoxe se poden ver no museo diocesano de Tui. § José Luís Mosquera, partindo da súa recente tese *Élites, partidos políticos y elecciones en el val miñor (1906-1936)*, danos un amplo informe sobre as eleccións municipais do 1931 no tres concellos do Val de Miñor. § Un novidoso traballo de Natalia Jorge Pereira ofrécenos a guerra da España na memoria da raia e nos ollos dos veciños da marxe portuguesa. Un traballo que busca analizar a memoria que sobre a Guerra da España confeccionaron os veciños portugueses, sen dúbida testemuñas privilexiadas dos sucesos do 1936. § Miguel Anxo Mouriño fai unha lectura lúcida e intelixente de *A situación actual*, último poemario premiado no Victoriano Taibo. A súa autora Laura Ramos celebrará que a súa obra, ademais de obter o galardón do xurado, merecese a gabanza da crítica. §

O apartado “Especial Arte” está dedicado ao artista e fundador do IEM Alfonso Soliño Troncoso (+) O apartado “O meu Val de Miñor” recolle as notas necrolóxicas de Mría Xosé González Chamorro e de Alfonso Soliño Troncoso. Tamén inclúe unha escolma poética de Sole García Ribeiro da súa obra inédita *Lares do Val Miñor*. Remata a revista coa sección “As novas do IEM” de María Lemos Cerqueira e máis o “Índice de colaboradores”.

- *A xenética dos garranos da Groba. Unha análise necesaria*
- *Estudo xenético dos garranos do Monte da Groba*
- *Casal de Lourentin (Camos, século XVI)*
- *O porto de Baiona e a comunidade criptoxudía nos séculos XVI e XVII*
- *Tradición versus modernidade científica na Galicia da ilustración: o lulismo dos irmáns Arias Teixeira*
- *Abril de 1931: a chegada da II República ó Val Miñor*
- *A guerra da España na memoria da raia*
- *Un achegamento informal á ópera prima de Laura Ramos*

A xenética dos garranos da Groba. Unha análise necesaria

XILBERTE MANSO DE LA TORRE

RESUMO

Os garranos son uns équidos que viven nas nosas serras alomenos dende a última glaciación. Temos a súa presenza representada nos petróglifos e probablemente constituen o último cabalo salvaxe que hai no mundo. O seu estudo e protección é obxecto do traballo do Proxecto Equus que vimos desenrolando dende hai anos dende o IEM. A necesidade de facerlle análises xenéticas para tentar dar coas súas linaxes máis recuadas sería unha ferramenta moi útil para a conseguinte protección e valorización.

PALABRAS CHAVE: Garrano, *Equus ferus Atlanticus*, Serra da Groba, curro, rapa, xenética, petróglifo, vestixios arqueolóxicos, IEM, David Posada.

ABSTRACT

Garranos are a species of equid easily found in our mountains since glaciation. Their early existence is exemplified by their depiction in numerous petroglyphs of the area. They are probably the last wild horses in the world. From the IEM, Proxecto Equus has devoted much of their efforts to their study and protection in the last years. Thorough genetic analyses would be of great aid so as to trace back their lineage and thus protect them while establishing suitable measures for putting them in value.

KEY WORDS: Garrano, *Equus ferus Atlanticus*, serra da Groba, curro, genetics, petroglyph, archeologic remains, IEM, David Posada.

Dentro do Proxecto equus no que vimos traballando nos últimos anos propuxémonos investigar, estudar e pór en valor o patrimonio que supón a presenza dos garranos no noso país e no norte de Portugal ata o río Lima. Este patrimonio é moi especial e tamén descoñecido para a maioría da xente en xeral, agás as poboacións que viven a carón deles e que teñen a súa presenza nos seus montes como un compoñente máis co que están adoitos a compartir territorio.

Dicimos especial e necesitamos explicar o sentido da nosa expresión cunha mínima xustificación.

Os garranos son équidos que viven nas nosas serras e montes en estado salvaxe e que son denominados cabalos bravos, bestas do monte, burras ou cabalos salvaxes dependendo do lugar no que esteamos. Na Serra da Groba e do Galiñeiro chámanlles burras e non se están a referir aos burros comúns, *equus africanus asinus*, se non que lles dan ese apelativo pola súa curta alzada e polo pelaxe longo que collen no inverno e que os asemella moito aos burros fariñeiros que antes había en todas as aldeas. Para o mundo científico o zoólogo Felipe Bárcena propuxo hai uns anos o nome de *equus ferus atlanticus*, para diferencialo de outros équidos doutros lugares, e tamén propuxo, despois dunha longa etapa de observación e estudo, unha posible clasificación como subespecie de équido dadas as diferencias morfolóxicas, fisiolóxicas e etolóxicas que puido constatar. Resumindo serían as barrigas grandes e redondas, pola necesidade de comer moita cantidade de toxo que na súa maior parte é celulosa, bigotes que fan unha función protectora na tarefa de comer o toxo, baixa alzada con patas curtas e fortes, cabeza grande e desproporcionada e a capacidade de sobrevivir procesando un alimento como o toxo de moi pouco valor proteico e nun ambiente severo, de duros invernos fríos e veráns de moita calor. Viven en grupos familiares e territoriais amosando comportamentos particulares, dependendo do lugar no que vivan; estámonos a referir ás serras do sur da provincia de Pontevedra, nas que atopamos lixeiras diferencias ó respecto doutros lugares de Galicia e Portugal. Estes animais nas nosas serras nacen e viven en total liberdade e foron utilizados xa polos nosos ancestros, ata os nosos tempos, para beneficiarse en primeiro lugar da súa carne como presa de caza e despois, xa coa domesticación, como animais de carga e de tiro e como medio de locomoción polos montes e camiños. Temos constatada a súa presenza nos nosos montes dende moi antigo pola existencia dos gravados rupestres dos petróglifos nos que se ven en escenas de caza e captura, montados e formando parte dunha iconografía que tamén é obxecto de estudo neste proxecto. Máis de 100 gravados que temos localizados entre a ría de Vigo e o río Lima, veñen a amosarnos a importancia que tivo este animal para os nosos devanceiros, dada a variedade de composicións e localizacións que atopamos e que estamos a estudar.

Estes animais teñen asemade, unha característica que os fai senlleiros, que é que, a pesares da súa condición de salvaxes, teñen propietario e un réxime de propiedade que tamén é variable, e que nalgúns casos se coñece a súa orixe pola constatación escrita en documentos históricos e noutros casos non. Poden ser de propiedade particular, normalmente unha familia que vai pasando de pais a fillos as súas marcas ou ferros cos que identifican os seus exemplares, ou comunitaria que tamén varía, en tempos a igrexa con algún mosteiro ou confrarías, hoxe comunidades de montes, asociacións de propietarios ou veciños dun lugar, freguesías etc.



Exemplar de capa castaña/careta. 9 anos de idade. 113 cm de alzada. Marco 31. O seu hábitat está na Campana. Entra nos curros de Mougás e Torroña.



Exemplar de capa Marrón/careta. 16 anos de idade. 120 cm de alzada. Marco 58. O seu hábitat está nas Mariñas. Entra no curro de Mougás.

Estes animais forman parte dun patrimonio natural e cultural que temos o privilexio de gozar nas nosas serras, e que está en perigo de extinción. As mudanzas e evolucións nos xeitos de vida, os avances tecnolóxicos e as mecanizacións das tarefas do campo, os diversos e distintos aproveitamentos dos montes das últimas décadas fixeron que os territorios mudasen e a presión sobre os mesmos fose extinguindo usos e costumes ancestrais e tamén indirectamente, a presenza de flora e fauna, que se ve modificada e extinguida. Se desapareceu a pita do monte, o lobo na maior parte do país, o oso, a cabra montés, o gato montés, as lebres, a perdiz vermella, etc. tamén os garranos están nalgúns lugares desaparecendo e noutros chegando a números críticos que non presaxian bos tempos para a supervivencia das bestas nos nosos montes. Son moitos os lugares do noso país nos que desapareceu nos últimos cincuenta anos. Tamén desapareceron as feiras tradicionais nas que a súa presenza como besta de locomoción e animal de trato era a protagonista. Foron un complemento que se aproveitaba e que se daba no monte como os coellos e lebres en tempos de caza, e que tivo o seu regulamento de, poderíamos chamar, uso a pesares dos rexos controis fiscais da igrexa e do estado polo seu aproveitamento. Cremos que este aproveitamento vense dando dende tempos moi recuados, mantendo viva unha tradición que probablemente ten milleiros de anos, se nos atemos a unha lectura en detalle das pedras gravadas nas que os équidos aparecen en escenas variadas e con composicións cinexéticas, de equitación e do que parece captura e doma. Falamos de équidos pois non hai dúbidas de a que tipo de cuadrúpedes nos estamos a referir ó ver as figuras gravadas. Non falamos de cabalos pois temos motivos para crer que na nosa área de traballo foron varios os équidos salvaxes que existiron, e as nosas burras de hoxe son uns deses équidos que manteñen un fenotipo moi similar o que se pode ver gravado e debuxado nas covas da cornixa cantábrica e nalgunhas das pedras da área de estudo, como as da Coutada nas Neves ou a Laxe das Fogazas en Lanhelas. Pero non eran os únicos équidos, houbo tamén cebros que se extinguiron como tales hai centos de anos pero que conviviron e probablemente se cruzaron coas nosas burras. Ata o século XVI está documentada a súa presenza na península ibérica, e aínda hoxe existe a dúbida de se os cebros eran un tipo de burro, *assinus onagro*, ou unha especie de cabalo como o tarpán ou o przewalskii. Dende aquí entendemos moi ben esas dúbidas pois como xa queda dito, os nosos cabalos salvaxes son chamados burras e aseméllanse moito a elas sobre todo co coiro e pelo do inverno, e esas cores que lle aparecen na barriga, no fociño e no nacente das patas, o pangaré que nas nosas burras do monte fainos ver os retratos que os nosos antepasados lles fixeron nas covas hai xa 20.000 anos.

Todo isto levounos a pescudar en varias áreas de traballo para tentar despegar incógnitas e avanzar no coñecemento deste valioso patrimonio biolóxico e cultural. Pola parte da bioloxía evidenciouse a necesidade de buscar na xenética as orixes e parentelas que puideren ter con outros équidos existentes. Sábese que non hai animais puros, que tódolos cabalos existentes hoxe están emparentados e que houbo moita mestura de xenes ao longo de milleiros de anos. Dende os tempos da domesticación (outro tema que na literatura científica ven localizada nas estepas eurasiáticas hai entre 4 e 5.000 anos, e que cada día que pasa van aparecendo outras evidencias que poden facer mudar esta teoría) o home foi cruzando as distintas razas de cabalos para empregalos nas guerras, no transporte de homes e mercadorías, e pasaron a ser os protagonistas dun grande avance dos pobos que os usaron.



Exemplar de capa castaña. 9 anos de idade. 120 cm de alzada. Marco TL. O seu hábitat está nas Chans da Calzada. Entra no curro de Torroña.



Exemplar de capa castaña. 9 anos de idade. 118 cm de alzada. Marco SP. O seu hábitat está no Cortelliño. Entra no curro de Mougás.



Exemplar de capa castaña. 6 anos de idade. 122 cm de alzada. Marco 58. O seu hábitat está na Fonte do Toxo. Entra no curro de Torroña.

Os cabalos ou équidos en liberdade sufriron a caza e captura para o seu uso como alimento e como animal de tracción e foron desaparecendo de moitas áreas nas que antigamente vivían. Hai a constatación de que foron moi numerosos e importantes, polo menos así o quixeron constatar os nosos devanceiros cando os debuxaron nas paredes das covas, moitos anos antes de que foran domeados. Tamén, pasado o tempo se deu o movemento inverso: de ser cazados e capturados ata a extinción en estado salvaxe, coa mecanización das tarefas industriais e o transporte, pasou a ser un animal que perdeu o seu valor de uso e nalgúns casos, ao ser ceibados os exemplares domésticos reproducíndose sen presenza de grandes depredadores e chegando a converterse en praga como é o caso de Australia, ou o caso de América do norte onde animais ceibados deron lugar aos mustang³ que tanto axudaron na conquista e poboación do Oeste americano.

En calquera caso foron animais domésticos que tiveron condicións para sobrevivir ceibos e que xa levaban na súa xenética unha sopa de combinacións producidas pola interferencia da man do home. Só ficaron como équidos salvaxes ata comezos do século XX o Tarpán, *Equus ferus ferus* que se extinguiu no 1909, e o cabalo de Przewalski *Equus ferus przewalki* que se extinguiu en liberdade en 1969 e foi reintroducido a partires de animais que se criaban en zoolóxicos; en 1992 ceibáronse no suroeste de Mongolia 12 exemplares que seguen reproducíndose en liberdade. En Galicia e no norte de Portugal, os garranos, *Equus ferus atlanticus* veñen reproducíndose ininterrompidamente nas serras e montes probablemente dende a última glaciación. Son, poderíamos dicir, o único cabalo salvaxe que que-

da no mundo, a pesares das súas singularidades e tradicións culturais ligadas das rapas e os curros.

Unha análise detallada da súa xenética pódenos dar pistas das súas orixes e ver o grao de parentesco que teñen coas outras razas existentes ou o distanciamento xenético que tamén nos indicaría unha póla distinta na árbore xenealóxica dos équidos existentes no planeta. Partindo do coñecemento que temos de que foi usado xa polos romanos e outros pobos que tiveron contacto co noroeste peninsular, e que a mestizaxe entre cabalos se fomentaba para acadar segundo o interese concreto, animais máis grandes, sabemos que nos anos setenta foi práctica bastante común a de ceibar garañóns de outras razas para conseguir poldros máis grandes, aínda que pasados uns anos os propios paisanos se decataron de que a natureza é moi sabia, e os intentos de cruzamento trouxeron máis mortalidade nas femias no parto, menos aguante dos garañóns no monte ao non estar adaptados á dureza do medio, e pouco a pouco volveuse a deixar aos garranos cruzarse con garranos. Séguese hoxe en día na Serra da Groba e do Galiñeiro co costume de cada certo tempo meter garañóns de outras greas do Suído ou de Portugal, na crenza de que pasado o tempo a consanguinidade pode facer perder “forza” nos animais. Ten a súa explicación o que ocorre nestes lugares, dado que o número de garañóns existentes é moi cativo respecto o número de femias, e non se dá como noutros lugares de Galiza e Portugal a formación de grupos de machos xoves que se independizan, máis ou menos ós tres anos, para tentar buscar outras greas nas que poden loitar polas femias criando outros grupos e facendo o que de xeito natural se fixo perante milleiros de anos e que tamén fan outros animais salvaxes.



Exemplar de capa alazana. 16 anos de idade. 107 cm de alzada. Marco 31. O seu hábitat está na Campana. Entra nos curros de Torroña e Mougás.



A veterinaria Eva Cobián, axudada por Modesto Dominguez "Terri", sacando as mostras de sangue para análise xenética ó exemplar máis vello 16 anos.

Os vestixios arqueolóxicos dinnos que a presenza de équidos era importante e que o valor simbólico e cultural está presente nos gravados dende hai milleiros de anos na Galiza e no norte de Portugal, nomeadamente na nosa zona de estudo. Ó ter dificultades importantes para a datación dos gravados rupestres obxecto de estudo do noso traballo, temos que buscar axuda noutras ciencias e buscar a análise comparada con outros traballos e outras zonas. Mais o que a nós nos interesa é tentar comprobar si unha das hipótese de traballo se cumpre. Esta hipótese da que partimos é a de que as burras da Serra da Groba levan nos nosos montes polo menos dende a última glaciación, e son un relicto dos últimos cabalos salvaxes que hai no mundo. Foron capturados como presas de caza, domeados e usados ata os nosos días, e mantívose no tempo, con poucas modificacións, un xeito arcaico de captura e manexo, que deu no noso patrimonio etnográfico das rapas e os curros.

Facer unha análise xenética minuciosa e completa buscando eses xenes máis antigos, require duns medios dos que hoxe que non dispomos, mais non por iso imos deixar de propor esa vía de traballo que seguro nos aclararía moitas cousas. Cecaís futuras colaboracións con outros grupos de investigación ou a captación de fondos dalgún programa europeo de investigación, poderá axudarnos a conseguilo. Non por iso o IEM e o grupo de traballo do Proxecto Equus nos arredamos, e falando con quen cremos que nos podería axudar, levamos as nosas ideas á Universidade de Vigo ó grupo de traballo de David Posada, un dos mellores xenetistas do mundo e que temos a fortuna de ter moi perto. David Posada escoitou o que lle explicamos do noso proxecto

e o que pretendíamos e propuxémoslle a posibilidade de facer esa análise xenética dende o seu departamento nalgún tipo de colaboración co IEM que se podía estudar. Postos a traballar preparamos o protocolo de actuación para tomar as mostras de sangue dos garranos, a elección dos mesmos, e o tipo de ficha de recollida de datos que empregaríamos.

Seguindo as pautas do xenetista recolléronse as mostras de sangue e puxéronse ó dispor do equipo que as analizou.

O 2 de agosto de 2018 recibimos os resultados desa análise que se publican noutro apartado a continuación deste. Esta análise non difire doutras que se teñen feito e publicado con outras razas de cabalos da península ibérica, e sería necesario facer unha análise do xenoma completo dos garranos da Groba para chegar máis lonxe na súa historia xenética.

Temos que salientar a xenerosidade e bo facer de David Posada e o seu equipo, nomeadamente Sara Rocha e Sonia Prado, agardando que no futuro poidamos continuar colaborando e, si cadra, conseguindo os fondos necesarios para encetar esa análise do xenoma dos garranos. Pola nosa parte inmensa gratitude.

BIBLIOGRAFIA

- BARCENA, Felipe. (2011). “GARRANOS: os póneis selvagens (equus ferus sp.) do norte da península ibérica” en *I Congreso Internacional do Garrano. Candidatura a Patrimonio Nacional. Libro de Atas. PAINEL 3 O Garrano e o Ambiente*, (pp.75-96) Arcos de Valdevez: ATAHCA- Associação de Desenvolvemento das Terras Altas do Homem, Cávado e Ave. En http://garrano.ipv.pt/files/livro_atas.pdf
- CABADA CASTRO, M. (1992). *A Rapa das bestas de Sabucedo*. Ir Indo Edicións S. A. Vigo
- CAMESELLE BASTOS, Domingo. (1998). *Historia de la parroquia de Baredo*. Comisión de fiestas Virgen de la Cela de Baredo. Baiona
- MANSO DE LA TORRE, Xilberte. (2016). “Equus ferus atlanticus. As burras do monte da Serra da Groba”. *Revista de Estudos Miñoráns* nº 14/15 Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns
- MARTINEZ SOTO, VILAR PEDREIRA, MANSO DE LA TORRE, VERDE ANDRES, ALVAREZ ALONSO, LEDO BERNÁRDEZ, CENTELLES GARCÍA. (2018). “O Proxecto Equus: un novo paradigma nas escenas de caza da arte rupestre galega e do norte de Portugal”. *Revista de Estudos Miñoráns* nº 16/17 Gondomar. Instituto de Estudos Miñoráns.
- NORES, C. “Del cebro ibérico a la cebra africana”. *Revista BIOLÓGICA*, novembro de 1996, nº 2
- ROYO, I. ÁLVAREZ, A. BEJA PEREIRA, A. MOLINA, I. FERNÁNDEZ, J. JORDANA, E. GÓMEZ, J. P. GUTIERREZ, And F. GOYACHE (2005). The Origins of Iberian Horses Assessed via Mitochondrial DNA. *Journal of Heredity* 96: 663-669.
- WARMUTH, V et al. (2012). “Reconstruting the origin and spread of horse domestication in the Eurasian steppe” en *PNAS/ May 22, 2012/ vol. 109/ nº 21*.

En internet:

Cebro, un enigma zoológico

<http://sciencepress.mnhn.fr/sites/default/files/articles/pdf/az2015n1a2.pdf#viewer.action=download>

<https://www.lne.es/asturama/2012/11/07/el-cebro-un-enigma-zoologico/1323187.html>

Matanza de cabalos en Australia

<https://www.abc.es/natural-biodiversidad/20130522/abci-matanza-caballos-australia-sequia-201305221112.html>

https://elpais.com/sociedad/2013/06/14/actualidad/1371207139_250736.html

<https://blogs.20minutos.es/cronicaverde/2008/03/18/australia-quiere-matar-10-000-caballos-salvajes/>

Estudo xenético dos garranos do Monte da Groba

SARA ROCHA, SONIA PRADO LÓPEZ E DAVID POSADA
UNIVERSIDADE DE VIÇO

Os garranos son unha raza de cabalos pequenos autóctona das montañas do norte da Península Ibérica. Actualmente pódense atopar no norte de Portugal e no sur de Galicia, en lugares como o parque da Baixa Limia Serra do Xurés, e no Monte da Groba. Hai un tempo, Xilberte Manso e Xosé Lois Vilar do Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) contáronnos que eles pensan que os cabalos garranos do Monte da Groba poderían representar unha liñaxe ancestral diferenciada e directamente descendente dos cabalos representados nos petroglifos do Sur de Galicia e Norte de Portugal. A idea é fascinante, así que o noso laboratorio da Universidade de Vigo (<http://darwin.uvigo.es>) ofreceuse para facer un estudo xenético sinxelo para explorar, de xeito preliminar esta hipótese.

A partires das mostras de sangue de seis cabalos garranos proporcionadas por Xilberte e Xosé Lois, en Agosto de 2018 extraímos o ADN e secuenciamos una pequena rexión do ADN mitocondrial chamada rexión control, moi utilizada neste tipo de estudos. Estas seis secuencias están dispoñibles de maneira gratuita na base de datos pública GenBank (<https://www.ncbi.nlm.nih.gov/genbank>) baixo os identificadores MK443368MK443373. Ademáis, para poder facer unha análise comparativa, baixamos da mesma base de datos outras secuencias da rexión control de distintas razas de cabalos da Península Ibérica estudados por Royo *et al.* (2005) e por PérezGutiérrez *et al.* (2008). Nas mostras dos garranos do Monte da Groba atopamos catro tipos de secuencias distintas, que son idénticas as obtidas por Royo *et al.* (2005) en outros garranos do norte de Portugal, pero, e isto é importante, idénticas tamén as obtidas en outros ponies da Península Iberica como HispanoBreton, Asturcón, Caballo de Corro, Potokka, Meréns, así como en cabalos Lusitano, Caballo Andaluz, Marismefío e Cartusiano.

Polo tanto, non atopamos evidencia de diferenciación xenética dos garranos do Monte da Groba con respecto a outras razas da península. As nosas análises dos Garranos do Monte da Groba, tal como o encontrado para outras razas, tampouco suxiren ningunha estrutura poboacional ancestral. Estes resultado concordan con estudos anteriores nos que as linaxes mitocondriais no se corresponden coa diferenciación fenotípica entre razas (PérezGutiérrez *et al.* 2008; Royo *et al.* 2005). Este resultado non é sorprendente, se consideramos que os cabalos e ponies da Península Ibérica (e en xeral os cabalos do mundo) parecen estar moi misturados xeneticamente, non existindo diferenciación xenética entre razas, polo menos no ADN mitocondrial.

Queremos resaltar que o ADN mitocondrial non representa toda a historia xenética dunha especie ou poboación, particularmente no caso dos cabalos onde os cruzamentos son moi comúns e cunha domesticación moi recente (Gaunitz *et al.* 2018). Para facer un estudo xenético realmente preciso faría falta estudar o xenoma completo dos garranos do Monte da Groba e doutras razas da península, o que sería definitivo, pero tamén extremadamente caro e complicado. Polo de agora, non temos evidencia para pensar que os garranos do Monte da Groba sexan unha liñaxe ancestral, pero tampouco podemos demostrar o contrario.

REFERENCIAS

- PÉREZ GUTIÉRREZ, A. DE LA PEÑA and P. ARANA (2008). Genetic analysis of the HispanoBreton heavy horse. *Animal Genetics* 39: 506-514.
- ROYO, I. ÁLVAREZ, A. BEJAPEREIRA, A. MOLINA, I. FERNÁNDEZ, J. JORDANA, E. GÓMEZ, J. P. GUTIÉRREZ, AND F. GOYACHE (2005). The Origins of Iberian Horses Assessed via Mitochondrial DNA. *Journal of Heredity* 96: 663-669.
- GAUNITZ, G., FAGES, A., HANGHOJ, K., *et al.* (2018). Ancient genomes revisit the ancestry of domestic and Prezwalsi's horses. *Science* 360: 111114.

Casal de Lourentín (Camos, século XVI)

XULIÁN MAURE RÍVAS

RESUMO

Un documento do século XVI con dúas escrituras, a primeira do ano 1531 copiada como introdución á segunda do ano 1562, dános información dos cambios de posesión do casal de Lourentín (hoxe Lourintín), sito na freguesía de Camos. Son datos significativos as variedades lingüísticas e paleográficas e as diferencias notariais entre as dúas escrituras. Achéganse datos sobre a organización das aniversarias, fondo patrimonial eclesiástico.

ABSTRACT


A document dating back to the 16th century, composed of two scriptures -one from 1531, introduction to the second one which dates back to 1562- offers information about the different ownerships of Casal do Lourentin, located in Camos. Of special relevance are the linguistic and palaeographic differences found between the two scriptures. Data about anniversary celebrations is here provided, as part of the ecclesiastic patrimony.

INTRODUCCIÓN

Entre os documentos soltos da igrexa de Santa María de Baiona que se gardan no Arquivo Diocesano de Tui hai catro páxinas en papel coa data de 24 de outubro de 1562 redactadas en castelán e con importantes interferencias da lingua galega. Nestas páxinas documéntanse máis de trinta anos do casal de Lourentin da freguesía de Camos.

Este casal coas súas casas, viñas, herdades e muíño e outras pertenzas máis, fora entregado antes do ano 1531 polo cóengo Alonso Calado ao cabido da igrexa de Baiona para formar parte das súas aniversarias, nome que recibían os fondos patrimoniais das distintas igrexas e mosteiros destinados aos sufraxios dos seus doantes.

Das catro páxinas, as dúas primeiras recollen unha copia ou traslado da escritura de foro que, coa data de 24 de outubro de 1531, outorgaba o casal de Lourentin “en nome de aforamento e censo perpetuo” a Ynés Albres, criada que fora do citado Alfonso Calado, e no pasamento dela que a explotación do casal lles quedase perpetuamente aos netos do mesmo crego, “Juan Trigo e Alonso Calado, o moço”. Esta escritura ou carta de aforamento recolle o acto de outorgamento celebrado na sancristía da igrexa de Baiona polo abade, cóengos e beneficiados entre os que está o cóengo Alonso Calado, avó dos dous últimos aforados. Este crego xa aparece en 1522 como titular beneficiado na igrexa de Santa María de Baiona, pero non consta en que ano fixo a doazón do seu casal de Lourentin para que a institución das aniversarias se encargase dos sufraxios polo seu eterno descanso.



Nas dúas últimas páxinas documéntase a renuncia por parte de Juan Trigo á metade do “casal e lugar que se dize Lourentin” e o seu traspaso a Gerónimo Gómez. Esta renuncia faise en 1562, despois de trinta e un anos do primeiro aforamento e cando o citado neto Juan Trigo, que xa era tamén beneficiado na igrexa colexial de Baiona, confesa que non pode “labrar, granxear ni reparar ni conplir las condiciones del dicho fuero”.

Os novos titulares do foro da metade do casal de Lourentín son Gerónimo Gómez, veciño do coto de Barrantes e a súa muller Olaria Desca. Posiblemente el sexa o mesmo Gerónimo Gómez que en marzo

de 1564 será confirmado como meiriño dos vales de Ribas de Miño polo consistorio de Baiona, presidido polo tenente correxedor Fernando Casa de Sabedra, o mesmo que actúa de escribán e notario público neste documento carta de aforamento.

NOTARIO APOSTÓLICO E NOTARIO PÚBLICO

Hoxe pouco queda en pé deste casal, que tamén recibe o nome de lugar de Lourentin no segundo documento. A análise paleográfica do mesmo danos indicios da importancia que podía ter este casal no século XVI. O máis salientable a primeira vista é o seu carácter de documento rubricado nos primeiros renglóns e cunha letra de tipo humanista. Non é un texto cursivo como podemos ver e comparar coa reprodución dunha páxina das Actas municipais de Baiona do mesmo ano 1562.

Hernando Casa, ou Fernando Casa de Sahabedra, é o “escruiano y notario público de su *Magestad* y del número de la dicha villa de Monterreal y Bayona”, un funcionario civil da máis alta cualificación para actuar e dar valor público a esta transmisión dun aforamento de titularidade eclesíastica. O primeira parte do documento é un traslado dunha escritura asinada por *Francisco Troncoso*, “beneficiado en la iglesia de sancta *María* de Bayona, notario público por la autoridad apostólica notario del cabildo de la dicha yglesia”. Estamos diante dun paso importante no que o valor do obxecto transferido, ou os intereses dos novos titulares, require que o acto notarial pase da autoridade apostólica a autoridade pública da súa Maxestade.

LOURENTÍN/LOURINTIN

Na actualidade o casal de referencia destas escrituras está totalmente en ruínas e o camiño que chega ata el está rotulado como “Camiño de Lourentin”. Este topónimo ten a súa orixe no nome do posuidor *Laurentinus*¹, como se pode ver nun caso similar xa no ano 924, nun documento do mosteiro de Celenova: “*mea ratione propria in casare qui fuit de Laurentina*”². No primeiro documento aparecen un avó e un neto co mesmo



nome abreviado coas letras *a*^o omo hai dúas formas plenas, “Alonso” (9-10) para o avó e “Afonso” (38) para o neto, resólvense con este criterio todas as formas abreviadas. O mesmo documento dá a entender o uso indistinto das dúas formas cando se refire ao neto como *a*^o calado, o moço (18-19).


TRANSCRIPCIÓN DAS ESCRITURAS DE 1531 E 1562

Baiona 1531, 6 de xaneiro e 1562, 24 de outubro.

Foro do casal de Lourentin en Camos feito polo abade e cregos de santa María de Baiona e posterior renuncia a favor de Gerónimo Gómez e a súa muller Olaria Desca.

ACT: Doc. Baiona 66

Ano do nascimento de noso^[01] señor Jesu Cristo de mill et quinentos^[02] e treinta e vn anos, a seis días del mes de janeiro. Sepan quantos^[03] esta carta de aforamento vieren como nós, Sevastián Varela, abad de la co^[04]legial yglesia de Sancta María de Vayona e Alonso Calado e Francisco Domingues e Francisco de Mese^[05]go e Gonçaluo de Franqueira e Alonso Gonçalues de Morente et Vasco Rrodrigues de Mogueimez e Juan de Pinto^[06] e Lourenço Sanchez de Braçacorta, canónigos e beneficiados de la dicha iglesia, estando todos juntos^[07] en la sacristanía de la dicha yglesia por son de campana tanida, según que nós lo^[08] avemos de noso bo vso e costume; e dezimos que por quanto vós, el dicho Alon^[09]so Calado nos distes el casal de Lourentim, que está sito en la feligresía de Camos^[10] con sus vinas e molino, según que está todo sobre si. Con condición que diesemos^[11] en censo perpetuo, siendo las anibersarias pagadas e nós conpliendo las^[12] dichas condiciones, conoscemos que abendo noso acordo diligente para lo de^[13] ayuso contenido e bendo ser vtile e provechoso, conoscemos e otorgamos por esta^[14] presente carta que damos e otorgamos, façentes por nós et por nuestros subcesores^[15] e anibersarias de la dicha iglesia e de los otros beneficiados que aquí no son, damos^[16] e otorgamos en nombre de aforamiento e censo perpetuo para senpre jamás a vós^[17] Ynés Albres, criada que fuestes de Alonso Calado, en esta vida, e a Juan Trigo e Alonso^[18] Calado, o moço, netos del dicho Alonso Calado, conbiene a saber, el nuestro casal^[19] de Lourentim, según dicho tenemos, con sus casas, vinas e heredades e molino^[20] con todas las otras cosas al dicho casal pertenescentes, que estais ausen^[21]tes, vien así como si fuesedes presentes, e con tal pleito e condición que^[22] la dicha Ines Albres goze e llebe los frutos e rrentas al dicho casal perte^[23]nesçientes. E después de los días de la dicha Ynés Albres quede libre^[24] e desenbargado a los dichos Juan Trigo e Alonso Calado perpetuamente para^[25] sempre jamás e a sus subçesores y herederos, con tal pleito e condiciom^[26] que la dicha Ynés Albres en su vida, e después de sus días los dichos Juan Trigo^[27] e Alonso Calado e todos sus subçesores e desçendientes y herederos den e pa^[28]guen al mayordomo de las anibersarias de la dicha nuestra yglesia por día^[29] de san Juan Vautista del mes de junio en cada vn ano para senpre jamás^[30] dos reales de plata. E abendo de bender o enpeñar el dicho casal vós, los^[31] sobre dichos e buestros subçesores seais obligados de nos frontar^[32] [folio 1] primero, e no lo querendo nós o nuestros subçesores que entón^[33] lo aguais a persona que cunpla e pague los sobre dichos dos reales de^[34] plata en cada vn ano para sienpre



primero En lo queriendo nos e nros herederos e sucesores Que enton
 lo aguanten e persona que cumpla e pague los sobredhos dos rrs de
 plata en cada un año para siempre jamas. e para ello obligamos los dhs
 de las dhas Universidades de la dha ighia de vos lo fazer sano e de pa
 contra quien los lo pesterbar quisiere vel dho sũtrigo por si y viene del
 dho alonso calado. Dixo que ansilo Rescebia seg que dho es. e obligo
 todos sus vs muebles e Rrazes Abidos e por Mer. quel vel dho a calado
 e todos nuestros. sucesores. heredes de cumplir e pagar los dhos dos rrs
 de censo perpetuo en cada un año. e las cosas en esta escriptura coadas
 e declaradas e las partes positon de pena que la parte que cont es la
 escriptura suete pague a la parte a guardante veinte mill mrs e la pena
 paga o no todavia escriptura que de ensu suete e vigor. en se delo
 qual otorgaron en la carta de foro censo a ntemi notã. et s. es lo: en el
 lugar diamas e ante suso dho es lo. presentes por ts llamados e
 Rogados peron dca e grig ps e sũ dgs eligos e yo el dho notã doi
 fee que conosco a las dhas otorgantes e sũte tronicos bendo
 en la ighia de sandiañ de bayoña notã pũ. por la autoridad app
 notã del cabildo de la dha ighia que a todo los suso dho presen
 te fui en vno con los dho testigos. seg e de la manã que ante mi
 pasolo fir escrevir por mano de otro. en testimio de verdad a qui
 mi signo e nombre que talhes Rogado errequerido fue tronso
 notã e app: //


En la villa de monte rreal e bayo
 na. a veinte e quatro dias del mes
 de octubre de mill e quĩs e sesenta e dos años por delante mi
 el sũo pũ. e testigos de vuso scriptos: parescio presente
 el mui Rro sũtrigo. bendo en la ighia colegial de la dhavilla e
 dixo que hera ansi que la dha ethemia de sueto censo de los
 senores Abad e bndos. de la ighia e colegial de esta dhavilla e

jamás. E para ello obligamos los *vienes*^[35] de las *dichas* aniuersarias de la *dicha* iglesia de bos lo fazer sano e de paz^[36] contra quien bos lo perturbarⁱ quisiere. Y el *dicho* Juan Trigo por sí y en *nombre* del^[37] *dicho* Afonso Calado, dixo que ansí lo resçebía según que *dicho* es, e obligó^[38] todos sus *vienes* muebles e raizes abidos e por aver que el y el *dicho* Afonso Calado^[39] e todos nuestros³ subçesores, herederos, de conplir e pagar los *dichos reales*^[40] de çenso perpetuo en cada vn ano, e las cosas en esta escriptura *contenidas*^[41] e declaradas. E las partes posieron de pena que la parte que contra esta^[42] escriptura fuere, pague a la parte aguardante veinte mill *maravedís* e la pena^[43] paga o no todavía [esta] escriptura quede en su fuerça e vigor. En fe de lo^[44] qual otorgaron esta carta de foro çenso ante mí, *notario*, e *testigos*, estando en el^[45] lugar, día, mes e ano susodichos, estando presentes por *testigos*, llamados e^[46] rogados, Pero Vidal e Grigorio Peres e Juan Domingues, clérigos e yo, el *dicho* *notario*, doi^[47] fee que conosco a los *dichos* otorgantes.

Eu, Francisco Troncoso, *beneficiado*^[48] en la iglesia de sancta María de Bayonaⁱ, *notario público* por la autoridad *apostólica*^[49] *notario* del cabildo de la *dicha* yglesia, que a todo lo suso *dicho* presen^[50]te fui en vno con los *dichos* *testigos*, según e de la manera que ante mí^[51] pasó, lo fiz escribir por mano de otro. En *testimonio* de verdad aquí^[52] mi signo e nonbre que tal hes. Rogado e rrequerido Francisco Tron[co]so,^[53] *notario apostólico*.^[54]

En la villa de Monte Real e Bayo-^[55] na, a veinte e quatro días del mes^[56] de octubre del mill e *quinientos* e sasenta e dos anos, por delante de mí,^[57] el *scribano público* e *testigos* de yuso scriptos, pareció presente^[58] el mui *reverendo* Juan Trigo, *beneficiado* en la iglesia colegial de la *dicha* villa, e^[59] dixo que hera ansí que el avía e thenía de fuero çenso de los^[60] senores abad e *beneficiados* de la iglesia colegial desta *dicha* villa^[61] [folio 2] el medio casal e lugar que se dize de Lourentin, sito en el coto de Camos^[62] por virtudⁱ de vna escriptura de fuero, que pareçe paso⁴, que se otrogó por^[63] delante Francisco Tron[co]so, *notario*, que su thenorⁱ del *dicho* título de fuero va por^[64] cabeça desta escriptura, su traslado del; por virtud del qual, dixo^[65] que por sí e sus herederos e subçesores que depués del benieren e subçe^[66] dieren, por la vía, modo, forma e manera que de *derecho* mejor aya lugar^[67] se apartaba, amobía e desapoderaba de la tenencia, posesión, voz, aucción^[68] señorío y buena razón que por virtud del *dicho* fuero avía e thenía y^[69] ha e tiene al *dicho* lugar de Lourentin con todo lo a el anexo y pertenescien^[70]te y a todos los *vienes contenidos* en el *dicho* fuero çenso, por quanto el dize e^[71] confiesa que no le puede labrar, granjear ni reparar ni conplir las con^[72] diciones del *dicho* fuero y todo ello lo çede rrenuncia y traspasa en Ge^[73]rónimo Gómez, *vezino* del coto de Barrantes, que está presente e aceptante y^[74] en Olaria Desca, su muger, que está ausente, para ellos e para sus herederos^[75] y subçesores que después dellos venieren y subçedieren y here^[76] daren sus *vienes* por todo el plazo y término *contenido* en el *dicho* fuero^[77] para que ellos, guardando e cumpliendo las condiciones del *dicho* fuero^[78] lo puedan entrar, entren e tomen e poseem e lo labren, gozem e des^[79]fruten como de cosa suya propia. E mientras que no tomare la posesión^[80] dello e dende agora se⁵ constituyo por su inquilino e plecario pose^[81] dor en su *nombre*. E guardando ellos e sus herederos las condiciones del *dicho*^[82] fuero que se obligaba e obligó con su persona e *vienes* espirituales e tenpora^[83]les, avidos e por aver, de que

El medio Casal el lugar que se dice delourentin sito En el coto de camos
 por virtud de una escriptura de suero que paresce paso e se otorgo por
 delante fe et nono notas que su thenor del dho titulo de suero vapor
 cabeza de la escriptura. sutres la o del. por virtud del qual dho.
 que porsi es herederos esubcesores que despues del bemeren esubce
 dicen por la via modo forma e manera que dedi. mejor ayalugar
 se apartaba. amobia e desapoderaba. de la tenena. posesion. y rraucio.
 senorio y buena Razon que por virtud del dho suero aya ethema y
 ha el dho lugar delourentin con todo lo anexo y pertenes de
 le y a todos los vienes con dos En el dho suero censo por quanto el dho e
 confiesa que no le puede labrar granjear ni reparar ni conplir las con
 diciones del dho suero y todo ello lo cede. y renuna. y tras pasa en go
 rramo gomez y del coto de barrantes que se presente en ceptante y
 en olaria de sea sumuger que se la ausente p. ellos e para sus heres
 y subcesores que despues dellos venieren y subcedieren y here
 daren sus vs. por todo el plazo y termino con do en el dho suero
 para que ellos guardando e cumpliendo las condiciones del dho suero
 lo puedan entrar entren e tomen e posean y lo labren goz y e des
 fruten como de cosa suya propia e mientras que no tomare la posesio
 dello. e de ende agora se condituyo por su inquilino e plecario pose
 dor en su m. e guardando ellos esus heres las condiciones del dho
 suero que se obligaba e obligo consu. na. evs. espirituales e tenpo
 rales a todos e por aver de que durante las vozes del dho suero que
 la parte equinon que en el dho casal el lugar evs. tiene por virtud
 del dho suero durante las vozes e termino del. a ellos y a sus heres les
 sera cierto sana seguro e de paz e que no les sera quitado ni pertur
 bado por ning. p. e que no lo pedira ni de mandara de ellos ni
 sus heres ni ning. persona. que en su m. lo tenga y el dho gomez
 gomez porsi es sumuger y heres. ansy Res cebio e acepto e se dho
 tras paso e a cogimi y lo En el con do e protesto usar del. e se obligo
 consu. na. evs. a todos e por aver. de que guardara e conplira

Las condiciones del dho fuero enoira ni verna Contra ellas malg.
 Dellas y entre ambas las dhas partes cada vno por lo que qda o
 bligado diron e otorgaron todo supoder Conplido vns e los jue
 zes e justas desuma q. e desus Reinos e senorios cada vna ala justa.
 desu fuero e juron. Renun. supropio fuero Juron. e domicilio e la
 lei sit conbeneit de Jurisdicione. por todo rigor e rrem. del dho
 ansise lo hagam guardar conplir pagar e mantener vien e atam
 conplida mente como si fuese snj. de fena. dada por juez conpers.
 Asupedimi e consentimi y pasada en cosa juzgada e por ellos e ca
 davo dellos consentida. eno apelada Renun. como e renunciado
 las leis del engano que confesaron nolo aver entre ellos malg.
 dellos y todas las mas leis fueros dñs. Albalas e prebilegios. he
 chos e por hazer e scriptos y no e scriptos municipales y hordenan
 nancas rñs. todas leis desu favor e ayuda. en general y en espel
 la lei e dre que dize que general. Renunen de leis que hombre haga
 nobala y lo firmaron desus nombres. que fue fecho e otorgado en
 la dha villa el dho dia mes e ano suso dho tes. presentes pello
 llamados y rogados gomez de canba. juhor donez. e tomas da
 serras de la dha villa e otros e yo rñmo. dai fe conojo a los otor
 gantes y son los mis. Juan tiquio / e magoms. pasado ante mi
 se de casa / Do Alejo fernan asa de
 si habedra lomano y nota pñ Desumag
 y del numº de la dha villa de monte rreal e ba
 yona. Al otorgami de los dhas pñs e ayo mi
 presente fue con las partes. Aº e el tº e el dho
 de los fuero e lom. hize sacar de otro tanto
 que en mi poder qda e prende p angua a qui
 mi ni e digno. Alal
 Intesti m.  a uerdad
 Hernan asa

durante las voces del dicho fuero, que^[84] la parte e quinón que en el dicho casal e *vienes* tiene por virtud^[85] del dicho fuero, durante las voces e término del, a ellos y sus herederos les^[86] será çierto, sano, seguro e de paz e que no le será quitado ni pertur^[87] bado por ninguna persona e que no lo pedirá ni demandará a ellos ni a^[88] sus herederos ni a ninguna persona que en su nombre lo tenga. Y el dicho Gerónimo^[89] Gómez por sí e su muger y herederos así resçibió e azeptó este dicho^[90] traspaso e acogimiento y lo en él contenido, e protestó vsar del e se obligó^[91] con su persona e *vienes*, avidos e por aver, de que guardará e conplirá^[92] [folio 3] las condiçiones del dicho fuero e no irá ni verná contra ellas ni alguna^[93] dellas. Y entre anbas las dichas partes, cada vno por lo que queda o^[94] bligado, dieron e otorgaron todo su poder cunplido vastante a los jue^[95] zes e justicias de su Magestad e de sus reinos e sonoríos, cada vna a la justicia^[96] de su fuero e jurisdicción, renunciando su propio fuero, jurisdicción e domiçilio e la^[97] lei sit conbenerit de jurisdicione, por todo rrigor e remedio del derecho^[98]; así se lo hagan guardar, conplir, pagar e mantener vien e atam^[99] conplidamente como si fuese sentencia defenitiva dada por juez competente.^[100] A su pedimiento e consentimiento y pasada en cosa juzgada e por ellos, e ca-^[101] da vno dellos, consentida e no apelada, renunçiendo como rrenunçiaron^[102] las leis del engano, que confesaron no lo aber entre ellos ni alguno^[103] dellos, y todas las más leis, fueros, derechos, albalas e prebilegios he^[104] chos e por hazer, escriptos e no escriptos, municipales e hordenan^[105] (nan)ças⁶ rreales, todas leis de su fabor e ayuda en general y en especial^[106] la lei e derecho que dize que general renunciación de leis que hombre haga^[107] no bala. Y los firmaron de sus nombres que fue hecho y otorgado en^[108] la dicha villa, el dicho día, mes e ano susodichos. Testigos presentes para ello^[109] llamados y rrogados: Gómez de Canba e Juan Hordóñez e Tomás da^[110] Serra, vecinos de la dicha villa e otros. E yo, escriuano, doi fe, conozco a los otor^[111] gantes y son los mismos: Juan Triguero, Gerónimo Gómez. Pasó ante mí,^[112] Hernando Casa.

Yo, el dicho Fernando Casa de^[113] Sahabedra, escriuano y notario público de su Magestad^[114] y del número de la dicha villa de Monterreal y Ba^[115] yona al otorgamiento del dicho traspaso e acogimiento^[116] presente fuy con las partes y testigos e el traslado^[117] del dicho fuero e lo mismo hize sacar de otro tanto^[118] que en mi poder queda; e por ende pongo aquí^[119] mi nombre e signo atal^[120] en testimonio de uerdad.^[121] Hernando Casa.^[122]

NOTAS

- 1 Boullón Agrelo, Ana Isabel: *Antroponimia medieval galega (ssVIII-XII)* Tübingen 1999, pax. 281.
- 2 Emilio Sáez - Carlos Sáez: *Colección diplomática del Monasterio de Celanova (842-1230) tomo I 842-942*. Universidad de Alcalá de Henares, 1996 pax.84.
- 3 O contexto esixe o posesivo *sus*.
- 4 *Paso* ten a acepción de 'cláusula ou fragmento dun escrito'.
- 5 O contexto esixe a forma «me»
- 6 Repítese a sílaba *nan* na fin da liña e no comezo da seguinte.

O porto de Baiona e a comunidade criptoxudía nos séculos XVI e XVII

Suso Vila

RESUMO

A presenza de xudaizantes ou conversos en Baiona definiría a vida social e económica do histórico porto durante moitas décadas. A vila do Miñor sería tanto un porto de carácter comercial como tamén social o se converter no punto de fuxida da Inquisición de moitas familias conversas galegas e portuguesas, a ponte que permitiría ás antigas familias xudías acadar a devecida liberdade relixiosa noutras áreas de Europa.

ABSTRACT

The presence of converted Christians in Baiona is thought to have defined the social and economic life of the village along many decades in the past. Baiona would have been not only a commercial port but also a safe spot for escaping the Inquisition. For many converted families, both Spanish and Portuguese, the Royal Village would represent a bridge leading to religious freedom in other European areas.



Baiona e o seu porto tivo unha vida intensa desde a súa fundación por Alfonso VIII no ano 1201. A súa destrución polo almirante xenovés Pessanha ao servizo de Portugal; a súa conquista polo rei João I de Avis en 1398; ou a chegada da nao La Pinta ao seu porto en 1493 reflicten que estamos nun escenario histórico moi importante en Galicia.

O porto de Baiona ficou vencellado comercialmente desde a súas orixes ao reino portugués pola súa proximidade pero tamén polos antigos lazos relixiosos e económicos da rexión da diocese de Tui o que lle daría unha clara vantaxe con respecto ao outro gran porto de reguengo en Galicia, A Coruña.

Estes importantes vencellos con Portugal son os que explican a presenza de familias xudeo-conversas na vila do mesmo xeito que un comercio internacional que facía de Baiona o maior porto comercial de Galicia ao longo do século XVI e comezos do XVII. Esta importancia xa a sinala no seu traballo¹ Saavedra Vázquez onde evidencia a presenza de barcos ingleses, franceses e sobre todo portugueses nos seus peiraos nunha porcentaxe maior que no resto de portos galegos. O tráfico de viño, sal, pescado e madeira serían os principais produtos de exportación mentres que os panos ingleses, os coiros irlandeses, o trigo e outros artigos manufacturados chegaban ao seu porto para abastecer a rexión. Baiona ficaría nunha ubicación intermedia entre o tráfico mercantil portugués e o do norte de Europa sendo un elo máis da cadea comercial das familias cristiáns-novas portuguesas, operantes no eixo Lisboa-Amberes.

O atractivo comercial de Baiona unido a súa proximidade a Portugal axudaba á chegada e ao asentamento dunha potente comunidade cristián-nova desde a segunda metade do século XVI.

Neste senso separaría o papel comercial de Baiona cos conversos e a faceta relixiosa de esta comunidade coa represión contra a herexía organizada desde o Santo Oficio*.

A conflitividade relixiosa en Baiona non so ficaba coas familias xudaizantes, a presenza de mercadores e mariñeiros británicos e do norte de Europa provocaría a acción constante da Inquisición, coñecedora dos portos como lugares de contacto e entrada da disidencia relixiosa. O Santo Oficio, con comisarios e familiares, interviñan perante calquera sospeita de herexía protestante. Os excesos da Inquisición chegaban a prexudicar o comercio da vila na mesma situación que noutros portos. A prisión de mercadores e a confiscación de mercadorías sería tan negativa que levaría a intervir ao correxidor de Baiona expresando con estas palabras os problemas que sacudían o porto baionés: “... y esto es desacreditar el buen tratamiento y acabar con la hacienda del Rey. Escribiome el Inquisidor de Santiago una carta con apercibimiento por pendencia con el comisario de Bayona. A Vra. Alteza suplico mande se les sujete porque toda la contratacion desta villa lo ha tomado como injuria y Vra. Alteza sabe muy bien que Galicia no puede vivir sin ingleses que traen todo lo que ha menester este reino...”².

Desde comezos do século XVI a presenza de familias cristiáns-novas vai ser cada vez máis intensa. Entre o bautismo forzado dos xudeus en Portugal en 1497 e o papel xogado pola Inquisición portuguesa a partires da súa creación en 1536, levaría a moitas familias a fuxir do veciño reino perante o temor de ser procesadas. A fuxida podía facerse en secreto para eludir a prohibición de saír do reino ou ben aproveitar as diferentes perdoanzas que ao longo do século XVI e comezos do século XVII se fixeron desde o poder real ás comunidades sefardís.

A presenza en Baiona de cristiáns-novos seica se pode establecer desde a segunda metade do século XVI. O testemuño do escribán en Parada, Alfonso de Gándara Sanjurjo en 1601 relatando como na súa infancia (cara 1580) facían mofas e burlas das familias de orixe xudía como os Coronel *“este testigo siendo muchacho con otros muchachos en compañía las semanas santa enesta villa de Bayona se yba a las puertas de los tales y con martillos de palo y de hierro daban muchos porraços en las puertas diziendo judeus fora do lugar senon mandarbos an queimar y ellos salian tras dellos y se yban como muchachos entre los quales dize el testigo entran y entran los Coroneles ansi de Tuy como de Bayona”*³. Este tipo de expresións lembran o que acontecía na Baixa Idade Media entre as poboacións cristiáns e xudías nas cidades onde as pullas en tempos de celebración relixiosa eran habituais.



En Galicia o papel da Inquisición era residual non sendo até 1574 que se estableza definitivamente en Santiago e opere con forza no territorio. Isto facilitaría a chegada de moitas familias entre 1550 e 1570 a Tui, Salvaterra, Baiona ou Vigo. Apelidos como os Coronel, Méndez, Enríquez, Paz, Acosta, Pereira, Saravia, Núñez, Ocampo, Álvarez, Rodríguez, Azevedo ou Sierra ficarían vencellados a importantes familias e non só entre si xerando unha rede social e comercial propia que se establecería con lazos familiares e relixiosos ao outro lado da raia. Tamén comezarían a ser importantes os lazos que se formarían a nivel internacional tanto no Mediterráneo Oriental coma no norte de Europa froito da diáspora e asentamento de familiares en diversas cidades nas que se mantiña o xudaísmo como Salónica, Corfú, Venecia, Bayona, Burdeos, Amberes ou Amsterdam.

Os oficios que practicarían estas familias non só xirarían en torno ao comercio (mercadores e farrapeiros) tamén viría a ser importante o traballo arredor das leis, como os avogados e os escribáns, un espazo laboral ocupado polos xudeu-conversos dunha forma intensa quizais pola súa relación a unha formación na lectura desde a infancia (a tradición dos textos sagrados como a Torá e o Talmud coa súa lectura e estudo). Outro oficio representativo en Baiona sería o dos prateiros ligado á tradición relixiosa xudía pero tamén a préstamos, fianzas e outros produtos económicos e incluso ao comercio nun sentido amplo. Sebastián Rodríguez, Antonio Méndez, Joam de Sosa, Juan Rodríguez ou Pedro Rodríguez, veciños de Baiona, deixarían os seus traballos en toda a comarca desde a colexiata de Baiona á Catedral de Tui.

A maioría dos oficios que van ocupar os xudeu-conversos representan as necesidades de mobilidade no territorio, de aí a predilección por residencias en portos marítimos como Baiona ou na mesma fronteira, de cara a saír con facilidade do reino perante calquera dificultade ou ameaza que se presentase.

Entre os mercadores salienta Duarte Coronel⁴, veciño de Baiona pero con casas en Tui e Salvaterra. A súa riqueza era notable na época non só polo dominio da área comercial senón tamén polo seu papel de recadador de rendas reais. Outros mercadores importantes e que presentan lazos familiares ou de negocio con Duarte Coronel serían Enrique Gómez, Enrique Méndez ou Gregorio de Acosta, tamén veciños en Baiona. O seu poder económico tamén se traducía na relevancia social, como no caso de Jerónimo Coronel rexedor de Baiona a comezos do século XVII. A carreira eclesiástica tamén sería una vía de ascenso social. Ademais dos cóngos de Tui Francisco Coronel, Tomé de León Coronel ou Francisco Lorenzana Ocampo entre 1601 e 1616, contamos co abade de Parada, Antonio Coronel ou ao presbítero de Tui Juan Coronel. A familia xudeu-conversa dos Coronel fundaría unha obra pía en Baiona unha forma máis de conservar o poder, deste xeito fóra da confiscación de bens por parte da Inquisición.

A familia Coronel é o mellor exemplo do poder dunha familia cripto-xudía na antiga diocese de Tui. A rede familiar desde Salvaterra, Tui, Baiona, Redondela, Vigo ou Pontevedra saía das fronteiras peninsulares cara os lugares de presenza xudía en Europa, cidades que acolleran a boa parte dos Coronel no exilio e que o seguirían facendo até fins do século XVII. A presenza dos Coronel dentro do poder do cabido tudense provocaría a reacción dos cristián-vellos e a aprobación dos Estatutos de Limpeza de Sangue, os primeiros en Galicia no ano 1601. Con isto os Coronel ficarían sinalados e ameazados polo Santo Oficio pasando a unha maior discreción na segunda metade do século XVII e incluso facendo desaparecer o apelido Coronel para destacar o de Ocampo, radicados xa no Val Miñor.

Duarte Coronel é un exemplo de mobilidade, xa que a súa orixe estaba en Salvaterra no segundo cuarto do século XVI, pasaría a Tui na segunda metade do século xa que chegaría a ser rexedor da cidade en 1572 para posteriormente asentarse en Baiona e ser o arrendador das rentas reais poucos anos despois. Este papel de arrendador en Baiona levaríalle a defender os seus intereses económicos (ademais do tesouro real) contra a venta de produtos na vila sen o pago do imposto correspondente. Sería o caso da nao inglesa de Robert Cru que descarga trigo en Baiona en 1580 pero a súa venta posterior nas lonxas contraviría a regulación tributaria. A reclamación xudicial de Duarte Coronel revelaría a presenza en Baiona dun personaxe como Bartolomé Cruel, “home preto”⁵, ou de William Allen (que vive na casa de Rafael Cotón) como mozo encargado da venta do trigo na lonxa de Gregorio Fernández⁶.

As casas de Duarte Coronel en Baiona quizais fosen aquelas mesmas herdadas polos Ocampoe vendidas no século XVIII⁷. Estaban ubicadas xunto do convento da Anunciación, na rúa do Peirao, consistente en vivenda e alfóli, o que expresaba o seu carácter comercial. As relacións comerciais de Duarte Coronel tamén eran relacións familiares como os mercadores Enrique Gómez, Marcial Thomás o Pablos Núñez. O primeiro matrimonio de Duarte Coronel sería con Violante Méndez da que habería un fillo o Doutor Coronel (Francisco). O segundo matrimonio sería cunha filla de



Enrique Gómez, Antonia Enríquez, a súa irmá Ana Gómez casaría co fillo de Duarte Coronel, o Doutor Coronel, realizándose o dobre enlace na cidade de Porto. Como se pode apreciar os diferentes enlaces matrimoniais ligarían economicamente as familias pero tamén permitían reforzar á comunidade cripto-xudía. Duarte Coronel morrería cara 1598 mentres que o seu fillo tería fuxido desde Madrid arredor do ano 1595 ao mesmo tempo que o facía unha boa parte da súa familia desde Baiona. O Doutor Coronel chegaría coa súa muller a Salónica, cidade que xa contaba con parentes dos Coronel asentados un tempo atrás.

A segunda muller de Duarte Coronel, Antonia Enríquez, ficaría como veciña de Tui cun dos seus fillos, Andrés Duarte Coronel, até que a ameaza da Inquisición os obrigue á fuxida antes de 1619, ano da súa condena polo Santo Oficio de Santiago, precisamente os dous sambenitos da Catedral de Tui con rostros entre lapas, condenados en ausencia a arder no auto de fe público en estatua ou efixie.

Os vencillos familiares non remataban aquí entre os mercadores baioneses, Pablos Núñez (o Palos Núñez) casado con Gracia Pereira, eran os pais de Antonia Saravia, casada co sobriño de Duarte Coronel, Tomé Coronel, recadador das rendas do bispado de Tui entre outros negocios que acumulaba a comezos do século XVII.

A área comercial de Enrique Gómez, Marcial Thomas (o seu xenro) e Pablos Núñez, con negocios en Baiona a finais do século XVI, era as localidades francesas de Bayona, Burdeos o La Rochela, lugares nos que non só atopaban negocios senón e tamén parentes e comunidades xudías activas e fortes. Estas cidades contaban cunha ampla tolerancia relixiosa neses momentos, sobre todo Burdeos, cando o monarca francés Enrique II tiña autorizado a presenza xudía a partires de 1550 coa súa carta magna para os sefardís.

A viaxe a estas prazas comerciais espertaban as sospeitas sobre a ortodoxia relixiosa dos membros da comunidade cristián-nova xa que logo as mesmas viaxes eran empregadas como probas contra a familia Coronel tal e como se testemuña no expediente dos Estatutos de Limpeza de Sangue da Catedral de Tui⁸ no ano 1601.

O mercador de panos Gregorio de Acosta nacido en Tui, pero veciño de Baiona, mantiña os seus negocios con comerciantes ingleses. Coñecemos os seus tratos comerciais grazas ao preito fiscal que se abre polas reclamacións de débedas ao tribunal da Inquisición de Santiago pola confiscación de bens trala reconciliación no ano 1617 ademais do sambenito e a condena a dous anos de galeras⁹. Un dos acredores

era o toneleiro baionés Rodrigo de Landín, quen reclamaría varios toneis e outros traballos realizados para o mercador. O caso de Catalina Coronel viúva do avogado Thomás Rodríguez de Lorenzana, veciños de Tui, supón unha evidencia mais das relacións entre a comunidade cristián-nova do sur de Galicia. Catalina Coronel tiña prestado en 1608 a Gregorio de Acosta 300 ducados. A reclamación dese diñeiro facíase desde os fillos de Thomás Rodríguez toda vez que Catalina Coronel tamén tiña sido penitenciada polo Santo Oficio e confiscados o seus bens en 1617.



Outro acreedor era o inglés Duarte Claro, de Ipswich. A débeda era de 3760 reais por panos e outros xéneros que tiña adiantado. A Inquisición sospeitaba da veracidade destas débedas, de aí os preitos, toda vez que eran familiares e amigos os que reclamaban como acredores o que constituía un sistema para permitir ocultar os bens do penitenciado e evitar a confiscación da fortuna familiar. En grande medida a financiación da maquinaria legal da Inquisición producíase a través da requisa do diñeiro e propiedades dos penitenciados. Perante a ocultación de bens ou os complexos preitos que se producían despois, a Inquisición de Santiago chegou a aceptar acordos económicos con boa parte das familias cripto-xudías como sería o caso de Antonia Saravia¹⁰ en 1619 acordando o pago de 55.000 reais para evitar o cárcere e a confiscación completa aínda que ficaba co hábito de penitenciada ou sambenito.

Os intereses comerciais das principais familias conversas diversificábase como vemos en Francia, Inglaterra ou Flandes. Desta última hai que indicar os diferentes testemuños de flamencos sinalando a chegada das familias cripto-xudías que tiñan fuxido de Baiona cara os portos dos Países Baixos (Amberes e Amsterdam) tal e como se rexistra no expediente dos Estatutos de Limpeza de Sangue.

Malia a isto o principal factor da importancia de Baiona como porto internacional partía de Portugal, lugar de procedencia da maioría destas familias xudeu-conversas. Os contactos comerciais e familiares aínda estaban intactos, portos como os de Caminha, Viana e Porto eran as principais referencias do comercio baionés e que lle permitía unhas relacións comerciais co outro lado do Atlántico. Os produtos coloniais americanos e asiáticos chegaban a Baiona por esta vía polo que dinamizaba o comercio da rexión nos séculos XVI e XVII.

A participación económica das familias cristiáns-novas en Baiona sería fundamental para entender o incremento demográfico da rexión tudense. Coa súa importancia económica viría a súa relevancia social, o ascenso nas xerarquías eclesiásticas e civís, competindo coa fidalguía urbana que vería ameazado o seu status. A resposta sería a represión social a través do tribunal da Inquisición e a perpetuación da infamia cos sambenitos pendurados nas igrexas como lembranza permanente do erro dos xudaizantes.



A conservación de ritos, prácticas e costumes de orixe xudaica entre moitas destas familias provocaría a intervención da Inquisición impondo penas de cárcere, confiscación de bens e sobre todo o hábito penitencial, o sambenito, logo colgado na parroquia de residencia do reo para perpetuar a infamia o que non só condenaba ao individuo senón tamén a toda súa familia.

Tui conservou os únicos sambenitos de Europa, entre os penitenciados comprobamos varios naturais de Baiona, un feito que amosa a gran mobilidade xeográfica destas familias no territorio e como as visitas dos inquisidores coa promulgación dos edictos de fe se recollían as de testificacions contra veciñas e veciños ou contra si mesmos para evitar procesos longos e perigosos para as súas facendas e saúde. Os procesos levaban a intensas pescudas por parte de fiscais e Inquisidores para recoller toda a información precisa e tamén o maior número de implicados nas prácticas heréticas de aí que a comunidade sefardí sufrise a represión con maior dureza xa que caían nas confesións os nomes de familiares, amigos e xente próxima. A rede familiar sufría as consecuencias dos procesos inquisitoriais; por iso mesmo perante o comezo destas causas moitos familiares fuxían para evitar os perigos e castigos do Santo Oficio. Un exemplo o podemos comprobar nas fillas do paneiro Enrique Méndez, algunhas figurando no sambenito como natural de Baiona: Isabel Méndez de Rivadeneira, Margarita Baz Méndez, María de las Nieves, María Álvares de León, Beatris Álvares, Blanca Méndez Enriquez e Catalina Álvares, todas elas inculcando ás súas irmás e o resto do núcleo familiar as levarían á reconciliación e á penitencia coa confiscación de bens e o sambenito, tal e como se conservan en Tui.

A visita dos inquisidores Juan Muñoz e Juan Ochoa en 1609 ao bispado de Tui sería unha das que máis repercusión tería afectando aos núcleos de Tui, Ribadavia, Salvaterra, Baiona, Vigo ou Pontevedra. Aínda que as acusacións e testemuñas xa estiveran presentes na maioría dos casos nesa visita de 1609, o proceso se alongaría nos anos na procura de máis información que permitise a prisión da maioría dos encausados.

Este sería o caso de Gregorio de Acosta, mercador veciño de Baiona enviado aos cárceres secretos do Santo Oficio de Santiago o 15 de xaneiro de 1616 aínda que o seu proceso xa se tivera aberto en 1609. A principal testemuña contra o mercador sinalaba como na súa estadía en Tui ficaba nunha casa onde se practicaban os xaxúns e cerimoniais propias da lei de Moisés. A testemuña pertencía á comunidade cristián-nova e é probable que a estivesen instruindo nos ritos hebreos cando coñeceu a Gregorio de Acosta. A ensinanza do xudaísmo, o daquel xudaísmo que aínda sobrevivía na comunidade cripto-xudía, comezaba na puberdade para evitar a indiscreción da infancia. A testemuña aseguraba que cando se vía co mercador baionés falaban dos xaxúns e das mofas que facía Gregorio da Virxe María.



Co tormento Gregorio de Acosta confesaría os ritos e cerimonia que practicaba. O Santo Oficio procuraba tirar a máxima información posible nos tormentos principalmente no que se refire a cómplices nas cerimonia. Deste xeito a confesión do mercador tamén implicaría a súa muller Brisenda de Acosta tamén na prisión inquisitorial. Brisenda tiña soportado todos os suplicios e evitado delatar a ningún membro da familia, pero será a debilidade do seu esposo o que provoque o castigo final. A pena imposta a Gregorio de Acosta non só ficaría no hábito (sambenito) e confiscación de bens, tamén se lle tería imposto a pena de tres anos de galeras.

Os cárceres secretos non deixaban de ser celas individuais para incomunicar aos reos, desta forma obtíñanse máis confesións ao non coñecer os procesados o que os demais podían soportar do tormento ou simplemente coñecer que probas se tiñan contra o preso.

O caso da resistencia de Brisenda de Acosta ao tormento é moi ilustrativo dos métodos inquisitoriais e das normas que rexían a súa aplicación. Se lle tiña dado sete voltas ás “mancuerdas”, dous ao garrote dos polgares dos pes, e dous no poldro a cada unha das canelas das pernas e brazos e dous cuartillos de auga sobre a boca. Superaría estes tormentos sen confesar cousa ningunha pero que a testificación do seu home que non puido soportar dúas voltas de “mancuerda” provocaría a súa condena.

Estes son casos de aqueles atrapados polos seus negocios ou confiados na súa impunidade (expresións públicas contra a igrexa, a Virxe ou os dogmas católicos semellan expresar un alto grao de imprudencia) as delacións e unha clara situación de crise (a peste de 1599 e a crise económica) provocarían a tensión social e desconfianza cara ao diferente, ao que se sospeita de traizoar a fe relixiosa da comunidade. Moitas familias temerosas das denuncias (aínda que non practicasen o xudaísmo en secreto) encamiñarían as súas vidas cara a outros lugares de Europa como Burdeos, Amsterdam, Londres, Venecia, Salónica ou Estambul e por suposto América cunha forte presenza no Brasil.

En 1570 o médico Antonio Sánchez tiña fuxido a Burdeos ante as investigacións abertas no tribunal de Valladolid ao entorno do boticario tudense Francisco Luis. Con el tamén marcharía o seu fillo o filósofo e médico Francisco Sánchez.

A fuxida mais importante que coñecemos (houbo outras nos séculos XVI e XVII) faríase desde Baiona. Beatriz Álvarez, viúva do prateiro Sebastián Rodríguez, lideraría un numeroso grupo familiar en 1595 rumbo aos Países Baixos. Con ela viaxaría o seu pai, Rodrigo Álvarez escribán en Salvaterra, xunto coa maioría dos seus fillos: Duarte, Bastián, Beatriz, Rodrigo, Cristóbal e Isabel. Tamén estaría nesta viaxe ó médico de Tui Antonio Gómez, probablemente a médica de Vigo Leonor Pereira



e outras familias que se incorporarían desde Portugal. Primos de Beatriz Álvarez, o Doutor Coronel e a súa muller Ana Gómez, filla do mercador Enrique Gómez, marcharían de Madrid a Lisboa para dirixirse ao mesmo destino.

En todo o ano de 1595 Beatriz Álvarez tiñase dedicado a vender as propiedades que posuía, sobre todo a súa casa de Parada, do mesmo xeito que outros tentaban monetizar os seus bens raíces antes de fuxir.

No outono de 1595 chegaría unha carraca flamenca a Baiona. Durante un tempo estaría cargando as súas adegas de laranxas e limóns até que nun punto próximo a Monteferro embarcarían as familias xudeu-conversas que agardaban na casa de Beatriz Álvarez para poñer rumbo a Flandes.

Os Estatutos de Limpeza de Sangue da Catedral de Tui de 1601 incorporarían unha serie de testemuñas para reforzar a necesidade de aprobación dos Estatutos pensados para relegar da xerarquía eclesiástica aos que tiñan orixes xudías. O que procuraba o cabido tudense era evitar a consolidación de cóngos cristiáns-novos perante a alarma ocasionada polo nomeamento en Roma de Francisco Coronel como cóengo de Tui. Ligar a fuxida de familias xudeu-conversas do bispado de Tui ou a penitenciados polo Santo Oficio co novo cóengo e a súa familia, os Coronel, sería a base das informacións que quería recoller o cabido tudense como proba para impedir o acceso a cargos de poder como os da catedral. Beatriz Álvarez era prima de Francisco Coronel o que sumaba unha evidencia mais contra os Coronel.

Esta relación de parentesco entre Beatriz e o cóengo Coronel fixo que o expediente dos Estatutos de Limpeza de Sangue da Catedral de Tui en 1601 aportasen boa información sobre a fuxida da familia de Beatriz e como retornaban ao xudaísmo nos diferentes lugares que tocaban ratificando a desconfianza que se tiña sobre eles (un dos “temores” do cabido de Tui era que os novos cóngos roubasen as reliquias da catedral e a levasen a cidades afastadas). As testemuñas relataban a fuxida de Beatriz Álvarez e contaban as diferentes versións do destino destas familias en localidades con forte presenza xudía: desde Flandes a Italia (Florenza, Pisa, Roma) e Grecia (Corfú, Salónica,...). As imprecisións das testemuñas sobre os lugares exactos sería normal ao lembrar os feitos pero no deixa de sorprenden que as testemuñas procedesen directa ou indirectamente de Flandes ou Italia para lembrar á familia de Beatriz en esas zonas (mercadores, soldados, eclesiásticos). Un dos relatos menciona incluso o recibimento a Rodrigo Álvarez nas comunidades xudías europeas como un rabino (sendo vestido con vestimentas especiais). Este tipo de recibimento, do mesmo xeito que outros personaxes xudeu-conversos da diocese tudense, supón o perfecto coñecemento



entre as familias sefardís europeas indicando que se mantiña o contacto entre as comunidades na diáspora.

A testemuña dun fillo de Beatriz Álvarez, Baltasar Saravia ou de Araujo, en 1625, ratificaría a historia da fuxida e o seu percorrido que para Baltasar sería moito mais amplo¹¹. Baltasar era un neno de dez anos cando en 1595 embarca coa súa familia en Baiona. A súa viaxe levaríaos primeiro a Flandes non sendo aceptados nos portos holandeses (sería a partires de 1598 que en Amsterdam se forme a comunidade sefardí). O seguinte lugar sería Venecia, fogar dunha potente comunidade xudía con diferentes orixes. Vai ser no “guetto” de Venecia onde Baltasar e os seus irmáns serían circuncidados e onde aprenderían as oracións e cerimonias hebreas (os seus coñecementos como cripto-xudíos eran parciais e corrompidos por anos de ausencia de estudo e lectura, a tradición oral sería a forma de transmitir durante case cen anos ritos e costumes do xudaísmo). Un rabí mulato (tal e como relata) sería o encargado de instruílos e da circuncisión dando un novo nome a Baltasar, Abraham Seneor, deste xeito reafirmábanse nas orixes da familia. Ao longo de catro meses aprenderían as oracións na sinagoga portuguesa a traveso de libriños e cadernos especialmente adaptados para os xudeu-conversos sefardís. A pesares da liberdade relixiosa de Venecia non era esta cidade comercial o destino da viaxe de Beatriz Álvarez, Salónica se revelaría como verdadeiro lugar de acollida da familia baionesa. O mais probable é que neste importante núcleo sefardí no Imperio Otomano xa estivesen familiares e amigos dos Álvarez e Coronel. Nesta cidade, Baltasar volvería á sinagoga para aprender o hebreo.

O relato de Baltasar non ficaría aquí, a súa viaxe prolongase acompañando ao seu irmán Bastián Rodríguez, quen seguía o oficio e negocios do seu pai, o prateiro Sebastián Rodríguez. Logo de acudir a dous importantes mercados da rexión, chegaría ao porto comercial de Alexandría onde compraría alxofres grosos (perlas

irregulares) nunha cantidade de 3000 ducados. A morte repentina do seu irmán en Exipto deixa só a Baltasar. A súa reflexión sobre ver mundo e a nova da morte do seu cuñado Juan Rodríguez, prateiro en Baiona e home de Felipa Cardosa, tomaría a decisión de volver a Galicia. Viaxaría así de novo a Venecia para atravesar Italia, chegando á Península Ibérica por Donostia e segundo o seu relato percorría Castilla relacionándose con numerosos xudeu-conversos que seguían a lei de Moisés en secreto. Cando chegou a Baiona (arredor do ano 1603) comprobaría que a morte do seu cuñado non era certa e que incluso non era ben recibido pola súa irmá Felipa. O motivo non era outro que as sospeitas da Inquisición contra a familia e a presenza dun membro da familia fuxida no pasado podería provocar a actuación do Santo Oficio e o procesamento da familia que aínda vivía en Baiona. Deste xeito Baltasar decepcionado volvería xunto da súa nai e irmáns que xa non estaban en Salónica senón en Estambul. Na cidade tería boa acollida por parte da súa familia, en contraste co acontecido en Baiona. Beatriz Álvarez se establecera na capital otomana fundando unha botica e desexaba que a levase o seu fillo Baltasar.

Para Baltasar ficar moito tempo no mesmo lugar non era o seu mellor plan. Influenciado por un cativo cristián, que frecuentaba a botica, pensaba tanto na conversión ao cristianismo como no abandono de Estambul. O seguinte paso de Baltasar sería dirixirse a América, probablemente vía Sevilla e chegar a Cartagena de Indias. En Santa Fe de Antioquía residiría como mercador até que o Santo Oficio da Inquisición en Cartagena o procese xunto con outros xudeu-conversos na rexión. A súa boa colaboración en 1625, relatando e denunciando a varios cripto-xudeus da zona permitiríalle unha condena suave. É probable que Baltasar volveuse a Galicia xa que o recoñecemos en 1656 como membro do concello de Tui.

A irmá de Baltasar, Felipa Cardosa, xa viúva de Juan Rodríguez, sería encerrada e penitenciada polo Santo Oficio en 1619. Os seus bens confiscados serían preiteados por Juan de la Sierra, fillo do primeiro matrimonio de Juan Rodríguez y María de la Sierra (os seus pais eran Brisenda de Acosta e Juan de la Sierra) ao corresponder á herdanza do seu pai e non os bens propios de Felipa.

A irmá de Juan de la Sierra era Brisenda de Acosta¹², a mesma que estaba casada co mercador Gregorio de Acosta, quen como cuñado de Juan de la Sierra era procurador en Baiona dos seus negocios. O máis interesante de Juan de la Sierra, cristián-novo recollido nos procesos de 1609, sería que o preito¹³ para recuperar os bens familiares o realiza estando en Londres ao servizo do embaixador Diego Sarmiento de Acuña (embaixador en Inglaterra entre 1613 e 1622). Os irmáns de Juan de la Sierra ficaban en Baiona a cargo dos negocios familiares. Curiosamente en 1619 tivo que prescindir do seu cuñado como procurador dos seus negocios toda vez que tiña sido condenado polo Santo Oficio.

Este é un pequeno exemplo da complexidade da rede familiar cristián-nova en Baiona e bispado de Tui. A medida que máis documentos abrimos máis se entretecen os lazos familiares repetindo nomes e oficios sendo significativa a responsabilidade nos negocios da vila portuaria destas familias.

BIBLIOGRAFÍA

- ANTONIO RUBIO, M^a Gloria de (2004): *Os xudeus en Galicia*. Santiago: Lóstrego
- (2006): *Los Judíos en Galicia (1044-1492)*. A Coruña: F. Pedro Barrié de la Maza.,
- (2007): “Judíos en Galicia: visión panorámica y nuevas aportaciones documentales” en, *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, H^a Medieval, t.20., pp. 289-314.
- (2009): “Judíos, conversos e Inquisición en Galicia (siglos XI-XVII)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, nº 122., pp. 171-189.
- (2012): “La Tora de Ribadavia y Tui”. *Aurora*, 20 septiembre de 2012, recurso en web: http://www.aurora-israel.co.il/articulos/israel/Mundo_Judio/47151/.
- AVILA Y LA CUEVA, Francisco. (1995): *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tui y su Obispado*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- CASÁS OTERO, Jesús: (2004): *Los Sambenitos” del Museo Diocesano de Tui*. Tui: Gráficas Juvia
- CONTRERAS, Jaime, (1982): *El Santo Oficio de la Inquisición de Galicia*. Madrid: Akal
- GARCÍA ORO, José, (2012): “El régimen episcopal de Tui y Baiona en el siglo XVI”. en *Anuario de Estudios Mindonienses*, 28., pp. 11-474.
- IGLESIAS ALMEIDA, Ernesto, (1986): *Arte y Artistas en la antigua diócesis de Tui*. Tui.
- JUEGA PUIG, Juan, (2014): *El comercio marítimo de Galicia. 1525-1640*. Pontevedra; Editorial Deputación de Pontevedra, Tese de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela.
- KAMEN, Henry (1999): *La Inquisición española*. Barcelona: Crítica
- ÓNEGA, José Ramón (1981): *Los Judíos en el Reino de Galicia*. Madrid: Editora Nacional.
- SÁEZ GONZÁLEZ, Manuela, (2001): *La Platería en la diócesis de Tui*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2002): *Los Plateros gallegos y el Santo Oficio de la Inquisición*. Sada: Ediciós do Castro.
- SÁNCHEZ CARRERA, M^a Carmen. (1997): *El Bajo Miño en el siglo XV, el espacio y los hombres*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- SÁNCHEZ DE LA ROCHA, José, (1999): *Blasones y linajes tudenses*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- HERMANO SARAIVA, José (1998): *História de Portugal*, Publicações Europa-América.
- VALENTIM, Carlos Manuel (2007): *Uma família de cristãos-novos do Entre Douro e Minho: os Paz. Reprodução familiar, formas de mobilidade social, mercancias e poder (1495-1598)*. Dissertação de mestrado en História Moderna, Universidade de Lisboa,
- VEIGA FRADE, Florbela (2006): *As relações económicas e sociais das comunidades sefarditas portuguesas. O trato e a familia. 1532-1632*. Tese de doutoramento en Historia, Universidade de Lisboa.,
- VILA, Suso: (2001): *Tui e Valença nos séculos XI a XV*. Tui: Amigos da Catedral de Tui.
- (2004): *Xudeus e Conversos en Tui*. Tui: Amigos da Catedral de Tui.
- (2009): *A cidade de Tui durante a Baixa Idade Media*. Noia: Toxosoutos.
- (2013): *Judíos, conversos e Inquisición en Tui*, Tui: Concello de Tui.
- (2015): “Integración y huida: los judeoconversos en Galicia y Portugal”, en la XXIII Semana Sefardí, Casa de Cultura de Estella-Lizarrá, 24 de septiembre.

- (2015): “Los conversos en Galicia y Portugal”, en el Colegio Oficial de Doctores y Licenciados en Filosofía y Letras y en Ciencias de Galicia, Santiago de Compostela, 8 agosto.
- (2015): “Los conversos en Galicia y Portugal a través de los sambenitos de la Catedral de Tui” en el ciclo Dissidència: viure, creure i pensar diferent (segles XVI-XVIII) en Patronat Municipal Call de Girona, 23 de marzo.
- (2017): “Sefardismo y paisaje cultural: el redescubrimiento de la presencia judía y judaizante en la frontera del Miño” no Sefardi International Congress Bragança 16 de junio.
- (2018): “Los judaizantes en los Sambenitos de la Catedral de Tui: disidencia religiosa y tensión social en la frontera del Miño”, no VI Congreso Los judíos en el Antiguo Reino de León, Zamora 5 y 6 de julio.
- (2018): “El criptojudaismo y los sambenitos de la Catedral de Tui” en II Simpósio sobre Judaísmo, CEJAT, Chaves 9 y 10 de marzo.

NOTAS

- * Todas as ilustracións deste artigo, agás a última, fan referencia aos distintos sambenitos que se conservan no museo diocesano de Tui.
- 1 SAAVEDRA VÁZQUEZ, M^a del Carmen: El comercio marítimo de Baiona en la segunda mitad del siglo XVI, en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 17, 179-209, 2008.
- 2 CONTRERAS, Jaime: *El Santo Oficio de la Inquisición en Galicia*, Madrid, 1982, p. 83.
- 3 Archivo Catedralicio de Tui, fondo apeos, expediente Estatutos de Limpeza de Sangue, 1601-1616.
- 4 CHUECA SALDÍA, Ignacio: “Testamentos de judaizantes hispano-portugueses (1587-1673)”, en *Revista de Fontes* n.8, 2018-1, pp. 07-32.
- 5 A presenza de africanos, tanto libres, como semella ser o caso, como escravos, era bastante máis habitual do que a simple vista parece na nosa comarca. Andrés Duarte Coronel tiña un escravo negro en Tui mentres que o mercador Juan Piñeiro contaba cun escravo negro chamado Francisco para que vendese xoias, sedas e outros materiais de mercería na súa tenda de Tui.
- 6 Archivo Reino de Galicia, caixa 1111 35, “Guillermo Alén inglés, con el Coronel Duarte y consortes sobre el pago de maravedís de alcabalas”, 1/01/1580.
- 7 Archivo Histórico Nacional, Inquisición 2039, exp. 9; “Pleito civil de Antonio Ocampo”, 1760-1764.
- 8 Archivo Catedralicio de Tui, fondo apeos, expediente Estatutos de Limpeza de Sangue, 1601-1616.
- 9 AHN, leg. 4547, exp. 7.
- 10 CONTRERAS, Jaime: op. cit. p. 397.
- 11 AHN, Inquisición, leg. 1620/1, exp. 1. 1625.
- 12 É unha constante a repetición de nomes e apelidos o que provoca unha gran confusión nas liñas xenealóxicas.
- 13 AHN, Inquisición, leg. 4549, exp. 8, 1619-1623.

Tradición versus modernidade científica na Galicia da ilustración: o lulismo dos irmáns Arias Teixeiro

MIGUEL ÁLVAREZ SOAJE

RESUMO

Aínda que non se poden encadrar plenamente no período da Ilustración, os irmáns Anselmo e Antonio Arias Teixeiro responden en grande medida a patróns que caracterizan o denominado Século das Luces: interese por coñecerlo todo e non refutar nada por estraño ou anacrónico que semelle e por iso votan man ás posibilidades que lles brinda o lulismo científico como ferramenta para acadar os seus obxectivos vitais: por unha banda, a posibilidade de obter ouro pola vía da alquimia luliana e por outra, dispoñer dun sistema dialéctico que permita unha aproximación ao coñecemento global pola vía do lulismo doutrinal.

ABSTRACT

Both brothers, Anselmo and Antonio Arias Teixeiro, cannot be framed into Illustration but respond to a large extent to patterns that characterize the eighteenth century: interest to know everything and refute nothing as strange as it seems and that's why they come to the possibilities that Scientific Lulism offers them as tool to achieve their objectives: for the one hand, the possibility of obtaining gold by the way of Lulian alchemy and on the other hand, enjoy a dialectic system that allows an approach to global knowledge by way of doctrinal Lulism.

INTRODUCCIÓN

A primeira metade do século XVIII é unha época de contrastes porque o novo paradigma científico emanado do século XVII aínda non fora aceptado no seno da cultura española e iso dá pé a que diferentes correntes científicas poidan convivir como sistemas recoñecidos por institucións e particulares á hora de dar resposta aos retos científicos do novo século. Ámbolos dous irmáns Teixeira amosan aínda un lastre cultural do que non poden desprenderse: o propio Anselmo reclama a observación e experimentación, pero por outra banda, outórgalle recoñecemento aos ditos, costumes e suposicións. Asemade, votan man dun sistema que, aínda orixinario da Idade Media, rexurdiu con forza nos séculos XVII e XVIII como foi o Lulismo científico, entendido como unha ferramenta lóxica ou unha “máquina de pensar” co cal se podía facer unha aproximación a calquera das polas do saber, xa fose saber científico ou teolóxico, paradigmas nos que podemos encadrar respectivamente a ámbolos dous irmáns.

UNHA APROXIMACIÓN Á FAMILIA ARIAS TEIXEIRO

Dentro do que se ten escrito sobre a familia Arias Teixeira é pouco o que se describe destes dous irmáns, tendo en conta que na mesma se encontran personaxes como o Arcebispo de Valencia, fr. Veremundo A.T., ou o Alcalde de Pontevedra, Antonio José A.T., quedando tan só a noticia do papel de Antonio como primeiro Catedrático de Matemáticas da Universidade de Santiago. Por todo elo no seu momento entendemos que ambos personaxes merecían un estudo detallado que puidera revelar o contido



Imaxe do pazo de Fondodevila, residencia dos Arias Teixeira en Cabanelas.

dos seus escritos, intentando, asemade, aportar algo de luz sobre as súas vidas, das que pouco se coñecía ata o momento.

Se a vida de Antonio transcorreu entre aspiracións nunca acadadas, non ocorreu o mesmo cos familiares postos baixo a súa tutela, onde amosou maiores dotes que para si mesmo, pois ao falecer a súa cunhada Catalina, o 24 de Xaneiro de 1762, quedou Antonio encargado do futuro dos seus cinco orfos.

A derradeira etapa da súa vida transcorreu en Ordelles, ao fronte da súa parroquia dende maio de 1756 ata o seu falecemento en agosto de 1762, se ben dende o mes de febreiro daquel ano os seus labores se foron interrompendo progresivamente. O ano 1762 pon o punto final á vida destes dous irmáns, falecendo Catalina, viúva de Anselmo, o propio Antonio e a súa irmá Ignacia.

A CIENCIA NO SÉCULO XVIII

A nova Ciencia marcada pola Royal Society a finais do século XVII fomentou na centuria seguinte unha aproximación á ciencia en xeral nunha parte da sociedade europea que, con maior ou menor disposición, tiña posibilidade de acadar textos máis ou menos novidosos, mentres que en España haberá que esperar ata a chegada da obra do bieito galego fr. Benito Feijoo (o primeiro grande divulgador científico en España) para que unha parte da nosa sociedade tivese a porta aberta á nova Ciencia; aínda que, con todo, o avance será moi lento e requirirá de varias décadas para ter unha aceptación xeral por parte de Institucións e particulares. Nese contexto é no que se atopa a sociedade na que viven os Arias Teixeira, na primeira metade do século, e responderán, polo tanto, ás características que podemos esperar de tales circunstancias e, por elo, botarán man dunha das “novidosas” posibilidades que se lles ofrecía no campo da Ciencia pre-ilustrada coma era o sistema planeado por Ramón Llull no século XIV, en base a alquimia e a filosofía luliana.

¿Axéitanse ao padrón intelectual do século XVIII ou estamos ante dous excéntricos á marxe dos avances científicos da súa época? Do contido dos manuscritos estudados entendemos que ámbolos dous seguen o padrón cultural daquel século no senso de que son conscientes de que unha nova revolución científica tivo lugar na centuria anterior e que continúa na presente e, por elo, con maior ou menor acerto dan mostras de comprender os escritos dalgúns dos principais científicos coñecidos no momento, coma Robert Boyle, van Helmont o Athanasius Kircher, (a quen cita Anselmo nos seus apuntes científicos en numerosas ocasións), aínda que en ningún dos escritos de ambos irmáns se cita a Newton, Gassendi ou Descartes, circunstancia que non debe entrañar, pois as obras (ao menos as oficiais) destes tres autores están moi lonxe da química e semella que non as necesitaban para redactar os seus escritos e para os obxectivos que perseguían.

A NOVA ILUSTRACIÓN DO SÉCULO XVIII

Somerxe as súas raíces nas ideas filosófico-científicas da derradeira quincena do XVII en que se fundan tertulias de toda clase de ciencias, que serán a orixe do move-

mento “novator”, no que se aprecian influencias corpusculistas, cartesianas e do empirismo inglés, ideas sobre as que se asentarán, por exemplo, as obras dos referentes culturais do século, os galegos Feijoo e Sarmiento. O movemento “novator” tivo que loitar contra o aristotelismo que, protexido pola Inquisición, reinaba, á beira do galelismo, nas universidades.

O novo século supuxo o paso dunha Razón cartesiana que se vía coma froito dunha intelixencia perfecta, superior, a unha nova Razón vencellada ás leis da Natureza e ao empirismo. Polo tanto, non se trataba xa de algo inintelixible, lonxe do noso alcance, senón que estaba ao alcance de todo aquel que prestase atención ao medio que lle rodeaba.

A España do momento atopábase entre a nova ciencia e a tradición aristotélica e renacentista e por elo non debe estrañar a presenza de defensores de doutrinas lulistas orixinarias da Idade Media, defendendo os novos métodos científicos; Boyle ou Newton tiñan o mesmo peso que Arnau de Vilanova ou Ramón Llull, pero a evolución dos acontecementos científicos, a publicación e divulgación de novos textos farán que, na segunda metade do século XVIII, as antigas doutrinas lulistas e os planeamentos aristotélicos deixen paso definitivamente a unha nova ciencia experimental.

OS ESCRITOS DOS ARIAS TEIXEIRO

A súa actividade científica plasmárona en forma de apuntes que se conservan actualmente nos fondos da Biblioteca Penzol de Vigo e que acadan varios centos de follas sobre xeoloxía, alquimia, xeometría, medicina ou filosofía (apuntes na liña



Manuscrito de Antonio, baseado nos “Elementos” de Euclides.

da filosofía luliana, ademais de teoloxía e moral). Entre os manuscritos atribuídos ao irmán maior, Anselmo, predomina o carácter científico, metalurxia, medicina, a natureza do fogo e da luz, as “pedras”, etc. Pola súa banda, os manuscritos de Antonio son máis heteroxéneos, pois atopamos apuntes sobre a *Xeometría dos Elementos*, un resumen da *Arte luliana*, o plano dun forno alquimista ou a crítica a unha panacea francesa, os pos purgantes de Aix, remedio distribuído con éxito por toda a España da época.

Ademais, Anselmo é o autor dun manuscrito de particular interese, redactado en latín e que poderíamos vencellar con importantes obras pseudolulianas e alquimistas dos séculos XVII e XVIII, tales coma o *Theatrum chemicum*, de Lazarus Zetner ou a *Entrada abierta al palacio cerrado del Rey*, de Philaletha. Entendemos que, parte deles poderían corresponder cos apuntes extraídos dos cursos impartidos na cidade alemá de Maguncia polo destacado lulista Ivo Salzinger¹, completados anos máis tarde por Anselmo.

Antonio responde ao padrón dun sector da sociedade galega, (coas súas limitacións, como o afastamento do Estado, a pobreza ou a extrema relixiosidade), por posuír o coñecemento que secularmente lles fora arrebatado nun país afastado dos círculos científicos do momento, pero ámbolos dous representan o único asomo de lulismo que temos atopado en Galicia. Entre os documentos conservados na biblioteca Penzol, procedentes no seu día da casa ou pazo de Pías (Ramallosa, Pontevedra)², atópase o *Certificado de Actos, Grados y Ejercicios literarios* de Antonio, documento expedido pola Universidade de Santiago en 1754 que é un breve resumo da súa actividade académica. Antonio representa un lulismo non vencellado á alquimia, como en ocasiónes se entendía ao longo dos séculos XVII y XVIII, pois amosa nas súas cartas e escritos o desexo de seguir as doutrinas de Ramón Llull ou, mellor dito as doutrinas que entón se lle atribuían, para o cal permaneceu dous anos estudándoa en Palma de Mallorca³. A súa estada en Mallorca levouno a acadar un fondo coñecemento das doutrinas lulistas e, quizais, acceso ás máis importantes obras escritas nese campo, un *corpus* de obras *pseudolulistas* que a mediados do século XVIII aínda se atribuían a Llull, que son as que configuraron a imaxe dun Llull alquimista, marxinando ou desvirtuando en certa medida a súa auténtica filosofía e derivándoa cara a roteiros máxicos e cabalísticos, postura que mantiñan algúns lulistas da época.

En 1736 Antonio abandonou os estudos en Salamanca e viaxou ata Mallorca acompañando ao franciscano lulista fr Bartolomé Fornés, coa intención de seguirille a Maguncia (Alemaña), pero permaneceu na illa durante os dous anos seguintes, estudando as doutrinas lulistas para regresar a Galicia en agosto de 1738. Trala súa viaxe de dous anos a Salamanca e Palma de Mallorca viviu como estudante en Santiago de Compostela⁴, de cuxa Universidade foi o primeiro Catedrático de Matemáticas, residindo varios anos no Colexio de San Clemente de Pasantes. Os derradeiros anos da súa vida pasounos como cura párroco na pequena aldea de Santa María de Vilar de Ordelles, (Esgos - Ourense), onde faleceu en 1762.

Pola súa banda, Anselmo é o vinculeiro e semella ter participado na mesma afeción lulista que Antonio, sufragando os gastos do seu irmán durante a súa estada en Salamanca e Palma.

No transcurso da nosa investigación acudimos á aldea de Cabanelas, (parroquia de Santa Eulalia de Banga no Concello de Carballiño), onde durante anos estivo o solar

dos Arias Teixeira de la Peña. Efectivamente, no pazo de Fondodevila, na zona máis baixa da aldea, sobrevive o recordo de varios personaxes pertencentes a esta familia.

A afección alquimista de Anselmo quedou reflectida no encabezamento do cartapacio 102/2(3) conservado na Biblioteca Penzol, que tivo dous títulos diferentes, resultando curioso o cambio que nalgún intre se operou no primeiro para obter o segundo:

Título inicial: *Cartas de D. Anselmo Arias Teixeira, el alquimista*

Título actual: *Cartas de D. Anselmo Arias Teixeira, hermano del alquimista*



Manuscrito de Anselmo: descripción do proceso de obtención do “argenterum vivum” ou mercurio alquímico.

¿POR QUÉ RAMÓN LLUL NO RIBEIRO?

¿Onde podemos situar a orixe desta afección lulista de Antonio? ¿Por que o seu irmán Anselmo levou a cabo prácticas e escritos de carácter alquimista? Quizais esta orixe lulista haxa que buscala nunha base alquimista, é dicir, primeiro vería o interese pola alquimia e ao afondar nela chegaron á “suposta” fonte alquimista, personalizada en Ramón Llull, pois así entendíase en certos círculos do século XVIII. O seu interese podería derivar da procura do ouro, do ouro como elemento metálico valioso, de tal forma que unha procura acompañada de argumentos máis ou menos sólidos podería representar o motivo que lles levase pola vía da alquimia. ¿E por que esa procura do ouro en dous personaxes no século XVIII? Podemos atopar a resposta na contorna de Cabanelas, na antiga Xurisdición do Orcellón, un marco no cal dende época romana se téñ traballado varias minas

de ouro como na Piteira ou nos concellos veciños de Maside (O Lago) e Boborás (Brués⁵), todas elas a escasos quilómetros da aldea de Cabanelas⁶. Coñecedores da existencia destes antigos filóns os Teixeiro puideron ver na alquimia unha forma de conseguir o prezado metal por outras vías, máis rápidas e rendibles. Coas fontes de ouro a poucos quilómetros de Cabanelas, só era necesario atopar o texto axeitado para facilitar a súa extracción ou, mellor aínda, para a súa obtención de forma caseira.



Manuscrito de Antonio confirmando a súa autoría do documento ms-205 conservado no mosteiro de Montserrat (Barcelona).

NATUREZA DA ALQUIMIA


Para os alquimistas, a composición dos metais está baseada na idea de que o mercurio se une doadamente a outros metais formando as “amalgamas” e iso deu pé a pensar que tódolos metais conteñen mercurio. Ademais do mercurio, os metais conteñen xofre, e en base ás proporcións entre un e outro elemento xurdirán os distintos elementos metálicos (os metais nobres, coma o ouro e a prata, conteñen moito mercurio e pouco xofre). Polo tanto, cabería pensar na existencia dun axente ou especie de *fermento*, que provocara a separación do compoñente en exceso ata obter a composición do ouro: a denominada “pedra filosofal”.

Todo isto o reflicten os escritos de ámbolos dous irmáns: é un pensamento tardío pero non é una anomalía cultural no século XVIII xa que continuou a práctica da alquimia durante décadas, aínda que máis en segredo que no século XVII.

O concepto de Ciencia naquela época, herdado do XVII, é distinto do que hoxe podemos entender como tal, e permitía que todo aquilo que chamase a atención podía entenderse coma un feito científico, identificado como “curioso”, e susceptible, por tanto, de ser estudado. En certos círculos fomentábase a liberdade de pensamento o que permitiu que calquera idea ou teoría fora defendible e estudada e

nesa liberdade entraba a maxia, a astroloxía xudiciaria, a cábala ou a alquimia entre os denominados estudos científicos, xa que aqueles temas considerados ocultos estaban relacionados cos segredos do Universo e tentar descubrir eses coñecementos entraba, por tanto, no campo científico, da mesma forma que a xeometría ou a medicina.

Por outra banda, a alquimia luliana transmitiuse a través dunha errónea tradición que proxeitou a imaxe do Lull alquimista durante séculos, xa que foron numerosas as obras atribuídas ao mallorquino que circularon por Europa non sendo orixinais súas. A estas obras referíanse os lulistas que, ao longo do século XVIII, vían nel un referente alquimista, baseándose nunha numerosa serie de escritos que nada tiñan que ver co auténtico *corpus* lulián.



Imaxen do manuscrito ms-205, transcripción de varias obras de Ramón Lull.

GALICIA NO S. XVIII

En absoluto permaneceu Galicia ao marxe do que ocorría no resto do Estado, experimentando ao longo do século unha época de certo auxe cultural, superior incluso ao observado noutras rexións españolas a pesar do cal continuaba sendo unha rexión extremadamente atrasada. O XVIII é o século da arquitectura barroca, relixiosa e civil, das fachadas do Obradoiro, Acibebería, o pazo de Rajoy, as grandes abadías, San Mar-

tiño Pinario, Oseira, Sobrado, Celanova, Monfero ou Samos. Entre os nosos ilustrados hai nobres e cregos pero tamén burgueses, grupos cuxos obxectivos culturais son máis modestos do que cabería esperar, á vista do atraso económico. A loita contra a intransixencia relixiosa que se observa en determinados ambientes do país non supuxo unha mobilización, ao contrario que en Francia, na que a ruptura coa tradición relixiosa foi patente e, por iso, atopamos en Galicia algúns cregos e relixiosos incorporándose a este movemento cultural no que hai cabida para un desenrolo científico compatible coa fe cristiá, que serían, por exemplo, os casos dos curas de Miñortos e Fruíme⁷.

A CASA DE PÍAS (RAMALLOSA- GONDOMAR)

É probable que a irmá de ámbolos dous, Ignacia, que acompañou a Antonio a Ordelles, ou o fillo de Anselmo, Raimundo, recolleran o conxunto de manuscritos que puideron pasar así á casa dos Arias Teixeira en Cabanelas e, posteriormente a mans de Antonio José Arias Teixeira Castro, político pontevedrés que co seu casamento con M^a Carmen Correa os incorporou á casa de Pías en A Ramallosa, permitindo así a súa conservación hasta os nosos días a través do seu fillo José Antonio Arias Teixeira Correa⁸.

CONCLUSIÓN

Estamos, pois, perante dous personaxes que se axustan en grande medida ao paradigma cultural da primeira metade do século XVIII, unha época de cambios que desembocarán na Ilustración da segunda metade do século co triunfo, aínda que non completo, da nova ciencia xurdida trala revolución científica do século XVII. Os Arias Teixeira viviron nunha etapa que poderíamos definir como *pre-ilustración*, caracterizada pola aparición do *Teatro Crítico* e as *Cartas Eruditas* de fr. Benito Feijoo, unha das obras máis divulgadas na España da XVIII centuria. Ámbolos dous irmáns son froito do contraste entre a secular tradición escolástica e a nova Ciencia, e por iso, a pesar de teren coñecemento das novas formas de facer a ciencia non son quen de desligarse das vellas fórmulas da tradición aristotélica. Por outra banda, súmanse a unha das vías alternativas da ciencia daquela *pre-ilustración*, como foi o Lulismo científico que viña sendo aproveitado pola filosofía mecanicista de Descartes dende o século XVII e, asemade, fan aproximacións á alquimia pseudoluliana, a cal, na primeira metade do XVIII se lle supoñía unha utilidade práctica para descubrir os segredos da Natureza.

BIBLIOGRAFÍA

- ALCOVER SUREDA, Miguel; *El Pontificio Colegio Luliano de Nuestra Señora de la Sapiencia; origen, naturaleza y valor pedagógico de un colegio luliano*. Imp. Apóstol y Civilizador. Palma de Mallorca, 1985.
- ALFEIRÁN RODRÍGUEZ, José; *Os Ilustrados galegos. Reforma e tradición na Galicia do Antigo Réxime*. Deputación provincial da Coruña. 1996.

- ALVAREZ DE MORALES, Antonio; *La Ilustración y la reforma de la Universidad en la España del siglo XVIII*. INAP, Instituto Nacional de Administración Pública. 1988.
- AROLA, Raimon; *Alquimia y Religión. Los símbolos herméticos del siglo XVII*. Ediciones Siruela, 2008.
- BARONA, J.L.; MOSCOSO, J.; PIMENTEL, J.; *La Ilustración y las Ciencias. Para una historia de la objetividad*. Publicaciones de la Universitat de Valencia. Valencia, 2003.
- BARREIRO BARREIRO, José Luís; *Ilustración e modernidade: os avatares da razón*. U.S.C. 2001.
- CARRERAS ARTAU, Joaquín; *La postura antiluliana del Padre Feijoo*, en Estudios Lulianos. N° 20-21. Palma de Mallorca 1963.
- DOMÍNGUEZ REBOIRAS, Fernando; *La recepción del pensamiento luliano en la península ibérica hasta el siglo XIX. Un intento de síntesis*. En RLLCGV, XV. pp. 361-385. Año 2010.
- DOPICO; *A ilustración e a sociedade galega; a visión de Galicia dos economistas ilustrados*. Vigo, Galaxia, 1978.
- FERRER FLÓREZ, Miguel; *Controversias y luchas entre lulistas y antilulistas en el siglo XVIII*. En Memories de la Reial Academia d'Estudis Genealogics, Heraldics i Historics. Palma, 2006.
- FIDORA, A. and RUBIO, Josep E.; *Raimundus Lullus; An introduction to his life, works and thought*. Colección Corpus Christianorum. Turnhout - Brepols Publishers. 2008.
- FORNÉS, Fr. Bartolomé; *Fiel noticia de la verdad sobre la Alquimia practicada por el Dr. Iluminado, B.R. Lulio y ahora suministrada al reverendo Padre Bordoy, Prior del convento de Nuestra Señora del Carmen, por Fray B. Fornés, franciscano observante*. Sin datar, (circa 1782) Manuscrito n° 1083, ff 252-272. Biblioteca Pública de Palma.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio; *Bajo las luces de la Ilustración. Galicia en los reinados de Carlos III y Carlos IV*. Edicións do Castro. Coruña, 1977.
- JAULENT, Esteve; "El Ars Generalis Ultima de Ramon Llull: presupuestos metafísicos y éticos". Instituto Brasileiro de Filosofia e Ciencia "Raimundo Lulio". En *Anales del Seminario de Historia de la Filosofía*. Vol. 27, pp. 87-113. Año 2010.
- KUHN, T.S.; *La estructura de las revoluciones científicas*. FCE, México, 1978.
- LÓPEZ PÉREZ, Miguel; *Algunos rasgos sobre la relación entre Lulismo y Pseudo-lulismo en la Edad Moderna*. Dynamis, Acta Hispanica ad Medicinam Scientiarumque Historiam Illustrandam, 2002, 22, 327-350.
- LÓPEZ PIÑERO, J.M.; *La introducción de la ciencia moderna en España*. Editorial Ariel. Barcelona, 1969.
- MARTÍNEZ RUÍZ; PAZZIS; CORRALES; *Ilustración, Ciencia y Técnica en el siglo XVIII español*. Universidad de Valencia, 2008.
- NAVARRO BROTONS, V. *La ciencia en la España del siglo XVII: el cultivo de las disciplinas físico-matemáticas*. Arbor, 153 (604-605), 197-252
- PEREIRA, Michela; *The Alchemical corpus attributed to Raymond Lull*. Warburg Institute. Londres, 1989.
- PEREIRA, Michela; *Ramón Llull y la tradición alquímica*. Catalonia Cultura, n° 43. pp. 40-43, año 1995.

- PRÍNCIPE, Lawrence; *The aspiring adept; Robert Boyle and the Alchemical Quest*. Princeton University Press, 1998.
- SANTANACH i SUÑOL, Joan; *La Maguncia de Salzinger i altres records lul·lians de fra Bartomeu Forners*. Centre de Documentació Ramón Llull. Universitat de Barcelona.
- SELLES, M.; PESET, J.L.; LA FUENTE, A.; *Carlos III y la ciencia de la Ilustración*. Alianza Editorial. Madrid, 1988.
- TRÍAS MERCANT, Sebastián; *Filosofía y Sociedad. Hacia una ecología del Lulismo de la Ilustración*. Instituto de Estudios Baleáricos. Diputación Provincial. Palma de Mallorca, 1973.

NOTAS

- 1 Un dos principais lulistas do momento, promoveu a recompilación e edición do *corpus* luliano, proxecto que se plasmou na denominada *Edición Maguntina* de obras de Ramón LLull. Ademais impartiu clases particulares de lulismo ás que acudiron varios lulistas españois na década dos vinte daquel século.
- 2 Aínda que non queda clara a orixe dos manuscritos, é posible que dende o pazo de Pías puideran pasar por doazón ou a través dalgunha librería de vello onde foran adquiridos por Fermín Penzol para a súa fundación. A Pías puideron chegar os manuscritos a finais do século XVIII dende Ordelles, Cerredá e Cabanelas onde residiron tres irmáns Teixeiro.
- 3 Daquela etapa mallorquina consérvase un interesantísimo manuscrito encadernado *in folio* nos fondos da biblioteca do Mosteiro de Montserrat e que reúne varias obras de Llull con referencias ao lulista Ivo Salzinger, e que está firmado por Antonio en varias das follas.
- 4 Froito daquela estada fora de Galicia é o envío, en varias ocasións, de certos lotes de libros lulistas procedentes de diferentes librerías de Madrid, Barcelona e Palma.
- 5 En Brués situamos o lugar de Rendomil, referido en numerosas ocasións por ambos irmáns e nesta parroquia existen filóns de cuarzo con arsenopirita e ouro que puideron coñecer.
- 6 O Carballiño é unha zona rica en estaño e wolframio e, nela, son abondosos os filóns de mispíquel (arsenopirita) e ouro (tamén ouro mezclado con arsenopirita).
- 7 Nicolás Antonio de Araujo y Salgado coñecido como o *Cura de Miñortos*, localidade próxima á cidade de Noia onde residiu entre 1712 e 1732. Xa no ano 1716 publicou unha obra baixo o título *Defiéndese la apología que sacó a la luz el cura de San Martín de Miñortos en alabanza de la facultad médica y se responde a un papel anónimo que intentó desdorarla*. Diego Antonio Cernadas de Castro, (1702 - 1777) é o coñecido *Cura de Fruíme*, e autor das *Obras en Prosa y Verso del Cura de Fruíme*, en sete tomos, onde reflexa o seu profundo amor por Galicia e o idioma galego.
- 8 De este home hai abondosa documentación na Biblioteca Penzol. Foi destacado absolutista baixo o reinado de Fernando VII e posteriormente pasou ao Carlismo, o que lle levou a vivir varias décadas exiliado en Francia. A súa formación o levou a centros tan dispares como Poio ou Santiago, para formarse en Leis, trasladándose posteriormente a Madrid para realizar os estudos de Ciencias na Universidade Central. Díse que froito destes estudos foi a súa afección á entomoloxía, doando a súa

colección entomolóxica á Sociedade Entomolóxica de Francia antes da súa morte. Durante o seu exilio mantivo correspondencia con numerosos carlistas en Francia, conservándose un conxunto de cartas e escritos séus nos fondos da Penzol en Vigo. A irmá de Antonio A.T.Correa, Ramona, casou con Ramón Diéguez Arias e tiveron unha filla, Carmen Diéguez Arias que casou con Miguel Losada Losada e foron pais de Antón Losada Diéguez, (nado en Moldes), galeguista, fundador da revista Nós e membro das Irmandades da Fala. Deixamos, así, establecida unha interesante conexión entre o pazo de Pías e os lulistas do Ribeiro do século XVIII.

Abril de 1931: a chegada da II República ó Val Miñor

José Luis Mosquera Veleiro

RESUMO

A proclamación da II República no Val Miñor frustrou aos gobernos locais dos comicios do 12 de abril. O nomeamento das Xestoras Provisionais tivo a súa excepción en Nigrán, onde a autoridade provincial ratificou, non sin queixas, que os monárquicos, agora reconvertidos en novos republicanos, permaneceran no poder municipal. Habería que esperar as eleccións de finais de Maio para que no Val Miñor se instalase definitivamente a República.

ABSTRACT

The proclamation of the Second Republic in the Miñor Valley frustrated the local governments of the April 12th elections. The appointment of the Provisional Managers had its exception in Nigrán, where the provincial authority ratified, without any complaints, that the monarchists, now converted into new Republicans, could remain in the municipal power. Nevertheless, the Republic itself wouldn't be definitively settled in Val Miñor until the elections of the end of May.

“¿Cree el señor gobernador...que el león puede dejar de ser león aunque se oculte debajo de la piel de cordero?”

Á saída do primeiro Consello de Ministros do goberno Aznar, celebrado o 19 de febreiro de 1931, foi facilitada á prensa unha declaración na que, facendo referencia ao acordado sobre as eleccións municipais e provinciais, se dicía:

Es propósito decidido del gobierno proceder rápidamente a la renovación total de Ayuntamientos y Diputaciones eligiendo íntegramente las Corporaciones municipales y provinciales por sufragio universal...¹

Na seguinte reunión ministerial (23 de febreiro), baralláronse distintas alternativas para fixar a data electoral e, aínda que a data que máis apoios suscitaba era a do 29 de marzo, foi desestimada xa que “es domingo de Ramos y el siguiente el de Pascua”.² O executivo, polo tanto, recoñecendo que non podían levarse a cabo os comicios locais nesas datas, por coincidir cunha solemnidade tan devota e tradicional como era a Semana Santa, acordou fixalas para o 12 de abril.

Mentres tanto, Aznar trata de recompoñer o antes posible as redes clientelares que estiveran hibernando durante a Ditadura, pola ausencia de comicios, co fin de afrontar ese primeiro test de lexitimidade. Para iso, e como medida urxente, xa se aprobou a finais de febreiro un novo listado de gobernadores civís de probada lealdade.³ Para a provincia de Pontevedra foi ratificado Fernando Campuzano, significado bugallalista e protexido do ministro La Cierva, que xa viña exercendo o cargo, na mesma provincia, por mandato do goberno anterior.⁴

Aznar despachou cos gobernadores antes de que se incorporaran aos seus novos destinos e, despois de recalcarlle o carácter apolítico do seu executivo, instounos a que se comportasen coa maior imparcialidade nas próximas eleccións. No seu discurso tratou, en reiteradas ocasións, de desmarcarse dos executivos precedentes.

Este gobierno no es como los anteriores (...) No es un gobierno de partido en el cual el jefe daba las orientaciones políticas a los gobernadores (...) es un gobierno de concentración donde están representados todos los partidos políticos (...) que nadie pueda decir que esta política es igual a la anterior a 1923. Afortunadamente para España esa política no volverá.⁵

Para despois insistir na necesidade de que as eleccións do 12 de abril fosen *rabiosamente sinceras*, parafraseando ao conde de Romanones, pois o Goberno xogaba o seu creto e prestixio.

Os concellos do Val Miñor rescataron do fondo dos seus arquivos a Lei Municipal do 2 de outubro de 1877 e a Lei Electoral de 8 de agosto de 1907, para poñerse ao día e iniciar os procedementos e trámites legais propios destas eleccións. Para iso van reunirse, por orde gobernativa, o domingo 15 de marzo, co propósito de acordar o número total de concelleiros que, con arranxo á escala do artigo 35 da Lei Municipal, tiñan de integrar os futuros gobernos de Baiona, Gondomar e Nigrán, á fin de ser elixidos nos próximos comicios locais.



Juan Bautista Aznar, presidente do goberno.
Sol, 19-03-1931.

O Concello de Baiona acordou:

1.- Que o número de residentes dese municipio que rexistraba a certificación anual de 1929, verificada no censo de poboación vixente, era de cinco mil seiscientos sesenta e seis.

2.- Que con arranxo ao número de residentes o número legal de concelleiros que correspondía a este Concello era de TRECE, divididos así: un alcalde, dous tenentes de alcalde, dez concelleiros; sendo dous o número de distritos electorais deste municipio.

3.- Que o número de concelleiros que correspondía a cada distrito quedaba así: o distrito 1º denominado de Baiona tiña nas súas dúas seccións (as parroquias de Baiona e Baredo) a un total de quíñentos sesenta e dous electores, e o distrito 2º, tamén contaba, nas súas dúas seccións (as parroquias de Santa Cristina-Sabaris, Belesar e Bahiña) a un total de quíñentos corenta e oito. Ao distrito primeiro correspondíalle designar SETE concelleiros e ao distrito segundo, SEIS.

4.- Cada elector do distrito 1º, só tería dereito a votar a CINCO concelleiros e cada elector do distrito 2º, a CATRO.

Gondomar tiña unha poboación que superaba os 9.001 habitantes polo que lle correspondían DEZASETE concelleiros distribuídos entre un alcalde, tres tenentes de alcalde e trece concelleiros que serían elixidos por tres distritos: Distrito 1º.- Paradela, formado polas parroquias de Gondomar, Mañufe, Donas e Borreiros (OITO concelleiros). Distrito 2º.- Morgadáns, coas parroquias de Morgadáns, Peitieiros e Couso (SEIS concelleiros). Distrito 3º.- Vincios, con Vincios, Vilaza e Chaín no cal se elixirían TRES concelleiros.

Pero, antes de finalizar a reunión, rectificáronse os datos do padrón elevando a poboación a 10.031 habitantes e, polo tanto, concluíuse e así aprobouse que a Gondomar lle correspondía elixir a DEZAOITO edís. Será no distrito 3º de Vincios onde se aumentaba un, polo que pasaba agora de tres a CATRO candidatos.⁶

En canto a Nigrán, acordouse manter a tradicional división electoral do municipio: Distrito 1º.- Nigrán, coas parroquias de Nigrán e Camos. A este distrito correspóndelle elixir a CATRO concelleiros. Distrito 2º.- San Pedro da Ramallosa, que comprende as parroquias de San Pedro da Ramallosa e Parada. CINCO concelleiros. Distrito 3º.- Priegue, abarca a Chandebrito, Priegue e Panxón. Elixirán SEIS concelleiros.

A nova corporación estará composta, polo tanto, por QUINCE edís repartidos entre UN alcalde, TRES tenentes de alcalde e ONCE concelleiros.⁷

Movéndose nese escenario a maioría monárquica, por un lado, e os militantes e simpatizantes republicanos, por outro, principiaron a campaña electoral, publicando os seus candidatos polas parroquias por se fora necesaria a convocatoria das antevo-tacións⁸. Eses comicios internos celebrábanse nas sedes das sociedades agrarias, onde

os veciños nomeaban os candidatos que formarían parte das listas electorais en representación desas localidades, aínda que, por outra parte, os candidatos poderían ser propostos por concelleiros o ex concelleiros de acordo coa mesma norma, tal como se procedía na anterior etapa monárquica.⁹

O gobernador civil tamén vai entrar en campaña, resucitando os clásicos métodos caciquís do pasado tales como as chamadas a capítulo aos alcaldes para arengalos, ou ben as visitas aos propios Concellos para comprobar *in situ* se a maquinaria electoral estaba o suficientemente engraxada para poder garantir o triunfo dos candidatos monárquicos. Campuzano, a pesar de que levaba no cargo uns poucos meses, posuía información privilexiada do mapa electoral da provincia, xa que elaborara para o anterior ministro da Gobernación, Leopoldo Matos, un informe sobre a situación política de Pontevedra con vistas ás eleccións xerais programadas para o 1 de marzo e, posteriormente, anuladas polo goberno Berenguer.

No Val Miñor vaise cumprir o guiión. Pero así como en Gondomar e Nigrán todo parecía estar atado e ben atado, en Baiona aínda quedaban algunhas arestas por pulir, algúns flocos que resolver, polo que a autoridade provincial fixo unha parada nese municipio durante a súa xira efectuada polo sur de Vigo para intentar evitar que os bandos realistas foran a un duelo electoral fratricida, pois tiña información de que a crise existente entre os monárquicos locais conducira á formación de dúas candidaturas sen posibilidades, por agora, de chegar a un acordo de confluencia. Campuzano, que xa decidiu a que candidatura prestaría o seu apoio, mantivo discretos contactos para “infundir ánimos y reforzar el trabajo electoral de los suyos”.¹⁰

Ao final, impúxose a intransixencia e a rivalidade entre os propios monárquicos. A ruptura era un feito, habería eleccións.

Por un lado, a candidatura encabezada por Herminio Ramos González, propietario e rendeiro, con intereses comerciais en Matanzas (Cuba), cun importante currículo político, maurista ata a chegada do marqués de Estella, exercendo de concelleiro desde 1916 a 1923 e durante a Ditadura foi militante de Unión Patriótica e do Somatén, así como concelleiro en distintas etapas durante os anos 1927 e 1928. Coa volta á normalidade constitucional exerceu a alcaldía de Baiona desde abril de 1930 ata finais de xaneiro de



Fernando Campuzano, gobernador civil de Pontevedra (con abrigo claro). Vida Gallega, marzo 1931.

1931. Estaba tamén vinculado ao gremio do mar como presidente da Asociación Benéfica de Mariñeiros e Pescadores de Baiona *La Anunciada*. Tamén destacaba pola súa afección investigadora, autodidacta da historia medieval e moderna do municipio sobre a que escribira un libro,¹¹ así como multitude de artigos en prensa.

A Ramos González acompañábano na súa lista como candidatos:¹² Polo distrito 1º, representando a parroquia de Baiona-Baredo: Policarpo Vilar Ochoa, ex concelleiro no final da Ditadura, armador e compañeiro de Ramos en diferentes directivas da sociedade de mariñeiros. Manuel Nartallo Quinos, concelleiro monárquico formaba parte do actual equipo de goberno, líder da sociedade agraria *La Unión*, da parroquia de Belesar, membro do Somatén e de Unión Patriótica. Indiano (Buenos Aires) e un dos maiores contribuíntes polo concepto *rústica* de Belesar. Ernesto Márquez González, patrón de pesca. Jesús Varela Solleiro, médico, upetista e ex xefe do Somaten no Concello, Manuel Miniño Miniño, propietario agrícola, veciño e único representante nesta candidatura da parroquia de Baredo.

Polo distrito nº 2, representando as parroquias de Belesar, Santa Cristina e Bahiña: Fabriciano Táboas Trigo, pertencente a unha familia de notables da parroquia de Belesar, con parentes vinculados ao clero, cuñado de Manuel Nartallo e, tamén coma el, directivo agrario e retornado de Buenos Aires; era un dos maiores contribuíntes polo concepto *urbana* da parroquia. Albino Misa Alonso, outro prohome de Belesar; como Nartallo e Táboas tamén fixera a súa fortuna en Buenos Aires. Como os anteriores, era dirixente da sociedade agraria e importante propietario de fincas. Belarmino Misa González, veciño de Santa Cristina- Sabarís, emigrante a Buenos Aires, foi concelleiro durante os primeiros anos do Directorio, onde alcanzou prestixio e notoriedade. Ocupou o cargo de presidente da poderosa sociedade agraria *La Reconquista* de Sabarís. Leonardo González González (menor), de Bahiña, concelleiro na última corporación monárquica antes do golpe de Estella e directivo da sociedade agraria da parroquia.

Esta era a opción preferida pola autoridade provincial e contaba co apoio dos indianos, sobre todo dos *cubanos* e das sociedades agrarias parroquiais.

No bando contrario encabezaba a outra candidatura monárquica Ramón Troncoso Pérez, ex recadador de impostos que, no pasado, compartira con Ramos a ideoloxía maurista e tamén a súa condición de propietario e rendeiro, aínda que os seus intereses estaban en Argentina. Nunca ocupara un escano na corporación municipal, anque estaba moi ben situado, entre outras razóns, polas súas relacións de parentesco cos irmáns Barreiro Álvarez. José, farmacéutico, era cuñado de Troncoso e fora o último alcalde da Monarquía, cesando como consecuencia do golpe de Primo e Manuel, militar laureado e un dos primeiros alcaldes do Directorio. Tiña o apoio do *Faro de Vigo* na vila e dado que era un católico convencido, contou coa bendición do clero e das asociacións relixiosas,



Herminio Ramos. Arquivo do autor

entre elas a do Sagrado Corazón, da que chegou a ser o seu presidente. Na súa lista figuraban, polo distrito de Baiona, o ex alcalde e actual tenente de alcalde, o industrial conserveiro Julián de Revollar, o industrial da vila Celestino Álvarez, e dous representantes da parroquia de Baredo: os propietarios Francisco Sánchez e Barreiro Comesaña.

Polo distrito O Burgo figuraban, o comerciante Martínez Barros, agrario e alcalde en funcións na primeira corporación do Directorio, o alcalde actual Pereira Domínguez (comerciante), os propietarios Manuel L. Giráldez, Gerardo González e o comerciante Vicente Táboas concelleiro durante a monarquía, cuxo irmán Fabriciano se presentaba na candidatura rival. Estes dous últimos da parroquia de Belesar.

A campaña electoral comezou quince días antes do escrutinio. Desde o seu inicio os dous bandos se lanzan á caza do voto en todas as parroquias “apelando a procedimientos algunas veces incompatibles con la dignidad del que los solicita y del solicitado”.¹³ Xogan un papel importante nesas prácticas intimidatorias algúns curas, cuxa intervención nos comicios era algo que xa viña de antigo neste municipio, o máis belixerante, o párroco de Baiona, Vicente M^a Fernández Míguez, xa tiña moitos anos de experiencia como compoñedor en todo tipo de eleccións e sempre ao servizo das posicións máis caciquís. Ese clero tiña ademais o seu altofalante mediático nos púlpitos e no semanario *La Voz del Miñor*, desde onde escribían artigos de adoutrinamento aos seus fieis e nos cales se facía continuamente unha defensa a treu dos ideais monárquicos, que se asociaban aos valores cristiáns e un rexeitamento aos principios da ideoloxía política republicana.

O alcalde José Pereira Domínguez, co fin de atraer votos e captar adictos, non tivo inconveniente en relaxar durante o período electoral os controis perceptivos, incluídos nas Ordenanzas Municipais e que tiñan que ver con posibles actividades fraudulentas, tales como a vixilancia do peso do pan ou da calidade da carne ou do leite,



Ramón Troncoso. Arquivo de Gina Troncoso

para poder contar co apoio de panadeiros, carniceros e leiteiras, así como adoptar medidas de favoritismo ou permisividade con determinados empregados públicos en canto a gratificacións nos seus haberes ou flexibilidade nos seus horarios.¹⁴ Nin a celebración dunhas datas tan sinaladas como a Semana Santa, interrompeu a campaña electoral. O xoves, o mesmo alcalde incumpriu as súas obrigacións e non asistiu á tradicional procesión de Os Pasos organizada pola sociedade de pescadores *La Anunciada*, quizais por non coincidir co candidato do bando contrario, Herminio Ramos, que era o seu presidente ou quizais “por estar demasiado ocupado en busca de votos”,¹⁵ escribía, con ironía, *El Pueblo Gallego* para referirse ao apoio que estaba prestando a Alcaldía a Ramón Troncoso, xa que non soamente compartían lista senón que de todos eran coñecidas relacións mercantís que ambos tiñan como socios en

fábrica de muíño de cal e serradoiro. O Venres Santo o alcalde rectificou o seu erro e fixo acto de presenza no Santo Enterro, pero encontrouse co boicot dos pescadores e mariñeiros, que quixeron mostrarlle coa súa ausencia a súa indignación por abandonalos o día anterior. A ninguén na vila se lle escapou que, detrás da vinganza do sector pesqueiro a Pereira Troncoso, estaba o seu presidente e candidato H. Ramos.¹⁶

A campaña seguiu o seu curso habilitando os vellos métodos caciquís, temporalmente arquivados durante o Directorio pero aínda presentes na maneira de actuar dos poderes fácticos locais.¹⁷ Recorreuse a vellas tácticas, moi utilizadas no pasado, como eran as tiradas de panfletos clandestinos de propaganda, libelos anónimos, que se espaxiaban con nocturnidade por todo o municipio, case sempre os días anteriores ás votacións. Ata tres folletos distintos denunciou a corporación ao gobernador civil. No arquivo persoal de D^a Amparo Barreiro Troncoso¹⁸ encontramos dous deles, datados en vésperas da apertura das urnas. O primeiro, na liña acostumada de descualificacións políticas e persoais, non é reivindicado por ninguén e chama a atención pola súa crítica cara as dúas candidaturas, é dicir, contra os partidos monárquicos, o que nos fai pensar que é obra dos republicanos locais.

¡BAYONESES!

El domingo 12 de Abril GRAN FERIÓN de ganado lanar

Desde las 8 de la mañana en adelante se celebrará en la calle de A. Urzáiz esta importante feria de carneros. La traficación de ganados estará a cargo de las siguientes razones sociales:

Ramos y Comp^a

Troncoso y Comp^a

Señores Abades

Etc. Etc.

Si no tenéis vergüenza, seréis carneros al dar vuestro voto a cualquiera de las candidaturas que se han anunciado, porque todos ellos no sirven más que para perseguirse e insultarse unos a otros. Ya lo estáis viendo: unos que si las procesiones, y otros que si la copa de Cuba. ¿Y lo de las carreras de bicicletas en dónde queda? ¡qué olvido!

Todo ciudadano que se considere borrego que se entregue a la cotización máxima de los feirantes.

¡¡ Reflexionar bayoneses ¡!

Si tenéis dignidad y vergüenza no debéis vender vuestro ideal por un trozo de mala carne o de podrido bacalao.

Las dos candidaturas que os presentan para que votéis, están compuestas de hombres fracasados, hombres cazarros, que ha amparado a toda clase de caciques; que han permitido intrusos en el Ayuntamiento; que lo mismo conceden plazas a sus amigos como se las quitan mañana si son enemigos, ejemplo. LA DEL PRIMER OFICIAL DEL AYUNTAMIENTO.

¿Qué programa pueden ofrecer tanto las figuras de la procesión y los de la copa de Cuba como los de las carreras de bicicletas y huestes de Rasputín?

El posible programa que llevarán a la práctica es el siguiente:

1.- Un ex alcalde destituirá al oficial después de haberle nombrado el mismo porque antes eran compadres y hoy no lo son. Dedicarase a perseguir a los del bando contrario y concederá “pequeñas” indemnizaciones al personal.

- 2.- Os darán un médico municipal más, que no lo pagareis, el cual solamente os asistirá cuando en el Ayuntamiento no tenga nada que hacer.
 - 3.- Un ex somatenista distinguido de Belesar, vendrá a molestaros con menos benignidad que molestó a los vecinos de dicha parroquia.
 - 4.- Un armador y un patrón darán por bien completa su labor, firmando cuanto le manden, bueno y malo. Y bailarán en la sala de sesiones si así se lo piden.
 - 5.- Un ex recaudador de cédulas organizará una carrera de cintas para bicicletas dedicada a los trabajadores, sin que pueden participar señoritos.
 - 6.- El kilo de carne con más gueso (sic) o peor y con un aumento de dos reales o una peseta.
 - 7.- Anulación de los actuales arbitrios municipales y crear otros más caros.
 - 8.- Fantástica iluminación en la Laje y en la puerta de la villa para que los vecinos, no tropiecen unos con otros.
 - 9.- Harán su santa voluntad sin importarles nada lo que al pueblo interese, como lo han hecho en otras ocasiones que allí han estado.
- ¡No votar esas candidaturas bayoneses! ¡Votad a candidatos nuevos, aunque no hayan sido proclamados! ¡Al que más os agrade! ¡Pero nunca a esos comediantes!
 ¡¡Desterrad al cacique!!
 ¡Ahora o nunca!

O mesmo día 11 publícase outro manifesto, este firmado polo Comité Republicano de Baiona a favor da República e con agravios cara as dúas candidaturas monárquicas en termos parecidos ao panfleto anterior.

Al Pueblo de Baiona y su distrito

CIUDADANOS

¡Ahí los tenéis! Dos bandos disputándose lo que no son más que despojos municipales. ¡Son los de siempre!

Los que no han tenido más ideal que el egoísmo; los que han mendigado un puesto en todas las situaciones y de todas han sido arrojados por incapaces y perjudiciales; los que sólo se acercan al pueblo para que este les sirva de escalón para ascender a los puestos que por sus cualidades son incapaces de conquistar, haciendo luego escarnio de vosotros; los que denigran al ciudadano pidiéndole luego el voto con amenazas o prometiendo favores que no han de cumplir. Los que limitan su gestión a disputas personales mientras la nave municipal navega a la deriva; los que se dicen ungidos por la voluntad popular, y no son más que mandatarios del cacique... ¡Son ellos! ¡Son los mismos de siempre!

Los de la mentalidad nula, los intrigantes, los fracasados, los que han abjurado de su ideal para sumarse, con miras ignoradas, a los que tenazmente y a través de los años vienen atrincherando su poderío en la ignorancia, apatía e indiferencia de las masas populares. Los que, en fin no son nada y pretenden se algo encaramándose por cualquier medio a los escaños municipales con el único objeto que continuar la farsa que, ante la bafa y escarnio de las personas conscientes, viene representándose. Ahí los tenéis pidiendo limosna de vuestro voto. Negádselo y apartaos de ellos.

Y venid agruparos bajo la bandera de las libertades ciudadanas, aportando vuestro grano de arena a la causa de la Libertad y la República, sumando vuestro esfuerzo al resurgimiento de la nueva España.

¡¡CIUDADANOS CONSCIENTES!!

BAYONESES LIBRES

¡¡EN PIE!!

¡¡GUERRA A LOS TIRANOS!! ¡¡VIVA LA LIBERTAD!!

Por el Comité Republicano de Bayona: Valentín Puga Franco, Manuel Godoy Agrelo y Joaquín Pazo Nartallo.

En Gondomar, as expectativas do Goberno Civil pasan por garantir que o resultado nesas eleccións acabara favorecendo a candidatura monárquica e para iso non se debía deixar nada ao azar. Campuzano delegou a tarefa de organizar aos adictos ao mellor candidato posible: Fernando Villamarín, un monárquico liberal que fora representante político do ministro Ángel Urzáiz y Cuesta, dentro do Partido Xudicial de Vigo. Avogado, ex deputado provincial e natural desta comarca, comezara a súa carreira política como xuíz municipal de Gondomar na primeira década do século.

O primeiro paso de Villamarín foi colocar un home da súa confianza no posto clave de control do proceso electoral e do escrutinio. Para iso, xestionou ante a Audiencia Territorial da Coruña a designación do avogado, natural da parroquia de Donas e con bufete aberto en Vigo, Arturo Estévez Pérez, como xuíz municipal, “para que dirija a sus amigos políticos, de este Ayuntamiento, en las contiendas electorales que se avecinan”.¹⁹

Estévez Pérez, polo tanto, presidirá a Xunta Municipal do Censo Electoral e estará ben escudado coa asistencia dos vocais José Quintas Santiago ex concelleiro, Latino Salgueiro Pereira médico e ex xuíz, Manuel Núñez Méndez ex concelleiro, José Giráldez Coto e Faustino Álvarez Barreiro, todos eles monárquicos e persoas próximas a Fernando Villamarín.²⁰ Con ese nomeamento xa sabía o xuíz o que esperaban del os seus xefes políticos, tendo en conta as facultades que correspondían a tal cargo dentro do entramado lexislativo electoral, convertendo esa institución local nun punto de referencia e decisiva transcendencia, dentro da estrutura caciquil do sistema político monárquico.²¹

Con Villamarín á fronte, as negociacións entre os bandos e os distintos candidatos foron máis fluídas e tras as diversas reunións celebradas nas parroquias e os oportunos acordos, conseguíuse evitar a loita electoral ao consti-



Fernando Villamarín. Foto cedida polo seu neto José Villamarín

tuírse unha candidatura pactada entre as vellas e novas elites, na que ao lado dunha maioría monárquica se van a incorporar tres candidatos republicanos e un socialista baixo a etiqueta de agrarios, xa que contaban con importantes apoios do movemento asociativo das parroquias para formar parte de lista electoral, a Pablo Nieto Virosta e ao socialista Rogelio Lorenzo González, por parte da Sociedade Propietaria Agraria de Gondomar,²² a Manuel Martínez Pousadela da Sociedade Agraria de Donas, e a Domingo Paulino Pazos Alonso da Sociedade Agraria de Vincios.

É importante sinalar a aceptación tácita do socialista Lorenzo para formar parte dunha candidatura maioritariamente monárquica e máis aínda se temos en conta que a elección íase levar a cabo en aplicación do artigo 29, repudiado polos socialistas. Por outro lado, nada que obxectar á inclusión dos republicanos na lista pactada, dous dos cales -Nieto e Pousadela- eran vellos coñecidos do entorno monárquico e que formaba parte de “la arraigada costumbre de llevar en las candidaturas las diferentes sensibilidades existentes en el término municipal”.²³

AS ELECCIÓNS DE 12 DE ABRIL DE 1931

En Gondomar parecía que o tempo non pasara. Os comicios do 12 de abril do 1931 semellaban ser unha continuación das eleccións celebradas durante o réxime monárquico, onde a presentación dunha única lista e, como consecuencia, a ausencia de votacións e a aplicación do artigo 29 fora unha práctica habitual, dentro do panorama político local, desde a promulgación da Lei electoral de 1907.²⁴ Esa lista de consenso estaba constituída por dezaoito candidatos que foron elixidos e proclamados pola Xunta Municipal do Censo o día 5 de abril, en aplicación do artigo 29 da vixente lei electoral, e que foron os seguintes:

DISTRITO 1: Domingo Vila Manzanares, liberal; Buenaventura Fontán Domínguez, liberal; José Estévez Martínez; Faustino Alonso Pinzás, liberal; Pablo Nieto Virosta, republicano; Manuel Núñez Méndez, liberal; Rogelio Lorenzo González, socialista e Manuel Fernández Pousadela, republicano.

DISTRITO 2: José de Lis Rodríguez, liberal; José Gonda Martínez, liberal; Generoso Rodríguez Caeiros, liberal; Domingo Gonda Freiría, liberal; José Pérez Rodríguez, liberal e Antonio Rodríguez Rodríguez, liberal.

DISTRITO 3: Antonio de Lis Rodríguez, liberal; Domingo Paulino Pazos Alonso republicano; Manuel Ángel Figueroa Rodríguez, liberal-demócrata e Juan Pérez Troncoso, liberal.²⁵

Todos eles foron avalados por concelleiros polo que non houbo necesidade de celebrar antevotacións. Dos dezaoito candidatos, a terceira parte deles tiñan experiencia nas administracións locais anteriores. Os veteranos presentáronse polo distrito 1, Fontán Domínguez, Alonso Pinzás e Núñez Méndez, estando os distritos 2º e 3º cubertos maioritariamente por concelleiros novatos, aínda entre eles había algúns con certa experiencia municipal, pois varios exerceran como alcaldes de barrio e outro, como Nieto Virosta, fora funcionario. Nestes comicios foi reelixido como concelleiro o alcalde monárquico José de Lis.

En canto á súa posición económica e ocupacións profesionais, todos eran propietarios e con capacidade económica desafogada. A maioría eran comerciantes e

rexentaban pequenos negocios como a tenda-bar da parroquia, o café do casco urbano e incluso un taller de carpintería, pero tamén os había propietarios agrícolas e rendeiros. Incluso había un funcionario: Nieto Virosta que exercía como secretario de Xulgado. Un número importante deles foran emigrantes tanto en Buenos Aires como de Montevideo, incluso Río de Janeiro; nesa condición estaban Fontán, Estévez, Nieto, Gonda, Pousadela, Pazos Alonso, Figueroa Rodríguez, Pérez Troncoso e Rodríguez Caeiros, polo menos. Vila Manzanares tiña os seus negocios en Lisboa. Por outra parte, algúns dos que van formar parte da futura corporación figuraban nos primeiros postos do pago de imposto das contribucións das parroquias do municipio como, Fontán Domínguez, Alonso Pinzás, Méndez Núñez, Figueroa Rodríguez, Pazos Alonso, Estévez Martínez ou os irmáns de Lis por exemplo. E, por último, en canto á idade, constatar que os candidatos republicanos eran os máis *xoves* da lista (Pazos Alonso 33 e Nieto Virosta 38 anos).

No Concello de Nigrán, tamén se conseguiu evitar a loita electoral presentando unha única candidatura que, como en Gondomar, non tivo necesidade de pasar polo trámite das antevotacións parroquiais, xa que foron presentados e avalados por ex concelleiros monárquicos, o que era suficiente segundo la Ley electoral de 1907. Como consecuencia la lista saíu definitivamente elixida, conforme ao xa repetido artigo 29, pola respectiva Xunta Municipal do Censo.²⁶ Era unha candidatura pactada entre o alcalde e os veteranos monárquicos onde Alonso Gonda, desde a súa posición de forza, vai ocupar a metade dos postos da nova corporación cos seus adictos. Niso residiu a diferenza con Gondomar, onde a debilidade da oposición republicana restoulle iniciativa política e como consecuencia a formación da lista de consenso foi unha concesión dos notables monárquicos para evitar a loita electoral.



Severino Alonso Gonda, alcalde de Nigrán (2º pola dereita, de pé). Arquivo Mana C. Peralba.

DISTRITO 1: Francisco Rodríguez Salgueiro, Ángel Alonso Fernández, Francisco Rial Alonso e Manuel Hermida Fernández

DISTRITO 2: Severino Alonso Gonda, Benjamín Calvo Areal, Feliciano González Rouco, José Villar Valverde e Manuel Misa Valverde.

DISTRITO 3: Ángel Costas Guisande, José Mogines Otero, Manuel Alonso González, Rogelio Rodríguez Rodríguez, Vicente Sanromán Pérez e Victoriano Alonso Comesaña.

Todo este equipo xiraba en torno á figura de Severino Alonso Gonda, alcalde do distrito durante a etapa monárquica posterior á caída de Primo de Rivera, primeiro nomeado por Real Orden o 13 de abril de 1930 e, posteriormente, por decisión gubernativa, foi elixido, esta vez, polos corporativos en sesión plenaria o 29 de xaneiro de 1931. Veciño de Nigrán onde exercía como médico, era natural de Gondomar. Fora alumno e seguidor do eminente médico-patólogo, Roberto Nóvoa Santos, que vai influenciarlo no seu devir político cara a posturas rexionalistas-republicanas. O seu pai Manuel Alonso fora durante moitos anos o todopoderoso secretario nese municipio e home de confianza de Ángel Urzáiz Cuesta, con quen lle unira unha relación de amizade. O seu irmán, Urbano, exercía desde había máis de dez anos o importante cargo administrativo que o seu pai deixara vacante ao falecer, aínda que temporalmente fora de Gondomar pola depuración á que se viu sometido polo Directorio. Polo tanto Alonso Gonda xa estaba moi rodado na política local.

Citando fontes do Goberno Civil, os periódicos da provincia e da comarca adscribiron inmediatamente aos concelleiros proclamados en Nigrán, como liberais en número de oito e rexionalistas sete²⁷. Pero o que destacou dese listado, foi que ao alcalde lle acompañan, nesas eleccións, o núcleo duro dos seus dous anteriores gobernos, o seu primeiro tenente de alcalde, Benjamín Calvo Areal, e o seu terceiro, José Villar Valverde.

Sobresaía sobre todo o mesmo Calvo, que retornara á primeira liña da política local tras a paréntese da Ditadura, aínda que tamén colaborou brevemente con esta nas súas postrimerías. En realidade era un supervivente da etapa monárquica desde os tempos de Urzáiz, ao que serviu con eficacia desde os seus comezos na política, primeiro como concelleiro, para ir ascendendo na xerarquía como tenente alcalde nas lexislaturas de 1914, 1916 y 1918 e, posteriormente, alcanzar a Presidencia da corporación desde 1920 a setembro de 1923, sendo desaloxado do poder polo golpe de estado do marqués de Estella. Polo tanto, tiña sobrada experiencia na política local e era ademais testamenteiro dos intereses económicos do seu sobriño, Manuel L. Lemos, un dos personaxes máis influentes en Nigrán, desde os seus negocios en Argentina, fundador entre outros, das Escolas Unión Hispano Americano Val Miñor e importante filántropo con inversións na praza de abastos e nas obras públicas de Monte Lourido e Praia América. Os distintos gobernos locais sempre recorreran a el en caso de axuda ou necesidade e, como recoñecemento polo seu labor, puxéranlle o seu nome a unha rúa en San Pedro da Ramallosa.²⁸ José Villar Valverde tamén tiña algunha experiencia política. Colaborador con Calvo no último goberno da Monarquía, reapareceu na última corporación de Primo de Rivera. Volveu servir ao rei a partir de 1930 onde coincidiu co alcalde Severino Alonso.

Os outros candidatos con currículo político eran: Manuel Hermida Fernández, de Nigrán e Manuel Misa Valverde, de Parada. Ambos fixeran a súa carreira política ao

Distritos de Baiona			
	Mesa Baiona	Mesa Baredo	Total
Policarpo Vilar	212	36	248
Nartallo Quinos	211	36	247
Ernesto Márquez	209	36	245
Herminio Ramos	207	36	243
Jesús Varela	203	36	239
Ramón Troncoso	48	86	134
Julián Revollar	46	86	132
Celestino Álvarez	42	86	128
Barreiro Comesaña	37	86	123
Francisco Sánchez	35	86	121

Distrito O Burgo			
	Mesa O Burgo	Mesa Sta. Cristina	Total
Martínez Barros	114	46	160
José Pereira	113	47	160
Vicente Táboas	113	46	159
Gerardo González	112	49	161
Manuel L. Giráldez	111	43	154
Albino Misa	73	42	115
Leonardo González	73	40	113
Belarmino Misa	72	45	117
Fabriciano Táboas		41	41

lado de Benjamín Calvo defendendo a posición liberal-urzañista dentro da Monarquía e xuntos colaboraran nos gobernos locais desde 1914 a 1923 e tamén nas corporacións monárquicas anteriores á Segunda República. Misa Valverde incluso ocupara a primeira tenencia de alcaldía nos dous mandatos de Calvo.

Completa a cota de políticos experimentados o candidato Feliciano González Rouco, aínda que só exerceu na lexislatura incompleta de 1922, tamén con Benjamín Calvo de alcalde.

Por outro lado, o resto de candidatos, o 60% da lista, eran novatos nos cargos políticos locais. Entre eles decontado van destacar Manuel Alonso González que será o novo alcalde republicano a partir de xuño de 1931 e Ángel Costas Guisande, que vai exercer

o mesmo cargo a partir dos sucesos revolucionarios de outubro de 1934. Por distritos electorais, no 2º (San Pedro) o total dos candidatos eran veteranos, no distrito 3º (Priegue) todos eran principiantes e no distrito 1º (Nigrán) ao lado dun veterano colocábanse tres novatos.

As actividades económicas dos candidatos eran, como os dos candidatos dos municipios precedentes, plural, aunque todos teñen en común que son propietarios: hai un médico, un armador, un construtor, un propietario dun taller de cantería, outro de carpintería, unha tenda de ultramarinos e o resto teñen nas rendas das súas terras, a súa principal manutención. Entre eles, José Villar Valverde, José Mogines Otero e Manuel Alonso González figuraban entre os maiores contribuíntes.

Polo tanto a loita electoral no Val Miñor quedou reducida a Baiona. Os resultados publicáronse no Boletín Oficial Provincial a partir do 16 de abril.

No Distrito de Baiona o triunfo foi para os partidarios de Ramos pola súa avultada vitoria no casco urbano. O éxito de Troncoso no rural, cun censo moi inferior, foi insuficiente para equilibrar o resultado. Xa que cada elector podía marcar na papeleta, como máximo, a cinco candidatos para escoller un total de sete, os candidatos elixidos por este distrito foron:

Vilar, Nartallo, Márquez, Herminio Ramos e Varela (5) por un bando; Ramón Troncoso e Revollar (2) polo outro.

No segundo distrito o triunfo foi para Troncoso nas dúas mesas. Soamente en Santa Cristina, o bando de Ramos opuxo resistencia. Cada elector tiña dereito a votar a catro candidatos para escoller a seis:

Martínez Barros, Pereira, Táboas, Gerardo González e Giráldez (5) por un bando; e Leonardo González (1) por outro.

O triunfo final sería para a candidatura de Troncoso, pero a chegada da Segunda República impediría a constitución desta corporación.²⁹



José Pereira Domínguez, último alcalde monárquico de Baiona. Foto Manuel Pereira

A PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA. AS XESTORAS PROVISIONAIS

A instauración da República non foi consecuencia do afundimento dun sistema político producido por unha guerra exterior ou por unha revolución interna. Chegou de forma pacífica nun clima de alegría, sen rebelión nin enfrontamentos armados.³⁰

Foi consecuencia da soñada alianza entre as elites intelectuais liberais e o movemento obreiro. É o que Machado chamou “la España de la rabia y la idea”.³¹

A proclamación oficial da República o 14 de abril tamén foi recibida pola prensa, en xeral, con entusiasmo e con chamadas á responsabilidade e á orde. A nivel provincial, *El Pueblo Gallego*, nun artigo en primeira páxina, que levaba por título “La República ha de ser la ley y el orden”³² sinalaba:

Hasta aquí hemos vivido como vasallos, sen ley, sen derechos (...) desde hoy somos ciudadanos con todos los derechos e integridades, con las facultades que la soberanía lleva consigo (...) Para Galicia, la República es la redención, la libertad, el aniquilamiento del caciquismo, la imposibilidad de la barbarie.

O diario católico e conservador *Faro de Vigo*, que días atrás pedía o voto para as candidaturas monárquicas, vai acatar o réxime republicano cun significativo desexo celestial, “Dios ilumine aos novos gobernantes de España”³³

A instauración da República nos municipios do Val Miñor levouse a cabo o día 15 mércores, tras recibir os Concellos, de mañá, un telegrama do Goberno Civil no que se dicía:

Participando haberse constituido en Madrid gobierno provisional de la República régimen que debe ser acatado por significar poder constituido como por la tranquilidad el orden y la paz que representan y al que debe prestarse el apoyo para la mejor realización fines en que se inspira.³⁴

En Baiona, unha manifestación formada por simpatizantes republicanos e por militantes do Sindicato Obreiro de Oficios e Profesións Varias e da Casa do Pobo, acompañados da banda de música, entraron na Casa Consistorial onde o socialista e industrial panadeiro Bernardo Seoane izou a bandeira republicana no mastro do balcón mentres soaba o himno galego, arroxando pola ventá, “por constituir una provocación”, os óleos de Alfonso XIII e dos xenerais Primo de Rivera e Martínez Anido que se encontraban presidindo o salón de plenos.³⁵ Inmediatamente formouse un Comité Local Provisional da República que ocupou o baleiro de poder deixado polas autoridades locais e que, ao instante, divulgou un manifesto.³⁶

AL PUEBLO DE BAIONA

¡Ciudadanos: para velar por el orden que han de presidir los actos todos de consolidación del nuevo régimen que España supo darse, nos hemos constituido en Comité local provisional de la República española.

En estos momentos históricos de jubilosa emoción, el conservar la serenidad es dar prueba de sensatez y consciencia. Ante el hermoso, inigualado ejemplo que la Nación española acaba de dar al Mundo; para ponerse a su nivel, para ser dignos de gozar de la libertad que llega, hay que comportarse con la mayor serenidad y dentro del orden más perfecto y de la más intachable corrección.

Tened presente que este Comité local, sabrá inspirarse en todo momento en lo que estime más justo y provechoso para el pueblo.

En tanto que el nuevo Gobierno constituido no disponga lo que haya de hacerse, os pedimos que nos ayudéis a velar por la tranquilidad y el orden, con los que se llegará a la consolidación del nuevo régimen que España supo darse.

¡Bayoneses, Ciudadanos, Paz, Trabajo, Orden y Fraternidad social!

¡Viva la República española!

¡Viva la Soberanía nacional!

Firmado: El Comité local³⁷

En Gondomar a chegada da República estivo precedida de certa solemnidade. A recente creada Xunta Municipal Provisional ao Servizo da República, baixo a presidencia de Pablo Nieto Virosta e composta polos vocais Domingo Paulino Pazos Alonso, Manuel Martínez Pousadela, Rogelio Lorenzo González, José Cribeiro González, José Pequeño Rodríguez e Manuel Rodríguez Gómez reuníronse no centro da vila e, acompañados de numerosos veciños e simpatizantes que portaban la bandeira republicana e a do Centro Obreiro, cos acordes da banda de música dirixíronse á Casa Consistorial.³⁷

É digno de destacar a heterodoxa composición deste comité republicano. Así, por un lado, presidíao Nieto Virosta, destacado upetista e membro do Somatén durante o Directorio. Martínez Pousadela, exercera de alcalde nese interregno monárquico anterior á República. Pazos Alonso era o maior contribuínte de rústica da parroquia de Vincios, Pequeno Rodríguez agora era dirixente agrario, pero no pasado actuara de alcalde de barrio. Convivían cos anteriores, Rogelio Lorenzo e Cribeiro González, de militancia socialista e o sindicalista da UGT Rodríguez Gómez. A maioría deles formara parte da candidatura de abril.

Unha vez no interior da Casa Consistorial e en sesión pública, la Xunta Municipal exixiu que:

Habiéndose implantado la república en España por la soberanía del pueblo, en nombre de este requerían al señor alcalde para que resignase las funciones de su cargo en el señor Nieto Virosta, al que designaran como presidente de la Junta Municipal.³⁸

O mesmo secretario escribiu no Libro de Rexistro de Entrada de documentos do Concello:

DIA 14 DE ABRIL DE 1931. HOY SE PROCLAMÓ EN ESPAÑA LA REPÚBLICA
Hoy se empieza a registrar la correspondencia que se recibe durante la actuación de la República.³⁹

O alcalde monárquico José de Lis Rodríguez dimite voluntariamente do seu cargo e a Xunta Municipal Provisional toma o control da corporación local. Tamén se acordou enviar un telegrama ao Ministerio de Gobernación dando conta do exemplar traspaso de poderes.⁴⁰ Rematado o acto izouse a bandeira da República no balcón do consistorio e soou *La Marsellesa*, convertida durante eses primeiros días, no himno representativo das liberdades e a democracia do novo réxime. Pablo Nieto Virosta publicou un bando dirixido a todos os veciños de Gondomar no cal, despois de presentarse e pedir o acatamento das normas promulgadas polo goberno republicano, solicitou a volta aos traballos e quefaceres cotiáns.⁴¹

A LOS CIUDADANOS DEL TERMINO MUNICIPAL

Por imperativo de la soberanía popular, acaba de proclamarse en España el REGIMEN REPUBLICANO. EL entusiasmo y el orden que presidieron su advenimiento, revelan diáfananamente el alto grado de civismo del pueblo español.

Llegada a este distrito la grata y esperada nueva, se constituyó una Junta Provisional, a base de los cuatro concejales antimonárquicos elegidos últimamente, que se hizo cargo del Ayuntamiento, después de resignadas por el Alcalde sus funciones en la presidencia de aquella.

El júbilo con que habéis saludado la enseña tricolor, al ser izada en la Consistorial, evidencia vuestra absoluta identificación con la naciente República. Importa, pues, ahora prestar el mayor acatamiento a las disposiciones del Gobierno provisional como órgano supremo que ha de ejercer las funciones soberanas del Estado.

Y reintegrándose todos a la vida normal y al trabajo; excediéndose cada uno en el cumplimiento del deber, y vigilantes siempre contra la maquinación, habremos prestado a la República y a su consolidación el mejor servicio.”

Casa Consistorial de Gondomar, 15 de abril de 1931.

En Nigrán, a Alcaldía xa remitira ao Goberno Civil, a ideoloxía dos concelleiros elixidos polo artigo 29: todos eles aparecían etiquetados como liberais. Pero o día 11 de abril, prodúcese unha ruptura na uniformidade da candidatura ao declararse oficialmente republicanos rexionalistas, sete dos quince concelleiros, encabezados polo alcalde Severino Alonso Gonda.⁴²

Ao día seguinte de proclamarse a República e, seguindo o mesmo modelo levado a cabo en Gondomar e Baiona, produciuse unha marcha dos militantes e simpatizantes republicanos e do sindicato obreiro adicto á UGT e ao PSOE que desfilaron coas súas bandeiras e estandartes ata chegar á Casa Consistorial, onde se encontraba o anterior alcalde e principal candidato Severino Alonso Gonda e parte dos concelleiros que xa se apresuraran a substituír do balcón do Concello a enseña monárquica pola bandeira tricolor. Tras unha reunión dos manifestantes, xurdiu un Comité provisional ao servizo da República integrado por Joaquín Guisande, Ramón Vidal, Luis Villegas, Sebastián Pena, Álvaro Rey Alar e Manuel Moreda, todos eles simpatizantes da coalición republicano-socialista.⁴³ Destacaba nese Comité a presenza maioritaria de mestres. Sebastián Pena, que exercía na parroquia de Parada e que pronto ía acercarse aos postulados de Emiliano Iglesias e ao Partido Radical; Luis Villegas, de San Pedro da Ramallosa, militante da UGT e do PSOE e Álvaro Rey Alar das Escuelas U.H.A. próximo á ORGA. Tamén formaba parte o dirixente sindical Manuel Moreda.

Pero Alonso Gonda, recente converso á fe republicana, nin se someteu nin cedeu ao poder ao Comité recente constituído e tomando a iniciativa constituíu unha Xunta Administrativa Municipal que mostrou a súa adhesión ao novo réxime e que estaba formada polos concelleiros electos nas eleccións de abril, co fin de xestionar interinamente o Concello e da cal el será o presidente. Despois do seu paso pola alcaldía monárquica vaise reconverter no líder republicano para sorpresa dos demócratas antigos.

O goberno da República necesitaba con urxencia cubrir o baleiro de poder nos municipios para que non se estendera o desorde e a anarquía, para dar unha imaxe de control e normalidade, polo que, á saída do primeiro Consello de Goberno de Alcalá Zamora, o ministro da Gobernación informou os periodistas de que os Concellos de

España tomaran posesión tal como foran elixidos nas eleccións levadas a cabo o día doce de abril e engadiu:

En aquelas provincias en donde haya existido alguna anormalidad con relación a las citadas elecciones, se nombrará un delegado para que examine las actas y proceda en consecuencia.⁴⁴

Nos días seguintes e segundo un modelo que se vai reproducir na maioría dos municipios rurais de Galicia,⁴⁵ leváronse a cabo nos tres Concellos denuncias pola existencia de irregularidades nos comicios. Por un lado, por coacción ao impedir a presentación de máis candidaturas, co que no puideron celebrarse as eleccións de Gondomar e Nigrán. Por outro, polo fraude levado a cabo debido ás presións a que foron sometidos os electores e polas poucas garantías que ofreceron os recontos de votos, caso de Baiona.

Ás intencións do ministro Maura xa se adiantaran os elementos republicanos, substituíndo os antigos gobernos locais por Xuntas Municipais Provisionais de carácter republicano e todo iso cando á fronte do poder político se encontraba o presidente da Audiencia de Pontevedra, que exercía a representación do poder central ata que non se levara a cabo a incorporación dos primeiros gobernadores civís republicanos.⁴⁶ Xa estaban as forzas do novo réxime nos Concellos, cando un Real Decreto do Ministerio da Gobernación do día 19, intentou legalizar esa situación, xustificando a non constitución daquelas corporacións que foran susceptibles de fraude electoral a pesar de que aínda non se produciran nos municipios do Val Miñor a presentación de denuncia algunha por irregularidades. É dicir, na práctica, vaise actuar ao revés do que promulgaba o decreto: primeiro impediuse a constitución dos Concellos saídos dos comicios de abril e despois vanse buscar e ratificar as probas das coaccións electorais.⁴⁷

Así, as recentes creadas Xuntas Municipais ao servizo da República vanse constituír como a única institución lexitimada para exercer o poder executivo local e van funcionar como verdadeiras corporacións, asumindo as súas competencias, asegurando a orde e a normalidade na vida cotiá e evitando o baleiro de poder que podía resultar pola deserción dos Concellos monárquicos.

O primeiro gobernador republicano de Pontevedra foi o médico coruñés Vicente Varela Radío, da FRG-ORGA e afín ao ministro Casares Quiroga.⁴⁸ As novas autoridades viaxaron cara aos seus destinos levando consigo instrucións do ministro da Gobernación onde se lles pedía que se abstivesen de intervir na política dos partidos baixo ameaza da súa destitución en caso de incumprimento. Tamén deixarían de acudir, con carácter oficial, ás cerimoniais relixiosas que se celebraran pero manterían coas autoridades eclesiásticas o trato obrigado de cortesía e atención. Así mesmo, encomendóuselles a importante tarefa de redactar unha memoria razoada sobre as deficiencias observadas durante a viaxe que deberían realizar, no prazo de quince días, polas vilas e localidades da provincia do seu mandato.⁴⁹

Varela Radío unha vez instalado na capital da provincia, procedeu a examinar os oficios enviados sobre as posibles irregularidades das eleccións do 12 de abril e tomou a decisión de mandar a un funcionario da súa confianza aos municipios do Val Miñor para que procedese a nomear unha Comisión Xestora que administra-

se, de forma interina, os tres Concellos ata unha nova e definitiva orde. Para iso, a autoridade provincial vai remitir un telegrama⁵⁰ anunciando a inmediata visita dun delegado gubernativo con autoridade para dar posesión ás persoas que comporían tales comisións xestoras. José Agudo Díaz, licenciado en Dereito e adicto a Azaña, era o funcionario elixido para esta misión e desprazouse á comarca o día 20, luns, acompañado dalgunhas personalidades republicanas, entre elas o novo médico pontevedrés Celestino Poza Pastrana.⁵¹

Agudo Díaz levaba, ademais, o encargo de poñer en práctica o R. D. Do Ministerio da Gobernación de 19 de abril, o cal viña referendar a constitución improvisada das corporacións locais e encontraba unha saída legal para que estas seguisen sendo republicanas: a de presentar reclamacións ao proceso electoral do 12 de abril. O ministro da Gobernación, Miguel Maura, explicaba así o proceso:⁵²

Fue preciso adoptar una medida que, aun siendo inevitablemente un tanto arbitraria, se acercase lo más posible a la estricta justicia. Decidí abrir un período de quince días para que los candidatos derrotados o los que tuviesen algo que alegar contra la proclamación de los concejales por el artículo 29, es decir, sin lucha, presentasen sus quejas razonadas.

Tratábase de legalizar e lexitimar canto antes a uns gobernos locais novos que se ían constituír interinamente e de inmediato, a modo de Xestoras, sen ter participado e, por suposto, sen ter obtido a vitoria nas eleccións municipais. Todo iso creuse imprescindible para non interromper o funcionamento da institución máis próxima aos veciños e para que houbera unha continuidade na xestión dos asuntos cotiáns. Este proceso debía estar complementado necesariamente coa inescusable e obrigatoria presenza de adictos á República na ponte de mando dos Concellos.⁵³

A primeira parada foi en Gondomar na mesma mañá do día 20 e Agudo vai xustificar, ante os asistentes convocados na Casa Consistorial, a creación da Xestora como consecuencia de ter sido estimadas como viables todas as protestas presentadas ante o Goberno Civil por coacción contra a validez das eleccións, as cales se incorporaban á acta da reunión.⁵⁴ Esas reclamacións enviáranse ao gobernador civil con anterioridade, concretamente con data de 19 de abril, por representantes das sociedades agrarias de Donas y Borreiros onde, despois de vincular a consolidación da República á selección do persoal político que terían de ocupar os cargos da administración local, expuxeron a continuación as anomalías que, ao seu parecer, fundamentaban a anulación dos comicios.

E como neste Concello a elección para concelleiros non chegou a verificarse por medio das urnas, dado que se fixo aplicación do artigo 29 de la Lei Electoral, é claro que non se reflectiu o verdadeiro sentimento popular. E isto ocorreu así, porque as coaccións e ameazas que esgrimiron os elementos que á sazón imperaban, non deixaron á opinión manifestarse libremente, dándose, entre outras anomalías, a de que o delegado da autoridade que asistiu á reunión da sociedade agraria de Donas para o nomeamento de candidatos, interviñese tratando de modificar o resultado da antevotación. E o mesmo aconteceu con igual motivo na sociedade, tamén agraria, de Borreiros; desarticulando así as organizacións antimonárquicas do distrito que, noutro caso, irían á loita conquistando a maioría dos postos municipais.

Por todo ello

Suplican a V.E. se digne ordenar la constitución del Ayuntamiento de este término, prescindiendo del resultado de la última convocatoria electoral.

Salud y República

Gondomar, 19 de abril de 1931 ⁵⁵

Hai fundadas razóns para soste que eses argumentos esgrimidos polos asinantes eran de dubidosa veracidade e si, en cambio, parecían, máis ben, un subterfuxio necesario imposto polas autoridades da República co único obxectivo de cumprir o expediente que dera a *puntilla* ás corporacións monárquicas. Así consta na acta da Xunta Municipal do Censo Electoral celebrada o 5 de abril, que certificou que a totalidade de candidatos da lista, incluídos o socialista e os tres republicanos, foron propostos polos ex concelleiros monárquicos Fernando Otero Martínez e José Méndez Misa. Do mencionado documento oficial despréndese que os candidatos non se someteron a ningunha antevotación oficial, polo menos que levara consigo a apertura de colexios electorais parroquiais e as correspondentes votacións veciñais tal e como especificaba a norma legal. Xeralmente a ausencia desas consultas producíase cando os distintos bandos pactaban unha lista de consenso, para non chegar á loita electoral, como foi o caso de Gondomar.⁵⁶

Dábase tamén a circunstancia de que o representante da parroquia de Donas na candidatura para as eleccións fora o republicano Martínez Pousadela, que tamén



José Cribeiro.
Arquivo Manuel Pazos.

formaba parte da Xunta Provisional e, por parte de Boreiros, o seu candidato fora o presidente da Sociedade Agraria, Pequeño Rodríguez, que tamén era membro da mencionada Xunta.

Co delegado governativo presidindo esa sesión, acordouse designar unha comisión *puramente* xestora, a cal gobernará o Concello con carácter interino. Ese equipo estará composto por un representante do Comité Republicano-Socialista por cada distrito electoral do termo municipal. Tras atender as recomendacións que lle fixo tal Comité, Agudo Díaz designou a José Cribeiro González, mestre nacional, socialista, militante do Sindicato de Traballadores do Ensino vinculado á UGT e, ademais, directivo da Sociedade Agraria de Donas; Pablo Nieto Virosta, funcionario e presidente da Xunta Municipal ao servizo da República e, por último, ao presidente do Sindicato da Construción de Gondomar, tamén vinculado a UGT, o ourensán de nacemento e alabardeiro de profesión, Manuel Rodríguez Gómez. Os cales, nese momento, designaron como alcalde-presidente a Cribeiro, natural de Santa Marta de Ortigueira, provincia de A Coruña e veciño de Donas. Aínda que Nieto ostentaba maior peso político na localidade e na administración local que Cribeiro, na elección deste último pesaría a oportunidade de nomear unha persoa

nova e sen antecedentes nin colaboracións co réxime anterior.⁵⁷

Pola tarde, a comitiva desprazouse a Baiona onde se reuniron con representantes do Comité local republicano, os cales lles manifestaron que había “una entidad social” dese Concello que denunciara as irregularidades levadas a cabo nas eleccións municipais, polo que procedía a nomear unha Xestora con carácter provisional.⁵⁸ Despois da perceptiva consulta e seguindo o mesmo procedemento que en Gondomar, Agudo Díaz designou a Joaquín Pazo Nartallo, membro do Comité Provisional da República, armador do porto de Baiona e que chegará, posteriormente, a ocupar o cargo de presidente da Patronal de Armadores,⁵⁹ Manuel Cuña Cuña,⁶⁰ mestre na parroquia de Belesar e, por último, ao industrial de conservas de pescado e ex concelleiro monárquico Valentín Puga Franco,⁶¹ natural de A Guarda e veciño de Baiona, tamén membro do Comité Republicano, ao que escolleron como alcalde.⁶²



Joaquín Pazo Nartallo. Arquivo familiar

Ás seis da tarde e despois de abandonar Baiona, chegaron a Nigrán. Previamente convocados esperaban o delegado gubernativo os concelleiros que foran proclamados polo artigo 29.⁶³ Por parte do público alí reunido, formuláronse algunhas protestas en contra do proceso electoral que Agudo Díaz, desestimou. Resultaba tan evidente que unha parte importante dos veciños alí congregados rexeitaba o nomeamento dos concelleiros proclamados, como que a consigna dada pola autoridade provincial ao seu representante era a de confirmalos. Ao final, en sesión plenaria que presidiu o mesmo delegado gubernativo, deuse posesión aos novos concelleiros, dos cales sete contaban con pouco máis dunha semana de historial republicano e outros edís, alí presentes, renegaron da Monarquía no mesmo acto de toma de posesión. O Concello de Nigrán, no súa estrea republicana, quedaba en mans dun alcalde e uns concelleiros que foran, en principio, buscados, apoiados e elixidos polos servidores do pasado réxime. O seu oportuno bautismo republicano vailles servir a eses concelleiros ex monárquicos para ocupar escanos. Á vista de todo iso, podía concluírse que en Nigrán, aínda non se establecera o novo réxime.⁶⁴

Esa debeu ser tamén a conclusión á que chegaron varios republicanos desa localidade, que non se resignaron a aceptar a decisión que tomara a autoridade provincial de lexitimar como primeiro goberno local da República aos integrantes da última candidatura monárquica, polo que, en vez de presentar denuncias sobre o inexistente proceso electoral ou reclamacións doutro tipo, elevaron, a finais de abril, unha razoada protesta firmada por uns 500 electores coa esperanza de que:

“El señor gobernador sabrá interpretar el general sentir de los habitantes de este municipio para que la República llegue oficialmente a este Ayuntamiento y se apoye en los concejales del pueblo y no en los servidores del caciquismo.”⁶⁵

Non vai abandonar a súa misión o delegado gubernativo, sen antes recordar ás corporacións que o prazo para presentar as probas que avalaran as súas denuncias electorais remataría el 25 de abril. Aínda que, unha vez que se instalaran as Xestoras no poder municipal, a procura das probas e a resolución das denuncias deixarán de estar no catálogo de prioridades do goberno da República.

Precisamente, apurando os prazos ao máximo, o día 25 foi a data na que o Concello de Baiona enviou ao gobernador civil o expediente incoado en virtude da denuncia presentada polo PSOE contra a validez das eleccións, coa rúbrica do líder do partido Agustín Villafines.⁶⁶

As primeiras xestións políticas e administrativas que van levar a cabo os novos gobernos locais republicanos orientáranse a tratar de resolver os asuntos domésticos que teñen que ver coas necesidades dos veciños, como se nada cambiase, xa que as preocupacións máis urxentes que tiña a poboación eran as mesmas que adoeían unhas semanas atrás; e aínda que o feito de cambiar de réxime non facía que os problemas desaparecesen dun día para outro, as corporacións do Val Miñor van, polo menos, a intentar cambiar as formas, os modos e as actitudes, para facer ver á veciñanza que os administradores locais non eran os mesmos, que a República ou os cambiara ou os reciclara, aínda que as súas caras xa eran coñecidas para a maioría e que unha maneira distinta de gobernar se instalara nos Concellos. Todo iso a pesar de que a lexislación que ían aplicar era a mesma que manexaban as anteriores corporacións monárquicas, por carecer dunha lexislación municipal especificamente republicana. Como é razoable, esta exposición hai que aplicala ao equipo de goberno de Nigrán con certas reservas respecto ao modelo de Baiona e Gondomar, pola forma pouco ortodoxa e polémica en que se levou a cabo a proclamación da República naquel municipio.⁶⁷

NOTAS

- 1 *El Sol*, 20 de febreiro de 1931
- 2 *Ibíd.*, 24 de febreiro de 1931. Declaración do Ministro de Instrución Pública, José Gascón y Marín aos periodistas que o esperaban á saída do Consello de Ministros.
- 3 *ABC*, 1 de marzo de 1931
- 4 Fernando Campuzano y Horma estaba vinculado, de antigo, á Xuventude Liberal Conservadora e ao Partido Liberal Conservador; fora nomeado gobernador civil de Pontevedra polo goberno Berenguer e foi un dos poucos que se mantivo co executivo do almirante Aznar. Non desempeñara, no pasado, cargos importantes de responsabilidade política, aínda que formara parte da Unión Patriótica e da Asemblea Nacional por Murcia. Profesionalmente era rexistrador da propiedade, de cuxa asociación exercera como presidente, xurisconsulto destacado e, sobre todo, tratadista de dereito hipotecario. Na súa primeira entrevista, despois do seu nomeamento, concedida ao *Faro de Vigo*, o periodista recalcou que sobre a súa mesa tiña unha serie de libros vinculados con Galicia que o novo gobernador estaba consultando para poñerse ao día, tales como *Cartas sobre Galicia*, *El municipio gallego*, *Estudios de Derecho Foral Gallego* e sobre todo *El problema político de Galicia* de Vicente Risco. *Faro de Vigo*, 26 de novembro de 1930. *El Pueblo Gallego* da mesma data.
- 5 *ABC* de 5 de marzo de 1931.

- 6 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 22, libro de actas 22/2. Sesión plenaria de 15 de marzo de 1931.
- 7 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2037, libro de actas 2037/3. Sesión plenaria de 16 de marzo de 1931.
- 8 Segundo a *Ley Electoral de 8 de agosto de 1907* só podían ser candidatos ás eleccións municipais os que xa eran concelleiros do mesmo concello, os propostos por dous concelleiros ou ex-concalleiros ou os elixidos nunha **antevotación** pola vixésima parte dos electores do distrito. Superar o 20% nunha especie de primarias. (*Gaceta de Madrid* de 10 de agosto)
- 9 Artigo 25 de la Lei Electoral do 8 de agosto de 1907.
- 10 *El Pueblo Gallego*, 12 de marzo de 1931. Acudiron a recibir a primeira autoridade provincial unha parte de *los suyos*, representados polos candidatos Herminio Ramos e o médico Jesús Solleiro, que foron os seus anfitrións nas visitas que realizou a Cabo Silleiro e á Virxe da Rocha. Tamén lle serviron de enlace nas reunións que tivo cos notables do municipio nun intento de pactar unha lista única e evitar, á fin, a loita electoral.
- 11 Ramos González Herminio (1925): *Crónicas históricas de la villa de Bayona*, Madrid, Tipografía Artística.
- 12 *El Pueblo Gallego*, 10 de abril de 1931.
- 13 *Ibid.* 24 de marzo de 1931
- 14 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 57 carpeta 257/6. Informe de data 21 de abril de 1931 firmado polo xefe da garda municipal de Baiona, Sixto Inisterra, e solicitado pola Comisión Gestora para indagar as infraccións cometidas polo último goberno municipal monárquico. Sixto Sisterra Longas, nado en Huesca o 24 de febreiro de 1887, estivera no Exército nas campañas de África onde chegara ao grao de Brigada. No seu prego de denuncias pon como exemplos, que “el 12 de Febrero y a fin de captarse adictos, se me ordenó dejar de hacer el repeso del pan (...) A los fines de favoritismo personal, con fecha de primeros de febrero, se ordenó al guardia Leonardo Fontela que hiciese única y exclusivamente el servicio por la mañana, porque así le era más cómodo..... a fin de justificar más sueldo al guardia anteriormente citado, se le encargó una misión que únicamente competía al recaudador de arbitrios como era el repeso de carnes en el matadero (por lo que le concedieron 30 pesetas más de sueldo), dándose el caso que Fontela cobraba más sueldo que el jefe que suscribe”.
- 15 *El Pueblo Gallego*, 10 de abril de 1931.
- 16 *Ibid.*
- 17 Os modelos de participación ata entón vixentes non se viron radicalmente alterados; non podía esperarse outra cousa despois de medio século de prácticas caciquís e de descarada manipulación do sufraxio que viciaban de forma irremediable a libre confrontación política. Prada Rodríguez, J. (2005): “República y sublevación militar”, en de Juana, Jesús y Prada, Julio (coords.): *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel 2005
- 18 Amparo Barreiro Troncoso (1918-2013), era neta do alcalde Fernando Barreiro, filla do alcalde monárquico e despois franquista, o farmacéutico José Barreiro Álvarez, e casada co alcalde franquista Evaristo Casal de Rey. Posuidora dun pequeno arquivo con documentación e fotos moi interesantes, fundamentalmente sobre a Segunda República en Baiona.

- 19 *Faro de Vigo*, 19 de marzo de 1931
- 20 *El Pueblo Gallego*, 8 de abril de 1931.
- 21 Os xuíces municipais participaban nas eleccións co obxectivo de conseguir a vitoria para o candidato do partido do que era adicto e, por outro lado, para facer máis difícil a misión de control dos seus adversarios (...) o poder xudicial actuou como parte belixerante no desenvolvemento das eleccións. Cores Trasmonte, Baldomero (1978): *O libro negro da Galicia electoral*, Santiago, Minerva, p. 68.
- 22 *Faro de Vigo*, 28 dexaneiro de 1931. A finais de xaneiro elixírase a directiva de sociedade agraria: Presidente: Pablo Nieto Virosta, Vicepresidente: Rogelio Lorenzo González, Secretario: José Hermida Losada, Vocais: José Domínguez González, Severo Areal, Laureano Álvarez Calvo, Vicente Penedo Costas e Domingo Fernández Carreira. Todos eles, excepto Rogelio Lorenzo, acabarán formando parte do Partido Radical.
- 23 Prada Rodríguez, Julio (2013): "Clientelismo y poder local en la Segunda República", en Prada Rodríguez y Grandío Seoane (Coord.) *La Segunda República: Nuevas miradas, nuevos enfoques*, en *Hispania Nova n° 11*, pp. 215-249.
- 24 Desde 1913, no houbera loita electoral nese municipio.
- 25 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 704 carpeta 704/2. Acta de proclamación de candidatos, 5 de abril de 1931.
- 26 Arquivo Municipal de Nigrán. Caixa 37. Documento de 5 de abril de 1931.
- 27 *El Progreso*, 14 de abril de 1931. Tamén en *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo* da mesma data. Os rexionalistas eran o grupo que integraba o alcalde Alonso Gonda e os seus apoios.
- 28 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 52, libro de actas 52/3. Sesión plenaria de 25 de maio de 1919.
- 29 Herminio Ramos escribiu un caderno manuscrito a modo de diario un tanto desordenado, saltando de datas, retomando situacións anteriores e sen continuidade. A súa última entrada foi en agosto de 1941. Na páxina 126 fixo referencia ás eleccións municipais de abril de 1931 con datos incompletos. Proclámase vencedor no distrito de Baiona e fai responsable da anulación destes comicios a *Maura, el malo* en referencia ao ministro da Gobernación, Miguel Maura. En contraposición, seguramente, o cualificativo de *bueno* adxudicárase ao irmán do ministro, Gabriel Maura, por formar parte este das filas monárquicas. Ramos González, Herminio (s/d): manuscrito, *Efemérides bayonesas*, p. 126.
- 30 Juliá, Santos et al. (2003): *La España del siglo XX*, Madrid, Marcial Pons, p. 73.
- 31 Machado, A. (1994): "El mañana efímero", incluído en *Poesías completas*, Colección Austral A33. Edición Espasa Calpe, Madrid.
- 32 *El Pueblo Gallego*, 15 de abril de 1936.
- 33 *Faro de Vigo*, 15 de abril de 1931.
- 34 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2071, libro de rexistro de entrada 2071/1. Documento con data de 15 de abril de 1931. Igual documento recibíuse en Baiona e Gondomar.
- 35 "Salvándose de la salvajada los retratos de D. José del Río Jorge, el del Conde de Bayona y el de su hermano. Causando muy mal efecto en el pueblo dicho acto de incultura". Eses republicanos eran Manuel Leyenda alias Kidán, Manuel González, Telmo Pais e Antonio Davila. En Ramos González, Herminio (s/d): manuscrito *op. cit.*, pp. 126-127. Esa versión confirma a Amparo Barreiro, filla de José Barreiro Álvarez, que nos contou que acudiu a pasear coa súa niñeira, ese día, ao entorno do

Concello e recordaba o desaloxo dos cadros polas ventás da Casa Consistorial que caían na rúa entre os aplausos dos concorrentes. Entrevista realizada polo autor o 10/01/2012.

- 36 *El Pueblo Gallego*, 23 de abril de 1931
- 37 *Faro de Vigo*, 17 de abril de 1931.
- 38 Arquivo Municipal de Gondomar, Caixa 1384 carpeta 1384/3. Acta de resignación da Alcaldía na presidente da Xunta Municipal Republicana, 15 de abril de 1931.
- 39 *Ibid.*, caixa 116, carpeta 116/3. Documento con data do 14 de abril de 1931. Sendo secretario municipal Domingo Álvarez.
- 40 En realidade foron dous telegramas con mesmo texto, un para o ministro da Gobernación e outro para o gobernador civil: “Constituida Junta Municipal provisional resignó en ella poderes Alcalde monárquico acordándose primera Asamblea celebrada entusiasmo público felicitar Gobierno provisional de laborar afianzamiento República. Tranquilidad absoluta”. Pablo Nieto. Noite do 15 para o 16 de abril. *Ibid.*, Caixa 1384, carpeta 1384/3
- 41 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 1384, carpeta 1384/3. Documento 15 de abril de 1931.
- 42 É curioso que a prensa, utilizando información do Goberno Civil, colocara ese resultado baixo o epígrafe “Resultado elecciones”. Quizais quixesen testemuñar que a composición da corporación de Nigrán, a esa data, era a mencionada polo cambio producido respecto ao que figuraba o día 5 na Xunta Municipal do Censo. *El Pueblo Gallego, Faro de Vigo, Progreso* del 14 de abril de 1931.
- 43 *El Pueblo Gallego*, 16 de abril de 1931.
- 44 *El Sol*, 16 de abril de 1931.
- 45 O modelo, segundo J. Prada, consistía no seguinte: presentar protestas ou reclamacións ou argumentar que a presión caciquil impedira a celebración dos comicios pola aplicación do famoso artigo 29, inmediatamente un delegado gubernativo encargábase de destituír a Xestora monárquica en funcións e nomear unha nova con ampla presenza de representantes do comité republicano, encargados de preparar novas eleccións nas que, case invariablemente, obtiñan a vitoria. En Jesús de Juana e Julio Prada (coords.) *op. cit.*, p.232
- 46 Na circular nº 71, primeira que firma o Goberno provisional da República, indicábaselles ás autoridades provinciais que entregasen o poder aos presidentes da Audiencia para levar a cabo de maneira ordenada o cambio de poder. Grandío Seoane, Emilio (2010): *A Segunda República en Galicia. Memoria, mito e historia*, Vigo, Edicións Nigra Trea, p. 34. Os nomeamentos dos gobernadores civís fixéronse con rapidez e en tres quendas polo novo goberno republicano, aínda que tardaron uns días en incorporarse. Decreto de Presidencia do Goberno provisional da República de 15 de abril de 1931, declarando de libre nomeamento os cargos de gobernadores civís (...) (*Gaceta* de 16 de abril de 1931). Serrallonga i Urquidi, Joan (2007): “El aparato provincial durante la Segunda República. Los gobernadores civiles, 1931-1939”, en *Hispania Nova* nº 7.
- 47 No seu apartado 2º, ordenábase aprazar por agora a constitución dos Concellos nos que existiran protestas e, no seu lugar, proceder á formación de comisións xestoras interinas compostas por un presidente e un número de vocais no mesmo número que os distritos electorais que constaba o municipio.

- 48 Inmediatamente enviou unha misiva de saúdo, a todos os cidadáns, pola prensa de Pontevedra. “Esta provincia tiene todos mis amores y mi mayor deseo, interin esté en este puesto es trabajar con entusiasmo por su prosperidad. Esta casa, este despacho es la casa de todos los habitantes de la provincia de Pontevedra, soy el gobernador de todos sin distinción de ideas y aquí pueden venir con entera libertad a exponer sus quejas y sus deseos con la seguridad absoluta que serán atendidos con la máxima justicia y con el mayor respeto por mi parte. Dentro de unos días visitaré hasta el pueblo más pequeño para, de cerca, apreciar las necesidades de todos e informar al gobierno para que este procure remediarlas”. *Faro de Vigo*, 21 de abril de 1931.
- 49 *El Pueblo Gallego*, 19 de abril de 1931.
- 50 Arquivo municipal de Nigrán Caja 2071, libro rexistro de entrada 2071/1, 1930-1942. “En el día de hoy se presentará en ese Ayuntamiento un delegado de mi autoridad con objeto de organizar el Ayuntamiento provisional y posesionar a las personas que designe para regirla hasta nueva orden... Personalmente dicho delegado le comunicará cuantas medidas complementarias estime oportunas para el mejor desempeño de su misión”. A mesma comunicación tamén no Arquivo Municipal de Baiona, caixa 1384, carpeta 1384/3, con data de 19 de abril de 1931 e en Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 80 e coa mesma data anterior.
- 51 *El Pueblo Gallego*, 23 de abril de 1931.
- 52 Maura Gamazo, Miguel (2007): *op. cit.*, p.395
- 53 “Y es que los republicanos de nuevo o viejo cuño no admitían que regentasen los Ayuntamientos personas adscritas a los partidos monárquicos y menos a los tradicionales caciques locales. *Ibid.*”
- 54 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 1384 carpeta 1384/3. Documento de 20 de abril de 1931. Tamén *Faro de Vigo* de 22 de abril de 1931 e *El Pueblo Gallego* de 23 de abril do mesmo ano.
- 55 *Ibid.* Documento do 19 de abril de 1931. Asinaron os dirixentes das sociedades agrarias de Donas e Borreiros: José Cribeiro, Manuel Martínez Pousadela e Manuel Morgadanes, por parte da primeira e José Pequeño Rodríguez e Manuel Martínez, por parte da segunda sociedade.
- 56 *Ibid.*, caixa 704 carpeta 704/2. Documento de 5 de abril de 1931. Non é descartable que algúns candidatos saísen elixidos de reunións de sociedades agrarias e despois fosen nominados de forma oficial tal como especificaba a acta da Xunta Municipal. Iso explicaría a información do *Faro de Vigo* do 7 de abril onde facía alusión a que a relación de candidatos presentados “se efectuó consultando la opinión del vecindario de las parroquias por medio de antevotaciones parciales”, aunque o procedemento oficial da convocatoria das antevotacións non se puxera en marcha.
- 57 *Ibid.*, caixa 1384, carpeta 1384/2. Acta de Constitución da Xestora republicana, 20 de abril de 1931.
- 58 *El Pueblo Gallego*, 23 de abril de 1931.
- 59 Posteriormente investiu no sector conserveiro adquirindo cun socio de Vigo a pequena fábrica de conservas de Valentín Puga, sita en fronte do parque da Palma e transformándoa nunha fábrica de salgado, *Salazones Nartallo: sardina, anchoa y bacalao*. Entrevista do autor con José Luis Pazo Eloy, fillo de Pazo Nartallo, 15 de outubro de 2010.

-
- 60 Levaba menos dun ano exercendo na parroquia de Belesar, socialista e afiliado ao Sindicato de Traballadores da Ensinanza-UGT
- 61 Era fillo do industrial de A Guarda Manuel Puga González e de Antolina Franco Rodríguez. Tiñan negocios de madeiras e de transportes. En 1927 inaugurou a súa primeira fábrica de conservas en Baiona tras comprarlla ao empresario vigués Josefino Valeiras e irmán. Era un republicano próximo a Azaña.
- 62 Arquivo Municipal de Baiona, Caixa 6 carpeta 1931. Documento con data de 20 de abril de 1931.
- 63 *El Pueblo Gallego, Ibid.*
- 64 *Ibid.* O periodista facía esta pregunta “¿Cree el señor gobernador y su delegado que el león puede dejar de ser león aunque se oculte bajo la piel del cordero?”
- 65 *Ibid.*, 1 de mayo de 1931.
- 66 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 220, libro de rexistro de saída 220/1. Documento rexistrado con data de 25 de abril de 1931.
- 67 Nigrán foi o único municipio do Val Miñor e da contorna onde non se nomeou ningunha Xestora republicana; o Goberno Civil consentiu que permanecera no goberno local a corporación elixida en abril polo artigo 29.

A guerra da España na memoria da raia¹

NATALIA JORGE PEREIRA

RESUMO

Nos últimos anos, a memoria da guerra ten ocupado un lugar destacado na opinión pública chegando o debate a novos ámbitos fora dos círculos académicos. O presente texto supón un achegamento a esa memoria da guerra pero a través doutra mirada: os ollos dos veciños da marxe portuguesa. Un traballo que busca analizar a memoria que sobre a Guerra da España confeccionaron os veciños portugueses, sen dúbida testemuñas privilexiadas dos sucesos do 1936.

O presente texto é froito da investigación realizada ao longo do ano 2014 no municipio de Vila Nova de Cerveira (Portugal) e que foi presentada no Máster de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela e posteriormente nas Jornadas de Estudos, Memória, Património e Devir: entre futuros passados e tempos inéditos organizados polo Instituto de História Contemporânea (Universidade Nova de Lisboa, 20 abril 2017).

As liñas de investigación desenvolvidas céntranse na determinación do corpus da memoria dos habitantes da poboación raiana, as súas limitacións e os fenómenos que determinan esa memoria tecida por unha comunidade fortemente vinculada ao lugar dos sucesos mais tamén ás persoas involucradas no mesmo.

PALABRAS CHAVE: Guerra Civil, represión, contrabando, fronteira, raia, memoria.

ABSTRACT

Memories about the war have occupied a prominent position in the public's collective mind in the last years, what has moved debates about the armistice out of the academic field. This text is meant to be an approach to the war memories but from a different perspective: the views of the neighbours in the Portuguese shore. A study that intends to analyse the recollections about the war that lie in the memory of our closest neighbours, privileged witnesses to the 1936 events.

This text is the result of research done in the year 2014 in Vila Nova de Cerveira (Portugal), presented in the Máster de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela and after in the Jornadas de Estudos, Memória, Património e Devir: entre futuros passados e tempos inéditos, organized by the Instituto de História Contemporânea (Universidade Nova de Lisboa, 20th April 2017).

The investigation centres on the body of memories belonging to the citizens of the border village, who were strongly connected both to the place and people involved in the events.

KEY WORDS: Civil War, repression, trafficking, border, line, memory.

DE NOVO A MEMORIA

A memoria oral constitúe un dos elementos que en maior medida definen as sociedades rurais. Unha tradición, a de relatar o pasado, que sobrevive pese aos azoutes dun mundo globalizado onde mudaron os lugares comúns de socialización. Aínda nun contexto tan arduo para a súa reprodución, a memoria ten acadado un novo interese. A día de hoxe, o emprego das fontes orais nas ciencias sociais está perfectamente normalizado, de feito é un recurso habitual en boa parte das investigacións referidas ao pasado século XX. Un uso aceptado e fomentado dende a formación secundaria até aos investigadores e investigadoras que buscan respostas na historia recente.

O emprego das fontes orais na investigación da guerra civil iniciouse na década de 1960 da man de historiadores estranxeiros como foron Hugh Thomas, Raymond Carr, Stanley George Payne ou Gabriel Jackson que deron comezo a unha liña historiográfica alternativa a oficial española²¹. Traballos sobre a guerra e a represión que tiñan como base o coñecemento político. Na seguinte década, 1970, será novamente a historiografía estranxeira a que atenderá o ámbito social. Paul Preston³ e Payne son os autores que introducen no ámbito español novas investigacións máis atentas ao plano social e menos ao político. Unha liña de estudo que continuarán, agora si, historiadores nacionais ligados ao entorno do Profesor Tuñón de Lara e dos Coloquios de Pau⁴.

O aniversario da contenda e a vaga de publicacións ligadas a súa conmemoración vén parello dunha volta ao uso das fontes orais que acadan un lugar destacado cos novos enfoques historiográficos nos que o Franquismo e a Guerra Civil son conectados coa II República e a Ditadura de Primo de Rivera. Novas olladas nas que o interese pola vida cotiá durante o franquismo levaba a unha maior atención ao proceso bélico e ao día a día da poboación civil. Postulados todos eles reservados ao ámbito académico até que en 1998 as pantallas de televisión retransmiten a noticia da detención do ditador chileno Augusto Pinochet. Baltasar Garzón, por aquel entón xuíz da Audiencia Nacional, protagonizou un dos episodios da historia recente máis difundidos polos medios, convertendo a represión e o que fora ditadura chilena no debate actual. É neste momento no que a guerra da España e a represión nas nosas fronteiras saía do ámbito académico e se colaba nos círculos da opinión pública.

Un interese que aniña nas novas xeracións que non coñeceron nin a guerra nin a memoria da guerra. A partir de aquí sucédense varios acontecementos que serven de indicador do crecente interese por un pasado silenciado: o 2006 será o ano da memoria, escávanse as fosas nas cunetas, o goberno estatal promulga a Lei da Memoria Histórica, ... até chegar a planear a exhumación dos restos do ditador. Acontecementos nada desdeñosos que poñen na palestra un debate que afecta á sociedade actual e que bebe directamente do noso pasado.

Un tema candente no que a moral precisa da historia, un pasado que lonxe de terse esquecido, suscita novos debates e novas investigacións. Non só destinadas ao círculo académico senón ao público xeral, boa mostra disto é o documental *El silencio de los otros*, que no momento da escritura deste artigo leva tres semanas en carteleira conseguindo encher salas cun documental sobre os vencidos e a historia da guerra.

Se cruzamos a fronteira, no veciño Portugal, a historiografía portuguesa recuperou parte do legado anglosaxón vinculado á antropoloxía e ás correntes marxistas. Unha liña de investigación preocupada pola recuperación da historia rural e das

súas comunidades. Neste contexto sitúanse os traballos de historiadores como Manuel Loff ou antropólogas como Paula Godinho, Inés Fonseca ou Dulce Simões, que teñen centrado os seus traballos na guerra da España, nas violencias da ditadura e no devir das fronteiras⁵.

Ten sido a historiografía portuguesa a que se ocupou da raia, á diferenza da española ou da galega centradas na cultura e nos imaxinarios da guerra ou nas propias vítimas. Un compendio no que as liñas de estudo teñen sido os vitimarios, as resistencias e a expresión no rural. Unha perspectiva da que o noso traballo é debedor e co que procuramos dar resposta aos comportamentos e ás actitudes das comunidades na raia baixo circunstancias dramáticas. Unha modesta aportación que agardamos interese a unha sociedade que demanda saber que aconteceu e á que podemos ofrecer un coñecemento científico dun tema que até hai pouco pertencía ao ámbito privado, ao lugar da memoria.

QUE ACONTECEU

A Guerra iníciase o 17 de xullo en Melilla cando un sector do exército co apoio dalgúns sectores da dereita española, se levanta en contra do goberno elixido uns meses antes. Os sucesos acadidos ao longo dos seguintes tres anos son coñecidos polo conxunto da cidadanía de modo que non nos deteremos nos acontecementos concretos do proceso bélico. Iso si, debemos resaltar varios aspectos da contenda, como o feito de que a guerra se produce porque o golpe de Estado non triunfa dando lugar a unha coexistencia entre os que apoiaron o levantamento e os que non o fixeron. Ademais, a guerra espállase recibindo ambos bandos axuda estranxeira. Unha colaboración que no bando sublevado supón a introdución de novos medios bélicos experimentais que a Alemaña nazi e a Italia fascista empregarán durante a II Guerra Mundial. A Guerra da España será o primeiro escenario europeo no que a poboación civil pasa a ser obxecto de guerra. As cidades serán bombardeadas á par que se implantan tácticas na retagarda experimentadas con anterioridade na guerra do Rif como é a aplicación sistemática de métodos represivos.

A represión supón eliminar de forma metódica calquera tipo de oposición ás novas autoridades. Para elo aplicábase unha política do terror mediante fusilamentos (paseos), multas e confiscacións de bens, estigmatización social das familias que non mostraron apoio ao novo réxime ou que tiveran calquera tipo de vinculación co republicanismo e coa esquerda política⁶. Nesta estratexia do terror a violencia contra a muller xogou un papel fundamental converténdose nun peza clave como forma de dominación onde houbo vencedores e vencidos.

O territorio galego é dos primeiros lugares ocupados polo bando sublevado e polo tanto será o primeiro escenario para levar a cabo a represión. Unha violencia extrema que servirá de propaganda para os territorios que irán caendo ao longo dos case tres anos que dura a contenda.

A comarca do Baixo Miño e, en concreto Tomiño, foron bastións do movemento agrario que mostraron a súa oposición ao bando sublevado e participaron dende o primeiro momento na xunta de defensa de Tui. A Fronte Popular é a encargada da súa organización baixo a dirección do médico tudense Hermenegildo Losada e coa

colaboración de líderes políticos e sindicais como o deputado Antón Alonso Ríos ou o alcalde de Tui Guillermo Vicente. O día 25 de xullo as forzas falanxistas apodéranse de O Porriño. Os agraristas de Tomiño localízanse en Guillarei onde se constrúe un sistema de trincheiras e resisten os golpes até que a falta de municións e o desequilibrio de forzas provoca a retirada republicana. A xunta local entrega a cidade aos militares e con ela cae Tomiño e O Rosal. As milicias agóchanse no Monte Aloia onde todos serán asasinados. No Aloia iníciase o terror, a partir de aquí as detencións e os paseos serán a ameaza constante. O sindicalismo agrario é decapitado. Líderes agraristas e sindicais como Francisco Rodríguez Otero ou Hipólito Gallego Camarero son paseados. Outros como Antón Alonso Ríos foxe e salva a vida tras a unha coñecida peripecia⁷. Pero foron moitos máis os que pagaron coa vida ou co asaño da súa familia polo seu pasado republicano. Sabemos con seguridade que os tomiñeses asasinados superaron a decena, tamén os represaliados foron numerosos mais a súa contabilidade resulta complexa. Os seguintes cadros poñen nome aos asasinados naturais ou residentes de Tomiño e aos que foron mortos dentro do término municipal⁸.

O silencio converteuse nun elemento fundamental para a supervivencia. O Colexio Xesuíta de Camposancos funcionou como campo de concentración de 1938 a 1941 onde estiveron encarcerados máis de 2.000 presos. Os asasinatos foron unha constante. Disparos que a outra marxe escoitaba con compaixón, testemuña do medo e da morte.

O establecemento dun novo Réxime nos primeiros meses da guerra, supuxo a volta da vella elite local aos municipios. Unha elite política que baseou o seu poder na dominación social mediante un férreo control cimentado no clientelismo e na corrupción onde o contrabando desempeñou un importante papel. O control dos elementos xeradores da economía, as formas de sociabilidade e de lecer mediante o clero e os membros do novo poder⁹, favoreceron unha cultura da resiliencia na que o discurso público difería do privado.

Esta situación foi ollada polas poboacións da outra marxe que foron quen de reactivar os lazos existentes e adaptarse ao clima de inestabilidade e perigo constante. Fronte ao efecto sorpresa das detencións, das coaccións, fortalecéronse as redes de fuxidos e do contrabando transfronteirizo.



Muller e nena pastando bois na marxe portuguesa. Foto Eliseo Alonso.

Parroquia	Fusilado	Barrio	Idade	Estado civil	Profesión	Morte
Amorín	Justo Álvarez Díaz	Outeiro	35	casado	comerciante	fusilado en Vigo o 13 xuño 1938.
	Manuel Piñeiro Zúñiga	Outeiro	37	casado	industrial	Morto en Mondariz o 4 outubro de 1936.
Currás	Juan Abramo Dios	Monte	26	solteiro	mestre	Morto na Pobra do Brollón o 3 de setembro de 1936.
Estás	Daniel Carrera Martínez	Graxola	38	casado	carpinteiro	sen identificar
	Antonio Baz Domingo	Graxola	37	casado	electricista	Morto en Pontearreas o 24 de setembro de 1936.
Figueiró	Francisco Rodríguez Otero	Centinela	39	casado	practicante, secretario xudicial	Morto en Mondariz o 4 de outubro de 1936.
Forcadela	Hipólito Gallego Camarero	Eidos de Abaixo	39	casado	mestre	Morto en Mondariz o 4 de outubro de 1936.
Goián	Antonio Iglesias Perucho	Tollo	36	casado	albanel	Campo de San Lourenzo- Goián
Piñeiro	Manuel Granada	Bouzada	35	divorciado	xornaleiro	Camiño Grela, Piñeiro
Sobrada	Ángel Millán Alonso	Gandaríña	33	casado	canteiro	Morto en agosto 1936 no camiño de Monte en Sobrada.
	Antonio Silva Viñas	Escampados	40	casado	xornaleiro	Morto en Sobrada.

Tomieñeses asasinados.

Parroquia	Lugar	Data morte	Nome	Natural	Veciñanza	Estado civil	Idade	Profesión
Amorín	Monte Candeira	13 ago 36	Joaquín Avelino Álvarez López	A Guarda	Tegra- Teis (Vigo)	-	30	-
			Secundino Barciela	-	-	-	28	-
			Cesareo Costa Rodríguez	Teis	Tomíño	solteiro	27	-
			José Costa Rodríguez	-	Tegra- Teis (Vigo)	-	28	marineiro
			Evaristo Melón Martínez	Teis- Vigo	Teis -Vigo	casado	33	funcionario municipal / cabo de arbitrios
Goián	O Poste, Goián	5 ago 36	José Cardoso Martínez	Tabagón, O Rosal	Tabagón, O Rosal	casado	30	barbeiro
	Campo de San Lourenzo	28 ago 36	Antonio Iglesias Perucho	Tomíño	Goián	-	36	labrego
Piñeiro	Camiño Grela	19 ago 36	Manuel Granada sen 2º	Piñeiro	Tomíño	divorciado	35	xornaleiro
Santa María de Tebra	Monte Salgueiro- Tebra	22 setembro 1936	José Groba Dominguez	O Porriño	O Porriño	casado	30	-
			José Grova Rodríguez	O Porriño	O Porriño	casado	27	-
			José Rocha "Portugués"	Portugal	O Porriño	-	-	-
			Antonio Francés Carpinteiro	O Porriño	O Porriño	casado	27	-
			Eliazar Francés Carpinteiro	O Porriño	O Porriño	casado	25	-

			José Cabreira Valverde	Nigrán	Nigrán	casado	32	Mozo de tren
	Ponte dos Ríos- Tebra	24 setem- bro 1936	Horacio Rouco Álvarez	Coruxo	Vigo	casado	33	tranviario
			Marcelino López Ameneiros	Ferrol	Ríos- Lava- dores	casado	43	conductor ferro- carril
			Álvaro Soliño Araújo	Vigo	Teis - Vigo	casado	39	peón eventual de limpeza dos obra- doiros de tranvías de Vigo
			Jacobo Barreiro Pereira	Vigo	Chao nº 8 (Vigo)	solteiro	39	pintor / secretario do sindicato de tranviarios 1935-36
	Padrón- Tebra	25 setem- bro 1936	José Rodríguez Vigo	Fisterra	R/ Uruguay 33 Vigo	solteiro	35	odontólogo
Sobrada	Salgueiro / Sequeiro	9 ago 36	Andrés González de Castro	A Guardia	Teis - Vigo	casado	33	oficinista
	Sobrada (posible Pino Manso)	9 ago 36	Manuel Nogueira Cruces	-	A Guardia	s/i	-	-

Personas asasinadas en Tomiño.

COMO SE RECORDA

A guerra, como acontecemento excepcional, é un dos relatos máis recorrentes na transmisión oral. A memoria da guerra é reconstruída a través das anteriores narracións que unha vez máis se reinventan, do mesmo xeito que acontece coa tradición¹⁰. É polo tanto unha construción viva que se refai cada vez que se narra, unha reconstrución a posteriori de experiencias vitais dos individuos ou da comunidade que ten un claro fin social na reprodución das poboacións. Un relato formado por elementos escollidos para ser lembrados. Un discurso cunha carga simbólica que require dun tempo e dun espazo específico.

A memoria e a súa transmisión xoga un papel destacado no ámbito das socializacións no mundo rural. Un discurso que emprega conceptos e unha linguaxe que boa parte das veces non se corresponde co tempo narrado.

A Guerra da España forma parte das historias que as comunidades da outra marxe narran de forma oral. Un relato ao que nos achegamos da man da memoria de seis veciños que residen no municipio de Vila Nova de Cerveira e a través dos que observamos liñas comúns. Unha narración propia do ámbito privado suxeita a un código compartido polo imaxinario colectivo. Os elementos comúns dese discurso son os elementos aos que prestaremos atención procurando dar resposta a súa existencia.

Os informantes que protagonizan o noso traballo, corresponden a dúas mulleres e catro homes residentes nas freguesías de Vila Nova, Campos, Nogueira e Lovelhe. Todos eles son de extracción campesiña salvo Cándido, e todos eran cativos cando aconteceron os sucesos do 36. Como raianos a súa vida transcorrera no entorno da fronteira e do río, polo tanto todos terán unha vinculación directa coas prácticas no mesmo, entre elas o contrabando.¹¹



Pasaporte de Luis Pereira Pereira, veciño portugués residente en Sobrada. Familia Recaredo Pereira Castiñeira.

O primeiro trazo común é a súa actitude hostil fronte a ditadura que lles tocou vivir. Podemos definir a súa memoria como un relato de resistencia na que o código moral adquirido no fogar chocaba contra os piares do Estado Novo de Salazar representados no brazo armado da ditadura. Un enfrontamento determinado porque as estruturas e os axentes dese réxime eran alleos á tradición e aos espazos do rural nos que os seus membros se sentían atentados. Un diálogo que lonxe da conflitividade aberta pasaba pola confrontación silenciada e baseada nun cotiá boicot.

A guerra da España prodúcese cando na outra marxe xa está instaurada a Ditadura de Salazar. Un ambiente que se recría na fronteira durante a última semana de xullo de 1936 coincidindo co exilio masivo dos milicianos que resistiran no sur das provincias de Pontevedra e Ourense. O goberno envía soldados á fronteira que se unen á Guarda Fiscal e á actuación da PVDE¹² aumentando de xeito considerable a presión sobre as poboacións raianas e incrementando o grado de hostilidade. O peche de fronteiras e a presenza da policía fiscal e política significa que o uso do río está fortemente condicionado. Polo tanto a pesca, o paso de persoas¹³ e o contrabando se ven entorpecidos polas novas ordes ditadas dende Lisboa. En definitiva, as actividades económicas e sociais son alteradas e con elo a vida cotiá das persoas.



Barqueiros no río Miño. Foto Eliseo Alonso.


Neste contexto hostil, a memoria do 36 é protagonizada, en primeiro lugar, pola figura do fuxido. Todo relato da guerra é iniciado polos escapados que cruzaron a fronteira, que se agocharon nas casas e que logo foron conducidos ás vilas de Ponte de Lima, Viana do Castelo ou Porto.

Dos seis entrevistados, tres conviviron con agochados nas súa casas, é dicir, teñen lembranza de galegos que fuxían do seu fogar polo perigo que corrían e cos que mantiveron en maior ou menor medida unha relación de convivencia. Nalgúns casos,

coñeceron a varias persoas nesta situación que estiveron agochadas nas súas vivendas durante diferentes períodos que oscilaron de días a meses. Os lazos que se estableceron nalgúns destes casos mantivéronse no tempo mantendo unha comunicación a posterior dos feitos¹⁴.

Este activismo xustifícase fundamentalmente por dous fenómenos que impulsaron a creación dunha rede de apoio aos fuxidos¹⁵. Por un lado, existía previamente unha relación de familiaridade e de amizade entre ambas poboacións fronteirizas baseada nos matrimonios mixtos, nunha mobilidade temporal¹⁶, no partillamento de festividades¹⁷ e na explotación conxunta da pesca fluvial¹⁸ e do contrabando. E por outro lado, a crueldade da represión xa nos primeiros días espertou un sentimento de medo que a día de hoxe segue ligado de xeito directo a guerra da España e que a define nos recordos dos nosos entrevistados. Todos falan de que escoitaron os tiros doutro lado e que como di Cándido Magalhães:

a noite nos ficabamos na cociña a luz do fogón, a ouvir historias sobre a guerra civil, sobre o que se ouvia e algunhas coisas que realmente cabem na miña memoria. O que me ficou mais fincado na miña memoria foi que ao anoitecer normalmente as persoas que aínda andaban ao traballo xunto ao río ouvían do lado de acá as rexadas de metralleta ou de ametralladora como nos lle chamamos acá, e persoas a gritar: homens, mulheres e crianzas. E isso era uma...nos viviamos iso como unha dor, con pena porque muitas das pessoa dun lado e do outro do rio tinham ligaçõs afectivas muito fortes, por un lado a traves do comercio do contrabando e por outro por afinidades até familiares. Alguns tiñan familias noutro lado, Goián, de Tomiño, e por tanto o que me ficou demais marcante na miña mente de criança na altura era mesmo eses horrerres vividos tamen por lado de acá.



Lances de cruz entre Torrón e Cristelo Covo, ca 1950. Foto Familia Silva Mariño.

A contenda do 36 é sempre narrada como “unha guerra fratricida”, unha guerra entre “irmãos”. Unha guerra que non xustifican aínda que discrepen nas súas causas. Este é outro das características comúns da memoria da guerra: a crueldade. Unha barbarie que é retratada de forma unánime por todos os entrevistados e que choca co discurso acerca da guerra nas colonias portuguesas, lugares cos que algúns dos nosos entrevistados mantiveron vinculación¹⁹.

Así como a ferocidade dos vencedores do 36 é un dos epicentros da memoria colectiva da outra marxe, as causas que



Lances de cruz entre Torrón e Cristelo Covo, ca 1950. Foto Familia Silva Mariño.

motivaron tales sucesos difire nalgúns casos, é dicir, non hai unha valoración unánime. Cándido, cun texto de Manuel Loff no regazo, proporciona unha explicación máis académica na que a guerra foi un golpe de Estado contra ao réxime lexítimo da República porque gobernaba a esquerda. Orientación política coa que se identifica e proxecta a súa familia destacando o papel do seu avó que centrará boa parte do relato (“somos unha familia de esquerdas, pero esquerdas demócratas”). Luis sen embargo defende que a guerra foi causada polos comunistas que obrigaron a imposición dunha ditadura como en Portugal. Luis non outorga vantaxes aos réximes ditatoriais mais nostalxia as mellores condicións de vida que opón aos momentos actuais protagonizados por dificultades económicas e polo alto grado de corrupción. A través das narracións destes dous entrevistados observamos como inflúen as políticas de propaganda do réxime. Un fenómeno común a ambas beiras do Miño na que os vencidos representan o negativo da revolución, o ocaso do cambio, o atentado contra os piares do mundo rural²⁰. Un papel no que tivo un papel decisivo o clero rural. Non só pola súa autoridade local asinando informes de boa conducta senón tamén como superioridade moral.

A Guerra como xa dixemos, interrompeu a vida cotiá das poboacións da raia que, como acabamos de ver, non só foron meros observadores do dolor senón que tiveron un papel activo participando no paso de fuxidos. Un paréntese que afianzou os lazos de solidariedade entre ambas marxes. A unión entre as dúas comunidades fortaleceu-se e ese recordo está enclavado nas lembranzas de ambas poboacións. O impasse da guerra superouse na fronteira co contrabando que a partir do establecemento do novo Réxime con Franco como Xefe de Goberno converterá ao Miño nunha fonte de prosperidade. O contrabando da fronteira viviu a súa maior época na posguerra profesionalizando as poboacións miñotas na actividade. Todos os informantes participaron de

forma activa no contrabando, uns como barqueiros profesionais (Luis e Alesandrino), outros coa súa redistribución nos mercados locais (Julieta), co contrabando de persoas a Francia²¹ (veciña de Nogueira) ou capitaneando o paso de grandes cantidades de mercadorías e da súa redistribución a ambos lados como é o caso Joaquim Magalhães.

Neste senso, ten sentido que no imaxinario da fronteira a Guerra da España estea fortemente ligada ao contrabando. Unha actividade que polo seu carácter ilegal enfrontaba as directrices dos novos Réximes e que estaba personificado pola GNR, a Guarda Fiscal e PVDE, e a Guardia Civil de Costas e Fronteiras (carabineiros). Uns corpos de orde que xunto coas novas autoridades locais acabaron por formar parte do clima corrupto e clientelar ao que incitou a práctica da autarquía e o racionamento.



Patrulleiro da Armada Española Cabo Fradera e barqueiro fronte Vila Nova de Cerveira. Foto Eliseo Alonso.

O contrabando é lembrado como un episodio positivo cheo de grandes glorias ao que todos os que vivimos na fronteira estamos acostumados a oír falar. Relatos extraordinarios nos que se poden analizar os fundamentos da memoria. A modo de exemplo recuperamos unhas palabras de Cándido Magalhães que ademais nos permite recuperar a conexión do contrabando coa contenda.

o portugueses eramos mais ousados, mais aguerridos (referíndose a práctica do contrabando), non tiñamos tanto medo, non vivemos a guerra civil, entendes? A guerra civil deixou marcas profundas en toda a sociedade española, entendo eu, durante muito tempo. (...) o medo persistiu durante décadas despois da guerra civil, entendo eu, e por iso mesmo despois de ter acabado a guerra no 39, (...) eu haxo que existía algún medo ou algún pavor nas persoas a ser aproximadas a beirada do río, polos caravineiros e pola marina, (...) eran zonas moitos vixiadas i nos tiñamos a garda fiscal aquí, en cada freguesía había un posto, por tanto controlaban a vida das persoas de mañán a noite, non é? (...) O medo do lado de alá era tanto y tanto que

os nossos contabandistas chegaban a levar carga até Tebra. Por tanto ti ves, o medo que estaba encurtido na sociedade de entom

CONCLUSIÓNS

A modo de conclusión podemos afirmar que a guerra significou en boa medida a existencia dun discurso oculto e dun público. Un ámbito privado no que a memoria significaba a lembranza da resistencia. Recordos dun pasado no que actuaba un elemento cohesionador: o contrabando. A lexitimación do contrabando transfronterizo e o seu papel nas glorias pasadas, favorece a reivindicación das estratexias de resistencias cotiás que boicotearon de forma sistemática as formas de dominación. Unha actitude que precisou de lazos preexistentes en ambas marxes. Unha relación propia da cultura da fronteira na que a crueldade da guerra foi afrontada coa organización dunha rede de refuxiados que durante meses serviron de salvoconduto para os represaliados. Unha labor xustificada na proximidade familiar e de amizade capaz de superar os riscos existentes. Unha comunidade que se define por oposición e que neste caso identifica a ameaza nos axentes da lei que atenta contra a supervivencia da comunidade.

No fondo, vivir na raia húmida significa atravesar de xeito habitual o río e polo tanto aceptar que “o Miño cobra o seu foro”. En torno á súa existencia fornécese un medio económico, a pesca e o contrabando, e unha convivencia que precisa de lazos fortes. Esa man que aperta con forza cando estoupa a guerra fratricida e cando os temores deben ser novamente ollados para adaptarse aos novos tempos.

Un decurso que é lembrando con algunhas limitacións e que son propias da pegada das políticas ditatoriais como é o endiañamento dos vencidos á modo de xustificación da crueldade. Porque os vencedores reescriben a historia e relegan as memorias colectivas ao espazo privado, despolitizan os episodios e as persoas, reducindo a ideoloxía á simples incidentes vitais e á criminalidade común. Un capítulo interesante para coñecer os procesos de brutalización do século XX e o papel das políticas de propaganda nas memorias colectivas que debería ser estudado con detemento. Novos temas para retomar un relato plagado de gandeiros contrabandistas, de barqueiros aguerridos, de portadores que arriscaban a vida polo futuro, de pícaros que boicoteaban aos axentes da nova orde social sen romper o código moral existente.

BIBLIOGRAFÍA

- ADRIO BARREIRO, Gonzalo (2008): *La vida municipal en la II República Española. Examen de los municipios en la provincia de Pontevedra en ese período (1931-1936)*, Edicións Do Castro, Sada.
- ALONSO RÍOS, Antón (1979): *O Señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*, Castrelos, Vigo.
- CARDESÍN DÍAZ, José María (1993): “*La religión como teoría organizadora de la experiencia de vida campesina*”, *O feito relixioso en Galicia, Asociación Galega de Historiadores, Santiago de Compostela*, pp. 201-22

- (1996): “Religión y vida cotidiana en una parroquia rural”, SÉMATA, Ciencias Sociais e Humanidades, núm. 7-8: *Las religiones en la historia de Galicia*, pp. 615-639.
- (2005): “*Toda historia lleva implícita una antropología. Una indagación en la historia del pensamiento occidental*”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, núm 128 (enero-diciembre 2015), páx. 355-387.
- JORGE PEREIRA (2010): *Tomiño na historia*, A Nosa Terra, Vigo.
- (2016): “Antón Alonso Ríos no agrarismo tomiñés (1931-1936)”, *Murguía. Revista Galega de Historia* nº 33 (xaneiro-xuño 2016), Santiago de Compostela.
- JORGE PEREIRA, Natalia e MARTINS, André (2011): *Lanzo das imaxes*, documental.
- GODINHO, Paula (1996): “Memória social e patrimonio” en *A Trabe de ouro*, T. 3 núm. 27, Santiago de Compostela, pp. 431-441.
- (2011): *Oír o galo cantar dúas veces*, Deputación Provincial de Ourense, Ourense.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio (1993): “El primer personal político del franquismo en la provincia de Coruña: cambio y continuidad de las élites políticas municipales durante la Guerra Civil en la retaguardia nacional (1936-1939)” en *Congreso Internacional El Régimen de Franco*, Universidade Nacional de Educación a distancia, Madrid.
- (1993): “A represión contra o republicanismo” en *Congreso Internacional El Régimen de Franco*, Universidade Nacional de Educación a distancia, Madrid.
- (2001): “A ribeira que deixou de selo. A fronteira galego-portuguesa tras o golpe de xullo de 1936” en *Entre nós: estudos de arte, xeografía e historia en homenaxe ao profesor Xose Manuel Pose Antelo*, SUniversidade de Santiago de Compostela, antiago de Compostela.
- (2006): *República e republicanos en Galicia*, Ateneo Republicano de Galicia, A Coruña.
- (2011): *Vixiados. Represión, investigación e vixilancia na Galia da Guerra Civil (1936-1939)*, Laiovento, Santiago de Compostela.
- (2013): *Derribar a Franco. Oposición al régimen y guerra fría en el noroeste de la Península Ibérica*, Eneida, Madrid.
- LOFF, Manuel: “Revolución versus tradición? Visiones de España desde el Portugal revolucionario y posrevolucionario”, en Dialnet. Enlace web: dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/1354289.pdf
- PENA RODRÍGUEZ, Alberto (1997): *El Estado Novo de Oliveira Salazar y la Guerra Civil española: información, prensa y propaganda (1936-1939)*. Tesis doctoral. Enlace web: <http://biblioteca.ucm.es/tesis/19972000/S/3/S3036701.pdf>
- PEREIRA, Dionisio (2004): “A represión franquista na provincia de Pontevedra (1936-1950)”, *Unión Libre* nº 9, pp.33-46
- (2013): *Emigrantes, exiliados e perseguidos. A comunidade portuguesa na Galiza (1890-1940)*, A traves editora, Ourense.
- RODRÍGUEZ BARREIRA, Óscar (2008): *Migas con miedo. Prácticas de resistencia al primer Franquismo 1939-1953*, Universidad de Almería, Almería.
- RODRÍGUEZ GALLARDO, Ángel (2007): “Entre barandas e inverneiras: refuxiados e guerra civil” en *A Trabe de ouro*, nº 57, Santiago de Compostela, pp. 23-37
- (2008): “Galegos, vítimas de Salazar” en *A Trabe de Ouro*, T 3, ano 19, nº 75, Santiago de Compostela, pp. 393-407
- (2010): *A teima da memoria en Cincocentas peneiras para 25 anos*, pp. 98-99
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Javier (2011): “A implatación da ditadura franquista. A represión nos procesos de control social” en *Vixiados. Represión, investigación e vi-*

- xilancia na Galia da Guerra Civil (1936-1939)*, Laivento, Santiago de Compostela.
- ROSSAS, Fernando (coord) (1998): *Portugal e a guerra civil de Espanha*, Colibrí, Lisboa.
- SIMÕES, Dulce (2013): *Frontera y guerra civil española. Dominación, resistencia y usos de la memoria*, Diputación de Badajoz, Badajoz.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl E PRADA RODRÍGUEZ, Julio (1997): “Antropoloxía da memoria, representación simbólica e función social das contruccións míticas relativas á represión franquista” en *Actas do III Congreso de Historia de la Antropología y Antropología Aplicada*, Instituto de Estudos Gallegos “Padre Sarmiento”, Santiago de Compostela.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (2001): *Galicia nos tempos de medo e fame: autarquía, sociedade e mercado negro no primeiro franquismo 1936-1959*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

FOTOGRAFÍAS

- Fotos 1, 3 e 6: Eliseo Alonso
- Foto 2: Familia de Recaredo Pereira Castiñeira
- Fotos 4 e 5: Familia Silva Mariño.

NOTAS

- 1 O presente texto é froito da investigación realizada ao longo do ano 2014 no municipio de Vila Nova de Cerveira (Portugal) e que foi presentada no Máster de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela e posteriormente nas Jornadas de Estudos, Memória, Património e Devir: entre futuros passados e tempos inéditos organizados polo Instituto de História Contemporánea (Universidade Nova de Lisboa, 20 abril 2017).
- 2 Hugh Thomas (Windsor -Inglaterra, 1931- Londres, 2017) deuse a coñecer no 1961 coa súa obra *La Guerra Civil Española* que pronto foi traducido a varias linguas. Xunto con Raymond Carr e Paul Preston formaron o grupo de hispanistas británicos dedicados ao estudo da Segunda República e Guerra da España. Raymond Carr (Bath- Reino Unido, 1919-2015) foi un dos máis recoñecidos hispanistas sobre a guerra civil e a república. En 1966 publicou *Spain 1808-1939*. Stanley George Payne (Denton Texas, Estados Unidos, 1934) Profesor na Universidade de Winsconsin-Madison, destacamos a súa primeira publicación sobre a historia recente de España *Falange. Historia del fascismo español* que foi publicada en París por Ruedo Ibérico en 1968. Gabriel Jackson (Mount Vernon, Estados Unidos 1921) destaca a súa obra *La república española y la guerra civil*. A obra non pasou a censura franquista mais tivo unha longa vida clandestina no mercado negro.
- 3 Paul Preston (Liverpool, Reino Unido, 1946) é un dos máis destacados hispanistas dedicados ao estudo da historia contemporánea de España xunto con Hugh Thomas e Raymond Carr. *La Guerra Civil española. Reacción, revolución y venganza* (1978) foi a súa primeira achega a historiografía sobre a guerra de España que iniciou na

- Universidade de Oxford xunto con Hugh Thomas. Un das súas obras máis coñecidas é a biografía do ditador *Franco: Caudillo de España* (1993)
- 4 Manuel Tuñón de Lara (Madrid, 1915- Lejona, 1997) licenciouse en Dereito en 1936 e formou parte das Xuventudes Comunistas e logo das Xuventudes Socialistas Unificadas. En 1946 exiliase a París onde se diploma en Historia en 1953. No país galo entra en contacto cos historiadores Manuel Núñez de Arenas e Pierre Vilar que terá un gran peso no seu pensamento. En 1964 inicia a súa etapa como profesor na Universidade de Pau onde obtén a cátedra en 1978. Nesta Universidade organizará dende 1970 a 1980 os Coloquios de Historia Contemporánea de España que impulsaron estudos de Historia Social e que funcionaron como un foro de encontro e debate.
- 5 Destacamos os traballos de Paula Godinho: *Oír o galo cantar dúas veces*, Deputación Provincial de Ourense, Ourense, 2011; e o de Dulce Simões *Frontera y guerra civil española. Dominación, resistencia y usos de la memoria*, Diputación de Badajoz, Badajoz, 2013.
- 6 Nos últimos anos, a represión e as súa formas teñen sido tratadas por diferentes autores. Para o caso galego destacamos os traballos de Antonio Míguez Macho. En concreto, *Xenocidio e represión franquista en Galicia: a violencia na retagarda na Guerra Civil (1936-1939)*, Santiago de Compostela, Lóstrego, 2009.
- 7 JORGE PEREIRA, Natalia: “Antón Alonso Ríos no agrarismo tomiñés (1931-1936)” *Murguía: revista galega de historia*, 2016, nº 33, pp. 53-74.
- 8 Os cadros son elaboración propia en base Nomes e Voces, Arquivo Histórico do Rexistro Civil de Tomiño, Arquivo Histórico Municipal de Tomiño e fontes orais.
- 9 O control social no rural sustentábase sobre o párroco, o alcalde de barrio e “veciños idóneos”. Estes últimos son citados así nos Libros de Sesións das Comisións Xestoras (Arquivo Histórico Municipal de Tomiño). Veciños que monopolizan na súa persoa o poder económico, social e político.
- 10 En palabras da antropóloga Paula Godinho: “a tradición é reconstruída en base a memoria do pasado, esquecéndose de que non é máis que unha invención presente do que xa pasou” (Godinho, 1996: 432). A autora recupera a David Lowenthal e incorpora a tradición ao que chama “uma memória da sociedade” e marca a diferenza con Maurice Halbwach que falaba dunha memoria colectiva vinculada en exclusividade a un grupo humano particular. Para Godinho a memoria colectiva incorpora costumes, tradicións e historias.
- 11 As entrevistas foron realizadas ao longo do outono de 2014 no municipio de Vila Nova de Cerveira. Todos os entrevistados superaban os 70 anos de idade. Identificámoslos polos nomes e o seu lugar de procedencia salvo unha das mulleres que pediu expresamente que non aparecese o seu nome. Entrevistados: Alesandrino (barqueiro, freguesía de Campos -padeecía unha discapacidade-), Luis (barqueiro, emigrante a Canadá, freguesía Lovelhe), Julieta e esposo (Manuel Fernández de Santiago, home de dereitas que desempeñou o cargo de secretario do Xulgado de Tomiño dende xullo de 1936. Julieta xunto co seu home viviron varias décadas nas colonias portuguesas, Lovelhe), Cândido Magalhães (neto de Joaquim Magalhães, un destacado contrabandista, Vila Nova), muller (servir nas casas fortes da Vila, contrabando de persoas, Nogueira).
- 12 O goberno portugués priorizou o control da fronteira a comezos da década de 1930 coa chegada ao goberno español das forzas marxistas. Até o momento na fronteira

estaba destinada a Guarda Fiscal (1885) cuxo obxectivo era a fiscalización dos bens e control da circulación das persoas na fronteira. Coa primeira vaga de fuxidos, Lisboa reforza o traballo da Guarda Fiscal con efectivos militares da GNR que tiñan como misión manter a lei, a orde e defender a propiedade privada. Os gobernos locais e os Gobernadores Cívís podían solicitar a máis efectivos e así o fixeron en diferentes zonas da fronteira húmida e seca. Á estes grupos uniuse a Policía política (PVDE) que funcionou como un instrumento de represión ao servizo do goberno que en 1945 legalizou as súas prácticas.

- 13 Dulce Simões apunta que “las poblaciones fronterizas, independientemente de que desempeñen sus papeles en la construcción de la frontera nacional, jamás sacrifican sus intereses ni abandonan sus sentimientos de pertenencia local, y a pesar de que la zona fronteriza remita hacia una construcción política inherente a cada Estado, representa un espacio de movilidad social entre dos estados contiguos” (*Frontera y guerra civil española. Dominación, resistencia y usos de la memoria*, Diputación de Badajoz, Badajoz, 2013, páx. 56)

Ese espazo de mobilidade social é no que se desenvolve a cultura popular composta por lazos familiares a través dos matrimonios mixtos (destacamos o alto porcentaxe de criados portugueses que veñen a ocupar nichos laborais deficientes pola alta taxa de emigración masculina. Emigrantes do rural portugués que se establecen no municipio mediante matrimonio con mulleres galegas) e por festexos como os *lances de cruz* que se celebraban no último treito do río Miño. Un encontro que ambas comunidades festexaban no río e que aglutinaban ao conxunto das poboacións o Luns de Pascoa (JORGE PEREIRA, Natalia e MARTINS, André (documentario) : *O Lanzo das imaxes*, 2011)

- 14 Cándido Magalhães relata: “*tivemos na casa do meu avo, varios, durante moitos meses, e alguns até anos, varios galegos, de Gondomar, e un señor chamado Constante que era de Gondomar, que tiña un hotel agora en Playa América, que é o hotel Miramar. O pai deses señores, estive tres anos na casa do meu avó como refuxiado, e estiveron outras persoas, que eu non podo chegar a dizer o nome. Ese sei que era muito amigo da nosa familia, e por tanto el era un foraxido, non é?*” (...) “*A casa do meu avo foi como un albergue de fuxidos que fuxian da guerra civil. Deulle guarida e logo fuxiron para Lisboa e outras terras.*”

- 15 Grandío Seoane cualifica “o período de máxima intensidade na entrega de españois refuxiados ou que tentaban entrar en Portugal dende Galicia foi entre os días finais de agosto e os primeiros de setembro de 1936. Aínda que houbo un trasfego constante deste intercambio durante os anos que durou a guerra” en “A ribeira que deixou de selo. A fronteira galego-portuguesa tras o golpe de xullo de 1936” *Entre nós: estudos de arte, xeografía e historia en homenaxe ao profesor Xose Manuel Pose Antelo*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2001, p. 1009.

Destacamos os traballos acerca das redes de fuxidos dos autores Ángel Rodríguez Gallardo (“Entre barandas e inverneiras: refuxiados e guerra civil” *A Trabe de Ouro*, nº 57- 2007, Santiago de Compostela, pp. 23-37 e “Galegos, vítimas de Salazar” *A Trabe de Ouro*, nº 75-2008, Santiago de Compostela, pp. 393-407) e Dionisio Pereira (*Emigrantes, exiliados e perseguidos. A comunidade portuguesa na Galiza (1890-1940)*, Através editora, Ourense, 2013.)

- 16 É de destacar a alta taxa de inmigración portuguesa fundamentada en homes dedicados aos labores de labranza. Por exemplo, na parroquia de Sobrada, unha das máis poboadas do municipio, no 15% das casas o cabeza de familia era portugués. Procedían sobre todo de Ponte de Lima, Paredes de Coura e Viana do Castelo.
- 17 Unha das manifestacións máis destacadas da cultura popular das comunidades da raia no Miño son os *lances de cruz*. Os lances son un ritual a medio camiño entre a relixión e a superstición que consiste en bendicir as barcas para que a pesca sexa abundante e o río non cobre o seu foro. Unha festividade que se celebra na Pascoa coincidindo coa tradición de levar a cruz polas casas. A súa orixe podemos data-la nos inicios da período moderno nun período no que a explotación pesqueira no Miño deixa constancia das cargas forais. O rito consistía en que o párroco bendecía as barcas e a cambio entregábaselle unha lamprea. Durante os século XX os *lances de cruz* celebrábanse en toda a ribeira dos municipios de Tomiño, O Rosal, Valença e Cerveira. Coñecemos en maior medida o que celebra entre as parroquias de Sobrada e a freguesía de Cristelo Covo porque é o único que continúa celebrándose e do que contamos con máis fontes. De feito, conservamos fotografías da súa celebración a comezos de 1950 na que se observa o paso da poboación dunha marxe a outra polo río.
- 18 A pesca do río Miño asentábase fundamentalmente entornando a pesca da lamprea, do meixón e do sábel. O goianés Eliseo Alonso dedicou parte da súa vida ao estudo das artes sobre o Miño dende un punto de vista etnolóxico. Destacamos da súa autoría *Pescadores del río Miño (Tramo gallego-portugués)*, Deputación Provincial de Pontevedra, Vigo, 1989.
- 19 É o caso do esposo de Julieta que durante varios anos residiu na Angola portuguesa.
- 20 O mundo rural aséntase sobre dous piares fundamentais que son a propiedade privada e a igrexa. Atentar contra algún destes supón entrar en conflito coa moralidade da comunidade. José María Cardesín Díaz centra boa parte das súas investigacións sobre a socioloxía do rural: “Religión y vida cotidiana en una parroquia rural, *SÉ-MATA, Ciencias Sociais e Humanidades*, núm. 7-8 (1996): Las religiones en la historia de Galicia, pp. 615-639; “La religión como teoría organizadora de la experiencia de vida campesina”, *O feito relixioso en Galicia, 1993, Asociación Galega de Historiadores, Santiago de Compostela*, pp. 201-224
- 21 Un tema a afondar sería o contrabando de persoas cara Francia, un fenómeno no que deberon xogar un papel importante as preexistentes estruturas da rede de fuxidos do 1936.

A situación actual
Un achegamento informal á ópera prima de Laura Ramos

MIGUEL ANXO MOURIÑO

No cuarto trimestre de 2018 fallouse o XI certame de poesía Victoriano Taibo e editouse o libro premiado, *A situación actual*, do que é autora Laura Ramos, poeta moi nova que ve engalar con ledicia, no acto de presentación que tivo lugar no auditorio Lois Tobío, de Gondomar, o seu primeiro libro publicado. O xurado dixo que se trata dunha obra “absolutamente contemporánea en que atopamos unha voz intimista moi forte. Unha voz dunha grande radicalidade, capaz de reflectir unha situación límite, unha crise emocional. Destaca a capacidade de poetizar o cotián con sinxeleza e fondura a un tempo”. Responsables deste evento foron o Concello de Gondomar, que achega cada ano o financiamento necesario, e o Instituto de Estudos Miñoráns, que xestionou e organizou todos os pasos e actos precisos -actividade desenvolvida, coa calidade á que nos ten afeitos, pola poeta Marta Dacosta-, converténdose en canle para arriquecer e actualizar o corpus literario da cultura de noso.

O poemario non amosa claves herméticas, indescifrables; pola contra, a protagonista somete o tempo de duración dos sucesos que desembocan na “situación actual” a un exercicio de nudismo que deixa ver, ás veces albiscar, as peculiaridades que informan o proceso, coa axuda de actividades rutineiras (comprar, lavar, tomar un café, navegar, ver a TV, viaxar), de pensamentos e sentimentos de amargura ou esperanza, de fastío ou alegría, de amor ou repulsa, sen caer na mera relación narrativa dos feitos (agás nalgúns, excepcionais, casos) senón tomándoos como fíos de vida para confeccionar un tecido poético cuxa frescura e autenticidade o fan sedutor e gaioleiro. Un mosaico de teselas vivenciais que ela convoca como parte fundamental da súa poética:

*a poesía só vende ao falar de cousas
pequenas*

Para que non caiba dúbida de cales son as súas coordenadas espazo-temporais, deixa claro que utiliza novas tecnoloxías e programas (google, instagram, InDesign, redes sociais), ve series actuais (Castle, Scrubs), cita poetas e cantantes que están en plena actividade ou foron noticia recente polo seu pasamento (Lupe Gómez, Olga Novo, Lou Reed), un arquitecto de hoxe (Álvaro Siza) e visita lugares recoñecibles (Gadis, Froiz, Carrefour, o Tertulia, Alcoa, Vigo, Vilalba), como corresponde a unha moza de finais de milenio que desenvolveu e desenvolve a súa formación e creatividade no século XXI.

O universo poético do libro é, pois, a propia poeta, as súas relacións sociais, familiares, amorosas e consigo mesma, os seus medos e alegrías, a súa enfermidade, a súa maternidade e mesmo a súa poética. Utilizando sempre unha linguaxe desenfadada, directa, fresca e sinxela, vai introducindo o lector na súa peripecia íntima e persoal dos últimos anos e condúceo polos consecutivos vaivéns ata o desenlace final, optimista e alegre.

Nun ambiente social con claras discordancias, a protagonista vai desenvolvendo unha certa angustia ante a maneira na que debe afrontar a vida, en xeral, empezando pola súa situación emocional no relativo ás expectativas amorosas dunha relación cuxas circunstancias irá desenvolvendo parcialmente no libro,

*e tu
sabes se o amor é acto
ou é emoción
ou é unha performance ante nós mesmas?*

e veremos como o amor vai ser causa de conflitos emocionais pero tamén o bálsamo que cura as feridas provocadas pola exposición á intemperie,

*cando el é refuxio
e o resto do mundo
intemperie*

esa intemperie poética na que a autora se sente desamparada e perdida, rabuñada por unha crecente falta de autoestima,

*a muller que quero ser é o máis auténtico que
hai en min
e non a muller
que está contigo*

unha dislocación da vida conxugal, antes normalizada,

*levo un par de días na casa familiar
non somos o que pensamos e aínda así a paranoia
bate unha e outra vez contra todos os signos de amor*

e os embates dunha enfermidade psicolóxica, talvez unha depresión; angustia vital alimentada tamén por dificultades na convivencia coa familia e cos amigos; angustia, en fin, que se manifesta nunha actitude pesimista ante a vida.

*hai beleza na morte? Na flor podre? // todos somos enfermos terminais
// a degradación do corpo... a obsolescencia programada*

Esa vida castigada transcorre con monotónia insoportable, as semanas son feas, as noites son infinitas, non se relaciona cos amigos, séntese pequena como flor dos camiños, certas ideas habitanlle o presente como auga dun río, e logo o psiquiatra, o tratamento, a reclusión na casa, o afastamento do home amado... Todo iso prodúcelle un esmagamento tal que ata as accións máis rutineiras e naturais se viran agoniantes, situación esta que resume, nese seu discurso nu, radical e espontáneo, de maneira peculiar e moi expresiva:

mexo e cústame respirar

Degoxa unha revolución vital, cambiar as cousas, rebelarse, regresar:

*quixera romper todo
o que xa está roto*

pero neste expresivo oxímoro, nesta arela vehemente, o introdutorio “quixera” fálanos dunha sensación de impotencia que dificulta a recuperación. O único refuxio é o recordo do amor, soñar que el está, que o vai visitar, que se regalan amor...

*só recoñezo as ganas de bailar todo o tempo
na escuridade preto do seu corpo*

Tanto é así que mentres, no seu estado depresivo, ficou “pequena como flor dos camiños” e teme “non ser suficiente para a xente que quere”, el, coa súa entrega amorosa, faina “fermosa de máis para o mundo”.

A recuperación, non obstante, irase producindo pouco a pouco, con pasos adiante e atrás, recupera o fogar conxugal, vai retomando rutinas, amigas, ocupacións, aínda necesita chorar de vez en cando, pero está decidida a recuperar a felicidade posible e deixar atrás o pranto; a determinación recupera entón, tamén, o seu lugar:

*chegou xa
o tempo de silencio*

Volve ser consciente de que ten que aproveitar os praceres cotiáns que lle ofrece a vida porque naceu e superouse a si mesma para vivilos

*e rompín carne e pel para estar aquí
a angustia o mesmo tecido
da existencia para
estar así
viva*

Rematou o tempo de escuridade e dor; agora reclama luz e sol, os praceres da convivencia e do amor, e decide

*existir nestes días nos que
a primavera se deita digna na herba e o verán
entra descalzo na súa boca*

A causa e o obxectivo principais deste esforzo resucitador hai que buscalos no amor. E xa no cumio do podio saborea o premio acadado con expresión suave, sublimada,

*constrúesme unha cúpula
no eterno espazo da noite onde
poidamos ficar inmortais incrustadas na outra
...
creo que podería
aboiar no areal do tempo para sempre
acougar canda ti neste breve anaco de mundo*

Remata o libro cun verso levemente escatolóxico que dialoga con aquel outro que, en plena crise, era plástico resumo do estado depresivo da poeta: mexo e cústame respirar.

Usa agora o mesmo recurso en dirección oposta -xa non existe a nube de chumbo que viraba agoniantes as accións máis sinxelas e naturais- e crea este verdadeiro epifonema, remate e rúbrica do libro, síntese da satisfactoria, alegre, optimista situación actual:

que ben se mexa en vilalba.

Gondomar, decembro de 2018

· *Esculturas, pinturas, lugares atopados*

Esculturas, pinturas, lugares atopados

diálogos con **ALFONSO SOLIÑO TRONCOSO**



Acto primeiro

A desmadrada buganvilea cólgase con vigor e algo descolocada do quitamedos de ferro que dá protección á solaina. Parece que o fixese con soberbia, cabería dicir se non se tratase dun vexetal. O vello e retorcido exemplar ano tras ano, á beira do estío, por un tempo non curto, tingue o granito da casa; arrímalle unha esvaecida mancha lila que semanas despois, aínda sen vontade, rematará por devolver o protagonismo ao brillante verde das follas. Esta tarde de sábado loce o sol con forza e o verde está a punto de gañar a batalla outra vez.

-Que hai? - dime a xeito de saúdo sen apartar os ollos do arbusto.

Provisto dunhas tesoiras, sen luvas, e poñendo a máxima atención para non se tropezar cunha das moitas pugas con que a rubideira ameaza, vai podándolle os crecementos incontrolados. Non está disposto nin vai permitir que lle roube o pracer de contemplar a presenza dos humildes xeranos, os cales, floridos en vermello e en branco, poboan de cor e tradición campesiña os barrentos testos do referido corredor exterior. Mentres o fai, espero e observo. E en tanto estou aí, ergueito, Drogo, o gardián ocasional dos máis de catorce mil metros cadrados de predio, con certa axitación pola miña presenza, non para de ir e vir sen rumbo aparente mentres de vez en cando emite un ladrido. Así estivo un bo anaco e, acaso pola insistencia, nunha desas case tropeza, polo menos así quixomo parecer, cos “Parrulos”. Agora, tombado aos meus pés, non



O home de pelo rizo tentado polo sono. 2010. Madeira. 29,80x5,60x5,00 cm.



Levedade do número áureo. 2015. Aceiro corten 117,50x41,00x25,00 cm.



Parrulos. 2016. Aceiro corten. 159,00x110,00x115,00 cm.



A cor do vento. 2015. Ferro negro e formigón coloreado. 39,50x53,50x51,50 cm.



A galiña azul; un conto. 2004. Aceiro corten, inox., madeira e granito. Obra pública en Gondomar.

é máis que un sufocado enxame de pelos do que pende unha lingua moi vermella. O “yorkshire” tampouco aparta a vista de Alfonso, quen neste preciso momento dá a tarefa por finalizada. Uns segundos despois, en silencio e con dificultade, camiña uns pasos en dirección ao ángulo da fachada sur e á altura da segunda columna, gorecido na sombra que lle proporciona a prolongación do tellado, detense a contemplar a paisaxe. Mira en dirección ao río Miñor, ao barrio de Moreira, a Seidóns e ao Monte do Cereixo. Logo desanda o andado e entra na casa.

Casa e terreo, territorio segregado da pousa de Bermúdez no século XIX, foron o escenario dos seus iniciais contactos coa natureza e das primeiras experimentacións espazo-temporais; ao comezo inconscientes, anos máis tarde buscadas. Un lugar que pasou a integrar para sempre o seu universo emocional.

-Nacín neste barrio de Fontán da parroquia de Mañufe, concello de Gondomar, no seo dunha familia humilde encabezada por José e Carmen, meus pais. Son o terceiro fillo dunha prole de cinco irmáns dos cales dúas foron nenas. Aquí transcorreu a miña vida en compañía do resto da familia ata ben entrada a adolescencia.

De carácter tímido, sempre sentín curiosidade pola plástica e a creación, así, nesta casa de aldea, xunto cos meus irmáns, creabamos xoguetes e inventabamos xogos; inventamos modelos pro divertimento e o folgar durante anos aínda que, ás veces, tiñamos que arrimar o ombreiro para axudar nas tarefas da casa e, co paso do tempo, do campo.

Ante a fachada de solpor, levo un tempo vendo como traballa sobre “a mesa de pedra”; o eido conserva dúas neste material pero a outra ha de conformarse con ser referida como “a mesa redonda”. Protexéndose do sol baixo o breixo que cobre a marquesiña e respirando o cálido aire desta tarde de verán perfumado con intensidade pola inmediata magnolia en flor da casa, o escultor afánase na composición dunhas pinturas. Neste predio tivo o primeiro obradoiro e agora, ao cabo de anos, recuperouno provisionalmente. Dando límite á mesa de pedra polo vento norte existe unha edificación complementaria da casa, á cal en última instancia se une, que entre outros espazos acolle un cuarto ou recinto utilizado por Alfonso en días de chuvia, fundamentalmente para obra de pequeno formato. Pero hoxe non o habita; hoxe só o utiliza como caixa acústica para facerse acompañar das inconfundibles toadas do “túzaro león de Belfast” a través do segundo volume da recompilación “THE BEST OF VAN MORRISON”.

Pinta sobre taboleiro. Conta que leva semanas dándolle voltas á paisaxe urbana que ten sobre a mesa: trátaa, déixaa, dálle un tempo, retómaa e segue sen funcionar. Outras veces sae á primeira.

A vista natural e a vista construída, a paisaxe, é unha das súas temáticas recorrentes, quizais a hexemónica. Pero nunca se interesou polo encadre real, ao contrario, foron os seus coñecementos respecto dos distintos sistemas de representación gráfica, as esixentes prácticas de debuxo técnico e as moitas horas de proporcionados debuxos a manalzada os que o empurraron a ensaiar solucións non académicas. A xeometría descritiva foi unha das materias máis duras e selectivas coas que tivo que loitar a súa promoción na Escola de Arquitectura Técnica da Coruña. De aí proceden os intentos de transgresión da norma, ou a súa utilización interesada detrás dalgún obxectivo relevante para o resultado final perseguido. Un caso: a provocadora desproporción pun-

tual. Outro: inmobles reais removidos na composición do lenzo; a rotura e dislocación da cidade. Un terceiro: os saltos de escala. Un máis: agrupacións irrealis que nos fan recoñecer sitios reais. E varios outros que veñen e van.

-A miña obra pictórica é autodidacta. Abarca realismo, paisaxe real e paisaxe imaxinada, todo mostrado mediante un sistema de representación diédrico con moitas licencias. Tamén me interesa e practico a abstracción e me sinto influído con distintas intensidades polo cubismo, o expresionismo e o impresionismo. Nunca usei a perspectiva lineal ou cónica pura nos cadros, senón que intento trasladar á obra a sensación de profundidades combinando as cores, utilizando transparencias, xogando co tamaño dos obxectos, sombreados, superposicións. Por veces utilizo detalles identificativos en contextos neutros. En todo caso, a miña pintura evolucionou estilisticamente ao longo dos anos pasando do delineado rectilíneo executado co pincel á presentación dunha forma máis libre no trazo da pincelada que, para o caso, entendo máis apartada de prexuízos e cargada de personalidade xestual, quizais de intención artística, de forza intuitiva. Tamén, co tempo, busquei reducir a cantidade de información nos obxectos e volumes representados; intentar suxerir, evocar.

Este camiñar cara á abstracción tivo, como case sempre, uns inicios realistas máis ou menos clásicos que segundo conta o autor arrancan na nenez e continúan durante a puberdade, varios anos antes de que se fixesen habituais as competidas tardes de balonmán. Un deporte ao que Alfonso dedicou, con gusto, un tempo importante da súa vida defendendo con peculiar estilo e valentía case suicida porterías na Primeira División española.



Ausencia. Instalación ideada -non mostrada- en 2004 para a Quae Visa Placent. Montaxe de 4 de xaneiro de 2019.

-Inda que non o lembro con nitidez, parece lóxico pensar que fose o debuxo a lapis ou bolígrafo, sobre papel, o primeiro achegamento intuitivo ás artes plásticas; sucede sempre na nenez. Tamén cabe a posibilidade de que o vehículo fose a tinta chinesa que se usaba en primaria na escola de Gondomar, aquela que para escribir se mollaba no tinteiro incrustado no pupitre persoal.

Polo contrario recordo ben como insistían meus pais no pequeniño tamaño que durante ese período da escola primaria empregaba para os debuxos e figuras de plastilina. Logo, no bacharelato, desaparecería esta fixación.

Chegado un tempo notei que tiña certas habilidades para a creación plástica e o debuxo, tamén para a práctica deportiva, actividades nas que destacaba entre os demais compañeiros de aula. Moitas veces, despois de rematar as miñas tarefas, completaba ou facía íntegra a dalgún compañeiro na mesma hora de ensino. A esa altura debuxaba retratos a lapis partindo de fotografías, bodegóns tomados de modelos reais e outros traballos similares.

Deixa a brocha sobre o prato que emprega para as mesturas e senta. Conta que hoxe outra vez leva queimadas varias horas pintando. Quéixase de canto lle doen os pés e ao tempo que o fai volve erguerse. Decide dar un paseo; eu acompáño. Négase a ensartarse un sombreiro e camiña con dificultade por culpa dunhas desviacións óseas na planta dos pés, un problema que se lle presentou hai anos ao cal aínda non sabe se enfrontarse mediante intervención cirúrxica; o primeiro sentir instintivo é que non.

Ao chegar ao portal de entrada ao predio damos volta. Agora temos o sol case de fronte pero iso non impide que dende este lugar poidamos ver con nitidez os xeranos detrás da buganvilea, de algo serviu a poda, antecedentes a nivel do chan polos "Parrulos", escultura dobre de Alfonso, do ano 2016, executada en aceiro corten e instalada no eido con vocación de permanencia.

De súpeto acórdase das madalenas de Fita e non re-



Intervención. 2015. Ferro negro e esmalte. 58,00x33,00x44,00 cm.



Roce. 2018. Vidro, madeira e chumbo. 28,50x21,00x19,00 cm.

prime o desexo. Ao pouco de entrar no comedor sae cunha en cada man e convidame. Fita prepáraas e enforna por ducias pero os acredores do doce alimento que comparten a casa son insaciables. Decide non seguir pintando hoxe. Quedamos sentados en silencio sobre un banco de pedra coa Serra da Groba como horizonte. Ao cabo dun tempo deixamos de suar. Máis tarde voume.

Acto segundo

Tras cruzar Eduardo Iglesias baixo por Elduayen ata a rúa Portugal, enfiloo, deixo atrás A Quenlla do Tranvía e cruzo A Praza das Escolas Vellas. Diríxome á cafetaría A Galiña do Ardora; van ser as doce do mediodía e Gondomar, como todas as mañás, presenta unha moi contida axitación que en aproximadamente unha hora perderá para non recuperar ata o seguinte amanecer. Mentres camiño cara ao lugar onde Alfonso me citou contemplo o carácter unitario existente no tratamento do espazo público. Facéndoo recordo o libro “Galicia vista por un inglés” editado por Galaxia a partir do orixinal “Spanish Galicia”, publicado en Londres en 1922, no cal o viaxeiro Aubrey F. G. Bell describe a Gondomar como “(...) unha pequena vila de casas pintadas de vermello e de castaño en medio de outeiros e montañas cubertas de piñeiros”.

A poboación adquirira na segunda metade do XIX un carácter que antes non posuía. Estes cambios afectaron á morfoloxía urbana e á tipoloxía arquitectónica implantada. A burguesía local, algunhas familias procedentes doutros lugares e varios indianos recién chegados construíron por ese tempo casas e outras edificacións que lle deron á pequena vila unha atmosfera característica de finais do XIX, época na cal as fábricas de cerámica vitrificada, as de cerámica núa ou telleiras, as fundicións de ferro, os serradoiros de madeira e outras industrias tiveron unha alta repercusión na imaxe das edificacións.

Este aire de poboación procedente dun tempo de novas industrias, acentuado con esa arquitectura ecléctica do cambio de século e a vexetación arbórea exótica introducida directa ou indirectamente polos indianos, hoxe desafortunadamente minguada, foi entendido correctamente á hora de proxectar a urbanización tipo do espazo viario urbano nos anos noventa do século pasado. A lastra de formigón avermellado elixida responde ao espírito da vila do XIX (á fin e ao cabo é un produto industrial) e ademais o seu cromatismo remite aos barros de tantas desaparecidas telleiras á vez que evoca o propio da poboación citado por Bell antes de xurdir a inculta moda de repicar as revocaduras sobre a pedra das fachadas. A proposta proxectual tamén trata o granito empregado coa mesma intención e acerto, isto é, procurando evitar solucións que puidesen ser lidas como un intento de evocar un asentamento urbano de antigüidade moito maior do que lle corresponde.

-As camelias e as “lagerstroemia índica” son proposta miña pero os ligustros non. Parécenme demasiado grandes, cunha copa de moito volume para o espazo existente ata as casas e, por se fosen poucas razóns, levantan o pavimento. No proxecto tampouco con-



Talaiot. 2015. Madeira de abeto e sapeli. 26,00x30,00x12,00 cm.



Algunhas pezas da serie Seixos. 2018. Granito, coiro e pintura.

templaba colocar farois fernandinos, isto foi unha imposición posterior da Corporación. Eu pretendía recuperar a imaxe dos primeiros que tivera a vila, polo menos para o ámbito urbanizado segundo o Plan de Ensanche de Ramiro Pascual. Só fun quen de colocar uns exemplares cando urbanicei a Quenlla do Tranvía, onde inda se manteñen. Tamén foi unha mágoa ter que mudar o “adoquín” empregado na primeira fase de urbanización, a das rúas Urzáiz, Eduardo Iglesias, Elduayen e parte da Avenida do Conde. Esta lastra tiña unha textura máis axeitada ao contexto, un tamaño máis homoxéneo e a cor remitía ao cromatismo do barro das tellas envellecidas do país, pero viña de Bélxica e o prezo obrigou a buscar unha solución alternativa para as seguintes fases (excepto a segunda) ata hoxe. A primeira urbanización, entre outras cousas, creou novas beirarrúas, ata aí de terra, e acomodou aliñacións e rasantes das existentes, mellorou e soterrou instalacións públicas e, por último, retirou elementos inútiles da desaparecida liña de tranvías. A meu pesar, non fun quen de por en valor o inicial taco de granito das faixas de “rodadura” nas rúas antes citadas, a Corporación negouse totalmente, non obstante conseguín que admitira esta solución para o resto de vías quedando deste xeito establecida a totalidade da sección tipo a empregar na vila - cóntame algo ansioso e un pouco crispado despois de facerlle un comentario sobre as camelias ao sentar á mesa.

Pido unha macela; el ten a medio consumir un café con xeo. Viste un chaleco acolchado azul ultramar sobre xersei e calza zapatos de aspecto deportivo totalmente negros. Falamos. Como tantas veces, paga as consumicións. Tempo despois, en coche, dirixímonos ao ferreiro de Mañufe: un profesional que Alfonso engloba na categoría de artesán. Un gremio, o dos artesáns, no que ten varios colaboradores utilizados sen o máis mínimo prexuízo.

Por veces encara a obra escultórica coma se se tratase dunha arquitectura e é aí cando bota man de profesionais da súa confianza os cales coordina, supervisa e corrixe. Isto, que non é novo, recordemos por exemplo que case toda a obra escultórica de Le Corbusier, quen por certo se consideraba ante todo pintor, foi executada a distancia nun proceso de ida e volta polo ebanista e máis tarde escultor bretón Joseph Savina, ou que, máis acá no tempo, a de Álvaro Siza é levada a cabo polo taller de carpintaría portuense de José Simões, isto, dicía, dá indicios de cales son as prioridades artísticas tanto proxectuais como executivas do autor. Alfonso non decide o proceso e a implicación ou non de colaboradores en función do tamaño da obra; son outros os parámetros que determinan isto como demostra o feito de que gran parte da súa produción sexa de pequeno formato e iso non impedisce a participación ocasional de profesionais de distintos oficios. Tampouco desdénha as posibilidades ofrecidas polas novas tecnoloxías.



Maternidade. 2018. Granito e chumbo. 35,00x16,50x16,00 cm.



Evocación megalítica. 2018. Aceiro, aceiro inox. e granito. 21,00x30,00x13,50 cm.

-Debo dicir que a miña obra escultórica polo xeral é de pequena escala ou formato por culpa dos custos materiais. Neste senso comentar que, en escultura sobre todo, moitas das obras executadas poden considerarse maquetas á espera de mecenas privados ou de promoción por parte da Administración. Outras naceron para ser dese tamaño.

Baixo do coche e sígoo. Entramos na nave, saúda o ferreiro e os seus axudantes e diríxese cara á cisalla. Case ao pé desta vexo varias chapas e platinas de ferro tombadas xunto a unha vara de aceiro inoxidable e a unha peza de granito labrada e policromada. Completan a vista unhas follas de papel sobre un mesado próximo nas cales se distinguen varios bosquexos en perspectiva axonométrica con indicación dalgunhas medidas. Alfonso prescinde dos bosquexos e diríxese directamente ao monte de chapas, analízalas e dá por boas todas agás unha: quere que sexa máis trapezoidal. Ao pouco xa están todos os retallos metálicos cortados e fai unha primeira proba de proporción. Convéncese e dá orde de empezar a soldar.

A obra final pretende formar familia coa peza titulada “A cor do vento”, do ano 2015. O escultor estivera estas últimas semanas policromando e rematando un traballo que sobre granito executara hai varios lustros, case nos seus comezos, e logo transportárao ata a ferraría xunto aos bosquexos maquinados e preparados dende tempo atrás.

Segue intercambiando pareceres co ferreiro. Preocúpalle a verticalidade do eixe de aceiro, tamén o xeito de darlle remate. O tempo pasa. Pouco a pouco as cousas van encaixando e por fin a escultura móstrase completa. Alfonso xira arredor dela. Parece que lle agrada. Coloca os lentes, aproxímase, volve examinala e detecta unhas soldaduras que non o convencen; é nun cruzamento de chapas. Hai que desmontar e volver lixar e preparar as platinas. Logo, ao cabo dun tempo, a decisión final pasa por perforar a chapa inferior para a través deste orificio realizar unha soldadura oculta. Agora si está convencido. “A forza do vento” case está rematada.

-Inda me falta decidir se esmaltar a parte metálica ou deixala ao natural para que oxide. Ao pintar pode aparecer algún conflito coas policromías aplicadas no granito. Xa verei que fago.

Cárganos a peza no coche e saen a toda velocidade para intentar acomodar o tempo de atraso ao que resta da parada de medio día. Nós poñemos rumbo á rúa Sarmiento de Acuña, na vila, onde Alfonso ten a casa.

A vivenda esta atestada de debuxos, pinturas, esculturas e libros. Existen debuxos a grafito, tinta e lapis de cores. Tamén colaxes, acuarelas, óleos e acrílicos. E esculturas en madeira, ferro, aceiro inoxidable, chumbo, cinc, cobre, bronce, xeso, formigón e vidro. Unhas policromadas, outras non. Polo que vexo, neste momento non hai ningunha de granito na casa, en cambio si varias cerámicas. As pezas distribúense e mestúranse co mobiliario de deseño propio nun “interiorismo” persoal: estantes, forros, librería-biblioteca, mobles multifunción, varias mesas, banquetas, cadeiras,... leva tempo esperando que o carpinteiro, outro dos seus colaboradores máis habituais, lle entregue a cama e complementos, segundo lle debuxou, para substituír a que vén utilizando dende hai anos. O deseño de mobiliario é outra das actividades practicadas con certa regularidade dende hai décadas. Tamén o deseño gráfico de imaxe empresarial e comercial.



G. 9,8 nun espazo negro. 2018. Granito, aceiro, pigmento, formigón. 218,00x150,00x86,00 cm.



A maceira e o merlo -I-. 2015. Acrílico. 60x60 cm.

Mentres a medio petrificar pescudo coa vista, el xa colocou no reprodutor musical un CD de Leonard Cohen. As melódicas salmodias toman corpo e ao tempo que invaden toda a casa fan aflorar nun emocións durmidas.

-Ven. Ten que estar nos cadernos.

Camíña ata o pequeno estudio integrado na casa, onde loxicamente hai máis obra, e empeza a buscar nos varios cadernos e montóns de papeis soltos acumulados en bolsas, carpetas e baixo a mesa regulable de traballo. Pasa ducias e ducias de debuxos e acuarelas, bosquejos e notas, centos de follas, pero non dá co que quere. Non obstante, está convencido de que ha de estar aí e cando xa pouco queda por comprobar aparece.

-É un debuxo feito do natural no ano 94. A Mer non lle gustaba posar pero ese día estaba descansando no sofá e pedinlle que non se movese durante un tempo. Tomei este apunte rápido a lapis e agora quero manipulalo. En realidade non vou tocar no debuxo



A maceira e o merlo -II-. 2015. Acrílico. 60x60 cm.

orixinal senón nunha copia. Paréceme lícito, máis, diría que necesario, utilizar os avances tecnolóxicos que a ciencia pon a disposición da sociedade. O mundo da arte debe estar moi atento a estas cuestións. Manipularei unha fotocopia e así, a través da intervención, tomará vida propia; volverá a converterse nun orixinal.

Acto terceiro

-Aquela era unha época difícil economicamente para a familia pero o empeño dos pais, que contaban só con estudos primarios, conseguiu que os fillos acadasen estudos superiores para un mellor desenvolvemento na vida futura. O esforzo, a paciencia e a perseveranza daqueles acadou o seu fin; os cinco fillos con carreira, todos con estudos universitarios.

Achegámonos a finais de novembro e aínda que non vai frío o día presentouse con chuvia en forma de bategadas. Quizais sexa isto o que contaxia de melancolía a Alfon-

so; confesa que sempre o afectaron negativamente os meses escuros. Fala da nenez, da primeira escolarización na pre gardaría da “señorita Rosina” e dos pais, da Escola Pública de Gondomar, do tempo nos colexios Muro e Curros Enríquez, de Vigo, e do Instituto de Secundaria nº 2 de Coia. Fala con tristura e indignación de como nos primeiros anos de escolarización lle imponían unha lingua que el, socializado en galego, non entendía ben; lembra de que xeito algúns ensinantes, tanto homes como mulleres, se mofaban publicamente cando algún compañeiro nas mesmas condicións erraba algún vocábulo; automaticamente era sometido a escarnio público, humillado. Un delirio. Tamén fala de Alonso Montero e ao facelo cambia de cara. Recorda a influencia que exerceu nel no instituto e o bo trato mutuo que se dispensaban.

O ánimo segue mellorando cando pasa aos anos de universidade. Aquelas dificultades temáticas, aumentadas inxustificadamente por un profesorado xeralmente alporizado e puntualmente inxusto, na distancia e unha vez superadas percíbense con menos angustia, acéptanse un pouco mellor. As noites enteiras de traballo e estudo parecen máis fáciles de levar; a memoria trátaas coma se non fosen máis que un desaxustado soño.

Cita as ocasionais excursións xunto con outros compañeiros da Facultade á “Estrella”, mítica rúa de viños coruñesa onde estudantes, traballadores, señoritos, solteiras, burguesas, pais de familia, curas, militares, casadeiras, mariñeiros, librerías, xubilados e demais tropa se poñían cegos a base de ribeiro, cigales e cervexa en locais como O Priorato, La Bombilla, Os Tigres e moitos outros; unha auténtica restra onde elixir. O



Porto industrial ao anoitecer. 2015. Acrílico. 24,50x30,00 cm.

percorrido realmente empezaba á altura do substituído Banco Pastor e remataba na Praza de María Pita.

Tamén conta aquela sesión de fabada e sidra na que un compañeiro de Curtis, tan impulsivo como mal estudante, con máis sidra no corpo que fabada, suxeito á barra do local e mirándolle aos ollos á rapariga do mesón lle cantaba con non moito tino un retrouso adaptado ao seu interese que falaba de "...una payesa que ponía las tetes sobre la mesa..."; pasaba a rolda e volvía entoar.

-A moza naturalmente nin caso. E outra botella. Cando decidimos retirarnos xa nos fixeramos amigos da taberneira. Quería convidarnos a unha última pero declinamos a oferta.

Mentres fala non deixa de traballar. Está a dar a última capa de cera a unhas esculturas de madeira. Trátase de "Obicopau", unha peza de 2005 producida en serie. Por razóns non aclaradas, faltaban os exemplares do IEM e do propio autor. Tamén a do carpinteiro colaborador, pero isto xa é máis habitual debido aos problemas de falta de tempo que este vén padecendo. Precisamente nunha caixa de cartón próxima a onde nos atopamos esperan a ser recollidas polo citado profesional un exemplar rematado, asinado e dedicado de "O ollo do croque" (2004), "A cadeira do mestre Mateo" (2009), "Home de pelo rizo tentado polo sono" (2010) e "Trépano I" (2012). Todas estas esculturas foron producidas en serie cunha media de 25 exemplares e aínda que cada familia obedece loxicamente a un mesmo patrón todas as pezas son únicas ao ser elaboradas unha a unha con total independencia; outra vez o concepto de orixinal. Esta característica repítese en toda a obra seriada do autor agás a fundida en bronce.

Tomo unha peza entre as mans e comprobo ata que punto é amable ao tacto a madeira. Alfonso di que este material natural, aínda sendo moi diferente, comparte algunhas afinidades coa pedra o cal permite acometer de modo similar traballos escultóricos en ambas as dúas materias; non cando



Lembrando Toro. 2015. Colaxe_técnica mixta. 31,50x23,50 cm.



Aldea en outono. 2016. Acrílico. 60x60 cm.

a escultura é “construída” pero si cando é “escavada”. Véndome coa peza non se resiste a contar algo do seu pensar sobre este oficio, rematando cunha máxima compartida do gran Buonarroti.

-A miña escultura é fundamentalmente obxectual e conceptual de vocación abstracta, executada en pezas simples ou compostas resoltas nun só material ou combinando varios, aínda que tamén utilizo a alegoría e en menor medida a figuración. O material elixido obriga a que a composición das pezas, das esculturas, se constrúa dentro duna lóxica axeitada ás características físicas e mecánicas do mesmo a fin de sublimar o ideado. O material ten as súas leis; atendendo a estas mostraremos respecto por aquel. Por contra, na talla, cando se trata de atacar un volume máterico, “entendo a obra oculta no sólido básico e busco rescatala a base de desgastar e eliminar os sobrantes”.

Remata o traballo e levántase para acomodar os tres exemplares xunto á caixa que contén as demais, logo empeza a subir paseniño as escaleiras. Sígoo. Pasamos ante un-



Tierra de Campos. 2016. Acrílico. 60x60 cm.

has enormes cerámicas da súa autoría e unha xeométrica butaca de madeira tamén súa antes de chegar á sala. En canto alcanza un sofá déixase caer; eu imítoo. Nos estantes libros e fotos, enriba da mesa un gran catálogo sobre a obra de Sorolla no que repousa un lapis de memoria.

-Interésame moito o seu traballo e particularmente o tratamento que fai da luz, unha luz totalmente mediterránea, moi distinta da nosa atlántica - di sinalando o libro.

Non obstante, Alfonso é un creador que, de xeito similar ao formulado por algúns outros, querría evitar as referencias, as influencias incontrolables, algo moi difícil nun tempo onde a imaxe o abrangue todo. A súa intención de non se “contaminar” quizais deba ser entendida hoxe máis como un desexo, unha ilusión romántica, que como un obxectivo logrado. Loxicamente, é imposible evadirse do bombardeo diario que por tantos medios nos chega consciente e inconscientemente.



Patín. 2016. Acrílico. 21x27 cm.

Xunto ao catálogo de Joaquín Sorolla hai un prato con dous paquetes de galletas. Colle o que contén as de coco, ábreo, convidame, e tras o meu rexeitamento queda con tres. Mentres as come, fala. Pouco despois faise con outras dúas.

-No ano 92, penso que non me engano, proxectei e dirixín a urbanización da Quenlla do Tranvía. Foi dentro dun Programa de Colaboración dos que daquela se facían co INEM. Resultado do mesmo Programa é a Fonte da Texosa, en Mañufe, situada na beira norte da PO-340, case fronte ao antigo baile derrubado polas insuficientes e acomodaticias, case grotescas, obras agora en execución da estrada. O proxecto da fonte tamén é meu, se ben está inacabada; fáltalle unha pequena escultura de remate. Cando se estaban executando as obras da Quenlla, nun movemento de terras para adecuar as rasantes, apareceron as antigas vías do tranvía que por ese lugar entraba á desaparecida estación. Mandeí cortar un tramo que por coincidir no punto onde se producía unha optativa desviación resultou con forma de Y. Inmediatamente empecei a maquinar un xeito de reutilizar o vestixio. Pensei empregalo como parte dunha peza alegórica e conmemorativa que complementase a onomástica elixida. Fíxeno gardar mentres duraban as obras para rescatalo máis tarde pero finalmente decisións político-económicas obrigaron a que o día da inauguración tivese que dar-me por conforme con achegar o testemuñal nome da pequena rúa.

Agora, vinte e cinco anos despois, con motivo dunhas apresuradas, ambiciosas e veremos se acertadas obras de pavimentación e urbanización da antiga Praza da Pa-

radela chéganme noticias dunha posible recuperación da idea. Parece que existe a posibilidade de executar o proxecto escultórico e ando en danza, estas cousas coas que levas tantos anos convivindo cando se reactivan xeran nun moita ansia, tensión; emocións en definitiva. Estou tratando de conseguir un par de travesas auténticas de tren para formar grupo co tramo de vía. Estou argallando como combinalos: tocándose?, independentes?, aliñadas en vertical?, formando grupo cun cartel informativo metálico?... Nesas ando. O que teño claro é a presenza da cor pero, en que aplicala?: na madeira?, quizais nas pezas metálicas de ancoraxe? Veremos ao que chego.

Isto da cor sempre ten as súas dificultades e na escultura non ía ser menos. Hai uns meses, poucos, decidín esmaltar algunhas pezas abstractas de finais de 2015 nun azul que me atrae moito e penso que gañaron en definición formal, pero foi á custa de perder matices e información material, cousa que neste caso non me importaba. É distinto o caso das obras que estou producindo estes últimos meses. Teño varias fóra, vamos e móstrochas.

Ao erguerse agarra o lapis de memoria e entrégamo. Contén unha carpeta con fotografías seleccionadas de parte da súa obra escultórica e pictórica. Gárdoo nun peto



Casas do remo. 2017. Acrílico. 60x60 cm.



Lucas. 2017. Acrílico. 80x40 cm.

do pantalón ao tempo que nos dispoñemos a baixar as escaleiras. Observo que das paredes colgan moitos cadros e no chan descansan varias esculturas. Unha porcentaxe notable son obras súas. Antes de atacar o primeiro chanzo fíxome en “Esther” (2017). Enseguida me mostra “Lucas” e “Pablo”, ambas as dúas do mesmo ano que a anterior pero colgadas nun espazo distinto aínda que próximo. As tres obras forman parte dunha serie de retratos afrontados durante o ano pasado.

Recordo a actividade frenética que tiven ocasión de comprobar nunha visita feita neste mesmo mes hai agora un ano. Aquel día faloume do seu interese polo que chamaba en pintura a “técnica do inacabado” e contou que andaba angustiado porque se embarcara nunha empresa á cal non lle vía remate en prazo. En previsión, levaba traballando a ritmo toda a segunda parte do ano pero agora os dous últimos meses estábanlle resultando particularmente esgotadores pola cantidade de horas que necesitaba pasar de pé. Quería sacar os retratos e unha serie de pezas abstractas que estaba a executar en paralelo a tempo para a celebración do solsticio de inverno, para as festas de Nadal. Rematou lográndoo, quizais precisamente polo prazo; de non existir posiblemente seguise dándolle algunha que outra volta a segundo cal obra. A maioría



eufuno. 2017. Acrílico. 60x60 cm.

daquel esforzo tremendo tivo como destino unha inesperada, bela e desinteresada sorpresa para a parroquia máis achegada; non era a primeira vez.

-En pintura, entre as pezas alegóricas, traballos relacionados con estes que ves só a través da técnica empregada, ou tamén da pegada da brocha se se quer, estou particularmente satisfeito do díptico "A maceira e o merlo", do ano 2015. Está colgado na habitación do fondo pero agora non imos ir alá. Lembro que o fixera moi rápido a partir dun texto lido casualmente.

Xeralmente traballo por iniciativa propia pero recoñezo que a obra por encargo, a cal tiven ocasión de afrontar en moitas ocasións, introduce variables para min máis atractivas contrariamente ao defendido actualmente por un considerable número de escultores e pintores de ambos os dous sexos. As premisas de partida dun encargo enténdooas como unha oportunidade de resposta concreta á que estou disposto a someterme. É necesario facer unha análise contextual que me incentiva pola dificultade adicional que supón. Isto historicamente foi unha constante.



Canecos e froitas. 2017. Acrílico. 60x60 cm.

Hai horas que non chove, a pedra do chan case está seca. Identifico na distancia “All along the watchtower”. Alfonso deixou o cd JOHN WESLEY HARDING de Dylan funcionando en bucle. A mesa de pedra, de considerables dimensións, está repleta de pedras con arestas redondeadas; tamén se ven algunhas no chan. Case todas están manipuladas. Todas están en proceso.

-Hai un tempo que en escultura veño traballando de xeito consciente con obxectos “encontrados”. Non no sentido de crear esculturas a base de refugallo ou crebas senón intentando darlle unha nova vida ao elemento atopado mediante a descontextualización ou a integración como parte conformadora dunha nova peza. Pretendo que o elemento reutilizado sirva de desculpa para algunha reflexión sobre o contexto actual. O primeiro acercamento intuitivo a esta formulación produciuse cando a urbanización da Quenlla do Tranvía, peza coa que agora como xa che dixen ando a voltas, pero a primeira executada penso que foi a xa tamén citada “A cor do vento” do ano 2015. Nesa escultura utilicei un prisma de formigón coloreado que formara parte dunha mesa baixa de salón deseñada no ano 91. Máis tarde destruíra a mesa pero quedárame con ese retallo. En todo caso non caio na conta de tratar o tema de xeito consciente, de utilizalo como concepto, ata este ano 2018. Entón é cando emprego deliberadamente cunha segunda intención fragmentos de obxectos utilitarios xa sen uso, sen vida. Tamén cando retomo a idea dunha segunda oportunidade e tratamento para obras miñas anteriores. Isto esténdoo ás dúas dimensións. É dentro desa dinámica cando se me ocorre o dos seixos ou pelouros (“cantos rodados”). A falta de arestas fala dunha vida de erosión consumida no medio acuático. Eu, a través da manipulación, pretendo un segundo estadio para esas pedras. A manipulación obviamente tamén pode ser mediante a cor pero, nun traballo amparado nestas teses, a materia é parte básica en si mesma. O material non está ao servizo da forma que elixe o escultor senón que o material xa é forma e tempo condensado, ten entidade e vida propia, e polo tanto deberá ser tratado en consecuencia. É preciso atopar un xeito coherente de facelo.

Pasamos a cuberto. Retira o CD de Bob Dylan e coloca “19 Días y 500 Noches” de Sabina. Segue facendo comentarios sobre tres pezas traballadas e rematadas co mesmo criterio enunciado mantidas a resguardo da chuva. Estas mesturan granito, cordel, ferro, madeira,... Algunha está pintada. Toma unha raíz dunha repisa e conta o que ve nela aínda que nada diso está alí; só o ve el. Logo fala dos desequilibrios sociais, da vergoñenta repartición da riqueza e da consecuente falta de oportunidades segundo en que lugares. Dos pozos de miseria e da explotación sen límites que o capital desbocado produce en territorios desvalidos. En tanto o fai suxeita “Éxodo” (2018), unha obra moi recente referida ao tema. E pasa a outros proxectos en marcha.

-Polo de pronto, teño previsto un par de esculturas con postes de granito. Cando se substituíu a viña en emparrado da finca pola actual, os vellos postes perderon o primitivo uso e quedaron amoreados en distintos lugares do eido. Casualmente, lembreime deles e inmediatamente me percorreu o desexo de, utilizándoos, explorar as leis da repetición afectada de algunha variación. Teño ganas de experimentar ata onde podo ir con ese posible bosque de fráxiles liñas pétreas, a onde me poden levar. Quero facer unhas pezas

duns dous metros de altura nas cales o espazo da escultura e as leis da arquitectura cheguen a tocarse. Nas que a cor aplicada sexa sinónimo de vida.

Tamén me gustaría construír e ceder unha escultura duns catro metros de altura para a vila que en min é referencia: Gondomar. Moitas veces pensei en pasar a esa escala a peza “Fundamento” (2015). Imaxínoa construída en formigón branco e aceiro; coa parte de formigón encofrada mediante alongadas chapas metálicas combinadas verticalmente. Incluso a vexo instalada no barrio da Feira, onde ata non hai moito tempo existiu unha exótica palmeira que foi vítima do “picudo”.

A luz natural hai tempo que empezou a perder intensidade. Non quero molestar máis do necesario. Sei que o talante educado e bondadoso de Alfonso antepón en moitas ocasións o común ao propio. Decido irme. Amodiño, acompañame ata o coche. Ao pasar por diante dun dos comedores mira a nai e preguntase en voz alta se xa merendaría. Despedímonos.

Sección de arte do IEM, 9 de decembro de 2018.



Amarelo sobre branco. 2018. Acrílico. 60x60 cm.

NOTAS BIOGRÁFICAS

ALFONSO SOLIÑO TRONCOSO
(Fontán, Mañufe - Gondomar, 1960)

Arquitecto Técnico pola E.U.A.T. da Coruña (Universidade de Santiago de Compostela). Desenvolve a profesión de Arquitecto Técnico, como funcionario, no Departamento de Urbanismo do concello de Gondomar simultaneando esa actividade con traballos en escultura, pintura e deseño gráfico. Segue a vivir na mesma vila onde naceu.

De natural inclinación cara ao debuxo, practicado dende a infancia, comezou de xeito decidido a actividade artística con experimentacións autodidactas en acuarela e óleo, técnicas que irá mellorando coa asistencia a diversos obradoiros e co traballo propio ao longo dos anos. Máis tarde chegarán a pintura acrílica e a colaxe.

O primeiro contacto coa escultura foi a finais da década dos setenta. Inicialmente en pedra de gran, tempo despois irán aparecendo outros materiais: barro, bronce, madeira, ferro, aceiro corten, xeso, cinc, vidro...

Elaborou diversos traballos de deseño gráfico, en distintas escalas e formatos, e durante un tempo creou a peza conmemorativa do *Certame de Relato e Poesía Don Diego Sarmiento de Acuña - Conde de Gondomar*. Tamén a escultura coa que o Instituto de Estudos Miñoráns agasallou os conferenciantes masculinos e femininos das *Tertulias* anuais que ata o ano 2016 organizou a citada asociación.

Foi finalista dos Premios de Artes Plásticas *Ciudad de Palencia* (2005) na categoría de escultura (Premio Victorio Macho) e a súa obra foi exposta individual ou colectivamente en varias ocasións.

É o autor do grupo escultórico “A galiña azul. Un conto” (2008), de homenaxe a Carlos Casares, instalado nun espazo público da vila de Gondomar.

Comisariou a exposición *Quae Visa Placent* (2004), tamén na vila de Gondomar, integrada polos artistas Armando Guerra, Pepe Mantilla, Fernando Casás, Elsa Pérez Vicente, Antón Abreu Bastos e Antonio Quesada. Esta exposición foi o xermolo doutras moitas durante o período 2009-2016, organizadas pola sección de arte do IEM que el iniciou e da que forma parte.

Ao longo do percorrido profesional proxeitou e dirixiu varias obras de arquitectura de interiores para distintos usos e lugares entre as cales se conta a transformación do primeiro Centro de Saúde Local e posterior Conservatorio de Música na actual sede do IEM, emprazada no barrio da Feira da vila de Gondomar, na que un tabique xiratorio permite acomodar o espazo a diferentes usos. Tamén interveu en distintas obras do patrimonio arquitectónico do concello de Gondomar como autor do proxecto, director de obra ou ambas as dúas funcións podendo citarse entre outras:

- . Identificación e delimitación dos núcleos rurais tradicionais de poboación das dez parroquias do municipio (1992-1994).
- . Proxecto de urbanización e ampliación do cemiterio municipal de Gondomar (1992)
- . Proxecto de urbanización, e achega de nome, da pequena rúa Quenlla do Tranvía. Posteriormente, urbanización e axardinamento de dous espazos verdes públicos nas Cercas -hoxe parcialmente destruídos-.
- . Proxecto de restauración da ermida de San Cibrán en Donas (1994).

. Dirección e coordinación dos traballos de reforma, restauración e reposición do cruceiro do “Lugar do Acordo”, en Mañufe, por rotura do anterior (1995).

. Proxecto de urbanización de rúas, con dotación de beirarrúas e ambientación urbana, para a vila de Gondomar (1997), modelo que inda hoxe se segue a usar de patrón para a urbanización de novas vías.

. Execución de friso escultórico, e dirección das tarefas de colocación, para o panteón CTC-JSI do cemiterio hixienista de Mañufe (1997).

É coautor da publicación *Gondomar. Historia, Arte e Territorio* (1995) e ten publicado en diferentes medios algúns artigos de opinión referidos aos campos do patrimonio, urbanismo ou arte.

Sobre parte da súa produción escultórica e pictórica publicouse no ano 2015 o libro *Alfonso Soliño Troncoso. Obra plástica para o IEM -2002/2015-*.

É membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoráns dende o ano 2002 e compoñente da sección de Arte da citada asociación segundo quedou dito.



Autorretrato. 1996. Lapis a cor sobre papel. 25,00x16,00 cm.

Nota.

Este artigo foi obxecto dunha separata da REM que entrou no prelo o día 7 de Xaneiro de 2019. Alfonso finou o 11 de Xaneiro, día no que a imprenta entregou o traballo rematado.

O MEU VAL MIÑOR

- *Obituario a María Xosé González Chamorro*
- *Adeus a María*
- *Alfonso Soliño Troncoso*
(Nov 1960-Xan 2019)
- *Lares do Val Miñor “escolma”*

Obituario a María Xosé González Chamorro

BEITO LEQASPI VILLAMARÍN



O 23 de marzo deixounos María Xosé González Chamorro. Profesora de Lingua e Literatura Galega no IES Escolas Proval entre os anos 1992 e 2018, a súa ausencia deixou en nós un gran baleiro, unha enorme sensación de orfandade. Para a súa familia xaora, pero tamén para a nosa comunidade educativa e para todas as persoas que tiveron a fortuna de tratala.

María era unha persoa alegre, boa e xenerosa; disto ben poden falar as súas alumnas e alumnos que durante viente e seis anos gozaron e aprenderon da súa entrega, profesionalidade e cariño, sempre pendente e preocupada polos seus estudos.

Mais non só era unha gran profesional na aula. Nestes anos foi alma e partícipe de

todo tipo de actividades de dinamización no centro: teatro, magosto, entroido, charlas, feminismo, violencia de xénero, certames literarios, presentacións, guías e unidades didácticas para o alumnado, normalización lingüística...

E así, este seu compromiso coa súa terra e coa lingua reflectiuse tamén nos seus traballos de investigación e nas súas colaboracións co Instituto de Estudos Miñoráns, do cal foi unha das socias fundadoras. Velaí unha mostra dos seus traballos:

Investigación:

- *Os nomes de Gondomar* (2002)
- “Perfil biográfico de Carlos Casares” e “Actos de homenaxe a Carlos Casares en Nigrán”, no Monográfico dedicado a Carlos Casares en 2003
- “A Memoria das Escolas Proval. Testemuñas dos seus alumnos e alumnas entre 1909 e 1934” (2005/6)
- “A memoria viva das Escolas Proval. Homenaxe aos ex alumnos/as” (2009)

Creación:

- *Imaxes para a memoria [Val Miñor]* (2003)
- *Baiona nas ondas do tempo* (2004)

Tradución:

- *Dous embaixadores: Digby e Gondomar* (2005)

Asesoramento lingüístico:

- *A Foz: unha zona húmida por descubrir* (2002)
- *Baiona nas ondas do tempo* (2004)
- *Talasonimia da costa sur de Galicia* (2008)

Na radio:

- *O recuncho dos nomes n’A gavela do Guillade*
- *As lerias do Moucho*

Grazas, María, pola fortuna de ter compartido contigo estes anos de traballo e ilusións.

Adeus a María

XILBERTE MANSO DE LA TORRE

Cando as palabras non abundan para expresar a dor
e as bágoas abrollan como nun regueiro que nunca enxoita
non sei atopar as verbas acaídas para che dicir María
o que sinto a túa perda temperá.

Fáltanme os azos para artellar frases serenas
que retraten a túa personalidade, a grandeza do teu ser, o teu carácter sempre amable
e garimoso con quen precisara unha man amiga, unha aperta ou un empurrón.

Non é xusto que a parca segara a túa vida, os teus proxectos e os dos teus seres queridos,
e os dos que te acompañabamos nalgunhas angueiras de presente e futuro.

Non é xusto, non, non o é, repetirei sempre anoxado co mundo e non sei con quen...

Os que non temos o consolo das crenzas, das relixións,
os que cremos na xente, nas amigas coma ti,
non atopamos acougo e a carraxe fainos berrar a dor que sentimos
feríndonos no máis íntimo.

Mais... non hai conforto e seguiremos penando sen esquecerte.

Ti, que tanto exemplo nos deches coa túa rebeldía e afouteza,
non perdoarías que nos renderamos ante esta adversidade tan dura, e seguro
que tentarías darnos azos para seguir coas tarefas e obrigas que a túa querida profesión
nos impón cada día.

Non renderse nunca, nin na maior das adversidades, e seguir, seguir a loitar por
un mundo mellor.

María, deixounos o teu corpo, e custa crelo.

Ti sempre seguirás viva na nosa memoria e como unha estela no mar, no teu mar
de Panxón, guiarasnos cara ao horizonte, máis aló das illas, da túa illa, na que xa des-
cansas a carón dos teus poetas e estrelas preferidas.

As ondas seguen a me traer o son do mar, dese mar no que viaxas na derradeira
singradura cara ao alén. Cando os meus pés volvan a pisar a area mollada hei sentir
que o salitre e algunha pinga han levar sabor a ti, e aloumiños que nos mandas para
lembrarte.

Grazas, María, por ter compartido contigo a vida.



Alfonso Soliño Troncoso (Nov 1960-Xan 2019)

XILBERTE MANSO DE LA TORRE

*Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
mais sóo os iñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.*

Cando un quere expresar un sentimento, moitas veces acude á literatura ou a música para ver de atopar axuda e tentar atinar coas palabras ou a melodía que faga xustiza a aquilo que quere dicir co mellor agarimo e fondura. Cando se trata dunha despedida dun familiar ou dun amigo querido, a tarefa faise difícil e chea de dor e non hai nin verba nin melodía que achegue todo o que un desexaría transmitir. Sempre hai un verso, unha palabra, un son que no fondo pensas que non lle fai xustiza o verdadeiro sentimento que vives no teu interior, aínda que as veces se aproxime a realidade sentida.

E un tema recorrente achegarnos ó verso de Pondal que temos no noso himno nacional para falar das persoas que consideramos boas e xenerosas, e que nos deixaron cun legado realmente xeneroso. Hai dados obxectivos que non son discutibles, están aí para ver e mensurar. Outros forman parte máis dos afectos e as querencias de cada quen, están xa que logo, relacionados coa emotividade e a relación persoal.

Hoxe escribimos estas verbas para lembrar a un home que nos deixou moi cedo. A natureza e o destino fixo que o seu ciclo vital se apagase cando a madurez intelectual e a creatividade estaba medrando a un ritmo moi vizoso e no senso contrario o da súa saúde. O corpo e a mente levan camiños en paralelo pero non parellos, e son quen de atopar destinos moi distantes e mesmamente contrarios. Alfonso soubo moi ben desta dicotomía, e nos últimos días da súa corta vida, padeceu os males do corpo que o limitaron para gozar de todo aquilo do que gustaba, mais non foron quen de afastalo nin un intre do seu labor creativo que con tanta xenerosidade nos regalou sempre, á familia, aos amigos do IEM e ó pobo de Gondomar, seu pobo, no que sempre traballou e que foi a fonte recorrente de moitas das súas teimas.

Quixo o azar que cando nos dispuñamos a redactar estas liñas chegara ata nós un artigo dun arquitecto portugués, Gonçalo Ribeiro Telles que reflexiona sobre o que moitas veces, con Alfonso, nós mesmos falamos e reflexionamos, e que en toda a obra pública e privada de Alfonso Soliño está presente. A preocupación pola destrución da paisaxe, o patrimonio e a natureza. Virán xeracións futuras a valorar esas pegadas que Alfonso deixou no patrimonio urbanizado de Gondomar, as súas ideas e os seus desvelos para co patrimonio que se perde ou se deturpa, a agricultura e auga que foron quen de manter unha paisaxe tatuada da que tanto gustou Alfonso. Gondomar é unha terra definida entre dúas serras e as regueiras que dan en ser dous ríos cando Gondomar se fai vila a seu carón. Xa no ano 1995, cando saíu do prelo o libro Gondomar. Historia, Arte e Territorio, os irmáns Soliño e Mosquera fálannos deses problemas e teimas que Alfonso mantivo sempre e que non deixou esmorecer nin nos peores intres da súa precaria saúde. Lembraremos sempre con agarimo e agradecemento as súas atinadas informacións e consellos, o coñecemento do territorio que andamos a cotío a

percorrer para levar avante os proxectos do IEM, xa sexa nas xeiras como nos estudos sobre o patrimonio, a etnografía e a toponimia. É e será sempre unha fonte que nos mantén en movemento, e da que non deixará de abrollar auga para regar a semente que el sementou.

Lembro aqueles xestos de cabreo con sigo mesmo cando non era quen de satisfacer algún inquerito que lle facías no intre mesmo de facerllo. A súa preocupación e porfía facía que calquera cousa que lle preguntases fora motivo para telo atarefado ata que viña coa resposta ou solución. A súa humildade e timidez, esa insistencia en pasar sempre nun segundo plano sen ningún afán de protagonismo, a pulcritude no traballo e a paciencia que por dentro era un fervedoiro de sensacións e preocupacións que eran quen de quitarlle o sono ata que atopaba unha solución. A creatividade e a gran sensibilidade que tiña ante os problemas e que aparecía dando fermosas e pulcra solucións, sempre facilitando as cousas e esmerándose por que se fixeran ben.

Nunha ocasión fomos a axudarlle a tomar medidas sobre as pontes que están na estrada vella de Vincios a Gondomar, para un traballo que estaba a facer. No Pego Negro as silveiras, o lixo e o desleixo da estrada vella pintaban unha paisaxe terceiomundista que moito o incomodaba e que o fixo xurar e incomodar. A preocupación polo seu concello e todo o que nel acontecía facíalle pasar malos intres e levábo a un sentimento de impotencia que lle producía verdadeiro sufrimento. Baixamos cara Gondomar analizando a grave transformación que se estaba a dar no respecto polo patrimonio e tentamos confortarnos un pouco visitando o cemiterio de Vincios que se acababa de arranxar. Para rematar ficamos na casa paterna reflexionando sobre arte e vendo a obra nova na que estivera a traballar.

Alfonso deunos moito máis do que nos lle demos e sempre estivo aí, dende o primeiro intre axudando a que o IEM chegara a estes vinte anos que imos cumprir este ano, aportando ideas, traballo e a súa arte. Deixounos moita obra feita, plástica e arquitectónica, ideas e proxectos por facer, reflexións e unha bonhomía difícil de superar. Tiñamos pendentes dúas visitas que sempre fomos adiando por problemas da súa saúde e por ese afán del de non molestar. Tiñamos apalabrado

ir a Couso, á tomada dos Barreiros a ver un petróglifo moi interesante que estamos a estudar. Outra ó río da Avelosas, por baixo da Portavedra, en Mañufe, onde atopamos un castro sen catalogar e polo que amosou moito interese. Estaba pendente dunha operación nos pés da que tiña moitas dúbidas. As dificultades para camiñar impedíanlle facer esas excursións que tanto lle gustaban. Nós tentamos animalo e ofrecémonos a levalo unha noite ata beira mesmo do petróglifo nun todo terreo.

Querer quería ir, mais esa actitude súa de non molestar ía adiando a data. Cada vez que viña polo IEM lembrabamos as excursións pendentes e facíamos por animarnos para pórle data. Quixo a deusa Fortuna que non se cumpriran os seus desexos. Habemos traballar para que se cumpran outros.

Grazas Fonso, por todo o que nos deches e o exemplo que nos deixas para tentar ser cada día mellores na defensa da túa terra e o seu patrimonio. Tentaremos ser quen de transmitir o teu legado intelectual e material.

Non te esqueceremos.

Gondomar, xaneiro de 2019

Lares do Val Miñor “escolma”

SOLEDAD GARCÍA RIVEIRO

Neste apartado “O meu Val de Miñor” presentamos hoxe unha escolma da poeta Soledad García Riveiro que, unha vez trasladado o seu domicilio ao concello de Nigrán, quixo poñer en poemas os seus sentimentos ante a nova paisaxe. Pertencen ao seu libro inédito Lares do Val Miñor.

MONTE LOURIDO

Montelourido galopa nun día gris
onde ningún sol brilla no ar
onde o vento entorpece o voo das gaivotas
onde o mar se eleva claudicado de azarosa tormenta
pero en cada unha das súas ondas
da súa coraxe
lanza ao meu corazón
o impulso da lúa
tan tenue e esculpida hoxe, que
con borboriñante son me acomoda
na noite
sobre a almofada
con escintileo de luz e pólvora
a mesma pólvora que atiza a marea.

XACIA DE ABRIL

Xacia de abril
Nada no Galiñeiro
semella amábel o canto desta xacia
branco, livián
semella escoitado
arroupado por un abril que segue a prol da auga
ao seu paso
con aire de romanza
un remuíño resoa con aliteración

baten no seu corpo ondas
son só pequenos lugares
refachos onde os centra o nada.

FIGUEIRA DOS AMANTES, EN BAIONA

Abaixo o mar
enriba a muralla

é setembro
a mañá adormece nun cálido branco
entre fíos de sedela

ela silencia a choiva
bocexa tímida para os seus beizos
está sedenta

el espernexa todo o seu corpo
brinca introvertido e silandeiro
quere enchouparse do seu leite
do seu látex que tradea

descoñece das brincas o cuarto
mais anhela dos amoríos no ar
que fenden co tempo

é marzo
a escuridade tinguiu a area
a mañá espreguiza cuberta de béveras

Abaixo segue o mar
enriba a muralla

FLORECE O CORAZÓN

O amor é unha xanela con vistas a ti
unha razón para a loucura
unha guerra silente plena de treguas baleiras.

Ti es o meu espello
se ti choras, eu estou triste
se ris, son o ceo
se me ignoras, deixo de existir.

Ti chámame a filas da vida.
Ti estírasme e fasme relativa
a miña orixe de coordenadas
a miña derivada constante
o diferencial de todas as miñas ecuacións es ti
e tan só ti
sesión golfa do meu espírito
levarasme ó paraíso.

Para ti serei o máis pequeno
o cotián
o monótono son constante
do que non se percibe pero sempre está.

Eu
eu quedarei contenta coa túa mañá
co espertar desta terra, chamándome
miñorana!

OS VENTOS

Temos que roubar os ventos
que gaban a serra da Groba
que dan volta no Cortelliño
e acariñan os dedos coa pedra do pescador
que descoloran a paisaxe máis bela
de todas as especies do mundo

Temos que agochar ese segredo
para deixar que a soidade conviva entre nós

Temos que mollar os pés durmidos na Foz
para imprimir nas nosas plantas
as engurras que o mar sementa na Ladeira
e apañar do Lourido o derradeiro raio de Sol

Temos que permitir que as nosas barcas
beban coas súas espadas no Miñor durmido
de Vincios ata as Estelas
de Silleiro ata o Portiño

SOLPOR

Estou aquí
no miradoiro de Monteferro.
O sol é tenue
acariñame sen quentura.
Son un vagalume belido á espera da noite de verán.
Pecho os ollos.
Abaixo o mar.
Nobelos de auga destemidos.
Abro os ollos.
Non estás.

AS NOVAS DO IEM

Texto: María Lemos Cerqueira (IEM)

As novas do IEM

MARÍA LEMOS CERQUEIRA

III MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO DO VAL MIÑOR E OIA



O domingo 14 de xaneiro no Auditorio Municipal Lois Tobío de Gondomar iniciamos a III Mostra de teatro afeccionado do Val Miñor e Oia. Organizado polo Instituto de Estudos Miñoráns co apoio do Concello de Gondomar, tivo como obxectivo fomentar e coordinar actividades dirixidas a potenciar tanto a creatividade teatral como a representación.

A programación constou dun total de cinco pezas teatrais interpretadas por Bertorella, A xesta vermella, Pritis- Guomis, A Moura e Os cabalos rosas brincan no patín.

A entrada foi gratuíta e para todos os públicos.

A programación foi a seguinte:

- Domingo 14 de xaneiro- 18.00h

Os pintores clónicos, representada por Bertorella de Morgadáns.

- Sábado 20 de xaneiro- 20.30h

Pola culpa de Gayoso, representada por A xesta vermella de Borreiros.

- Domingo 21 de xaneiro- 18.00h

Pataclown, representada por Pritis- Guomis de Gondomar.

- Sábado 27 de xaneiro- 20.30h

Tecendo mentiras, representada por A Moura de Chaín.

- Domingo 28 de xaneiro- 18.00h

O espantallo, representada por Os cabalos rosas brincan no patín de Viladesuso.

IEM - PROXECTO EQUUS: A LAXE DA COUTADA (TABOEXA, AS NEVES)

<https://www.youtube.com/watch?v=SyRjW0oCGPI&t=129s>

<https://www.youtube.com/watch?v=oRz0tUmLi-w>



XIII XEIRA ALÉN MIÑOR, OURENSE SUEVO E CISTERCIENSE.

Características da xeira:

Data: 24 de febreiro 2018.

Guiada por Jesús Rodríguez Diéguez (Membro da xunta de goberno do IEM, historiador)



Percorrido:

In tempore sueborum

A pesares de estar pouco máis de un século e medio na Gallaecia, os suevos deixaron unha pegada cultural e política no territorio. O seu estado foi un dos máis antigos de Europa. O declive e a deriva dun esgotado imperio romano foi propicio para que este e outros grupos étnicos, fortemente influenciados polos latinos, os cales admiraban, colleran o relevo e a supremacía no mapa político de Europa.

Estes pobos bárbaros non eran grupos sociais illados, vivían nun contexto de simbiose e mestura con outros (visigodos, alanos, vándalos e incluso romanos). Co tempo, os visigodos acabaron por absorber os demais, coa forza da súa influencia cultural e comercial, os seus costumes e o desgaste polas loitas de poder dentro dos propios clans e familias suevas.

No seu rexistro e catalogación arqueolóxica en Galicia (sobre todo Ourense e Lugo), e debido a influencia e vínculo co cristianismo e a romanización previa, atopamos elementos culturais e ritos funerarios, enxovais de distintos niveis sociais e sarregos de pedra, algúns deles con retoques sinxelos e modestos. Incluso moedas coa cañaxe de diferentes reis suevos.

As estruturas de poboamento e os patróns de asentamento case non mudaron respecto o que xa existía (castros, núcleos urbanos e vilas), en moitos casos debido a que os romanos deixaron unhas infraestruturas moi axeitadas e cun grado alto de modernidade e previsión.

Santa María de Xunqueira de Espadañedo.

A súa existencia está demostrada documentalmente desde o ano 1174. O rei Fernando II estableceu definitivamente a área da súa xurisdición, e hoxe en día son eses mesmos límites os que marcan o municipio de Xunqueira.

En canto á distribución de espazos, este monumento divídese en dúas partes. En primeiro lugar, a igrexa, levantada durante a Idade Media. En segundo lugar, o mosteiro, o claustro e o mobiliario litúrxico, de épocas máis modernas.

Hoxe a igrexa funciona como templo parroquial e parte do mosteiro acolle as oficinas do concello. A igrexa, declarada Monumento Nacional en 1980, ten planta basilical e componse de tres naves de 30 m de longo. A súa estética é austera, sinxela, algo característico das construcións do Císter. Aínda así, son dignos de admirar os capiteis historiados ou decorados con motivos vexetais da nave central. A portada norte, románica, tamén está decorada con motivos vexetais. Na porta da sancristía atoparemos volutas xónicas. Conta cun altar románico de pedra. O retablo maior (hai outros nas capelas laterais), foi realizado por Juan de Angés “O Mozo” e mostra as cruces de Calatrava e Alcántara, o escudo da Congregación de Castela, a Ascensión de María e varias escenas da vida de Xesús. A fachada da igrexa é moi posterior, xa que foi terminada en 1801, data presente nunha inscrición. É de estilo neoclásico e alberga unha imaxe de San Bernardo. A torre do campanario divídese en dous niveis, de planta cuadrangular o primeiro e circular o superior. O mosteiro foi románico nas súas orixes, pero a construción actual é posterior e foi levada a cabo entre os séculos XVI e XVII. O claustro é a súa parte máis interesante. A súa disposición e estética son sinxelas, aínda que harmoniosas, o que lle confire un valor artístico inegable. O artesoado do teito da entrada conta cunhas curiosas caricaturas, pintadas directamente sobre a madeira.

San Pedro de Rocas

No concello de Esgos localizamos este enclave que, segundo varios autores, é un dos mosteiros máis antigos de Europa, tendo a súa orixe nos séculos V e VI, en tempos dos suevos. Nos seus comezos era sobre todo un centro de unificación para eremitas e anacoretas, polo que supón un dos primeiros exemplos de vida cenobítica na Península Ibérica.

Pasou a depender de Santo Estevo de Ribas de Sil ou San Salvador de Celanova. Atoparemos unha igrexa do século VI, con 3 naves paralelas escavadas na roca, co altar na nave principal. Tras entrar na edificación, que data do século XVII, atoparemos unha sala anterior á portada principal, onde atoparemos tumbas antropomorfas no chan.

Santa María de Montederramo

A historia deste mosteiro comeza no ano 1124 cando se construíu un cenobio por orde de Teresa de Portugal. Atópase nas abas da serra de San Mamede, afastado das grandes urbes, como moitos cenobios daquelas épocas.

Pertenceu á Orde do Cister, que como era preceptivo daqueles monxes, permitiu poboar unhas terras ata entón inhóspitas, e difíciles de traballar. A orixinal igrexa tardorrománica do século XII foi completamente substituída por outra en 1598 proxectada por Juan de Tolosa, salvo unha ventá románico aparecido na última restauración no muro sur da Igrexa. O novo templo renacentista do século XVI presenta alicerces estriados rematados con capiteis xónicos e pilastras xónicas e aínda bóvedas de cruería góticas.

XOÁN DOLDÁN FALA NO IEM SOBRE A LEI 5/2017, DO 19 DE OUTUBRO, DE FOMENTO DA IMPLANTACIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN GALICIA.



O venres día 2 de febreiro ás 20:30h tivo lugar o primeiro faladoiro de anticipación do ciclo “Galicia 2017-2020: presente e futuros”, no que interveu o profesor titular de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e presidente de Véspera de Nada, Xoán Doldán García.

O acto foi presentado por Xulián Maure (Director do IEM).

O contido da xornada tratou sobre a aplicación da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, a súa afectación, consecuencias e alternativas no ámbito rural.

A xornada desenvolveuse na Aula de Cultura Ponte de Rosas en Gondomar.

CHARLA-INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA “DONBASS, A TRISTE VERDADE” 8 DE FEBREIRO, ÁS 20:00 H.



Esta charla inauguración, o xoves 8 de febreiro, da exposición fotográfica “Donbass, a triste verdade”, sobre a catástrofe humanitaria no Leste de Ucraína, marcou o inicio da exposición ata o 9 de marzo e puido visitarse todos os xoves e venres de 18h a 21h na sede do IEM.

Foi organizada pola asociación sen ánimo de lucro Blagoe Delo, dedicada a labores humanitarias para a poboación civil da rexións de Donbass en Ucraína.

ALBERTE BLANCO CASAL E ALFREDO SUÁREZ CANAL NO FALADOIRO E PRESENTACIÓN DO LIBRO “O MONTE GALEGO” VENRES 9 DE FEBREIRO ÁS 20:30H



Alberte Blanco Casal e Alfredo Suárez Canal, foron os poñentes do segundo faladoiro o venres 9 de febreiro ás 20:30h de anticipación do ciclo “Galicia 2017-2020: presente e futuros”. Interviñeron na presentación do libro:

O monte galego. Caos o aproveitamento multifuncional?

O acto foi presentado por Camiño Noia Campos, catedrática de Lingua e Literatura Galega na Universidade de Vigo.

A xornada desenvolveuse na Aula de Cultura Ponte de Rosas en Gondomar.

Alberte Blanco Casal

Profesor de Tecnoloxía de Ensinanza Secundaria no instituto de Verín. Foi Director Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia (2005-2009). Foi fundador da Asociación Cultural Monterrei, da súa revista A Tempo e do colectivo de animación cultural Foro Monterrei. É colaborador dos diarios dixitais Sermos Galiza, Praza Pública e Terra e Tempo, e da revista do Fórum Galaico Transmontano editada en Chaves.

Alfredo Suárez Canal

Foi concelleiro en Allariz e deputado provincial de Ourense. Deputado no Parlamento de Galicia (1993-2005)

Logo dunha longa carreira política, foi nomeado conselleiro de Medio Rural da Xunta de Galicia, entre 2005 e o 2009.

FALADOIROS GALICIA 2017-2020. PRESENTE E FUTUROS. PROBLEMÁTICAS DO TERRITORIO: LEI DE MONTES E LEI DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS.



O Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) anunciou a presentación dos faladoiros Galicia 2017-2020. Anunciábase que intervirían a portavoz do BNG, Ana Pontón; o portavoz de En Marea, Luís Villares; o portavoz parlamentario en materia de Agricultura, Gandaría e Montes do PP, José González Vázquez e o portavoz parlamentario do PSdeG, Xoaquín Fernández Leiceaga.

Estes, ían centrarse en cuestións relacionadas co territorio respecto ao recollido na Lei de montes e a Lei de fomento da implantación das iniciativas empresariais, na que cada poñente ofrecería a súa visión sobre o tema proposto.

Nos faladoiros actuarían como presentador Xulián Maure Rivas, director do IEM e como moderador David Reinero, xornalista de Praza Pública.

O seu desenvolvemento sería ás 20.30 horas na sede do IEM, Aula de Cultura Ponte de Rosas, Gondomar.

Ana Pontón no 1º faladoiro do ciclo “Galicia 2017-2020: presente e futuros”. Problemáticas do territorio: Lei de Montes e Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais”. Venres día 16 de febreiro ás 20:30h.

O venres día 16 de febreiro ás 20:30h celebrouse o primeiro faladoiro do ciclo “Galicia 2017-2020: presente e futuros no que interveu a voceira do grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Ana Pontón.

O acto foi presentado por Xulián Maure Rivas (Director do IEM) e moderou a xornada David Reinero (Xornalista).

O contido da xornada tratou sobre a situación de Galicia 2017-2020 respecto de problemáticas do territorio: Lei de Montes e Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais”

A xornada desenvolveuse na Aula de Cultura Ponte de Rosas.



IEM PROXECTO EQUUS LAXE DA COUTADA TABOEXA TVG A REVISTA

XOSÉ LOIS VILAR (AS NEVES 17/02/2018)



Intervención de Xosé Lois Vilar Pedreira (IEM) na presentación do audiovisual “E VEU O LUME” no auditorio municipal de As Neves. Sábado 17 de febreiro de 2018



INTERVENCIÓN DE TINO BAZ NA PRESENTACIÓN DO AUDIOVISUAL “E VEU O LUME” NO AUDITORIO MUNICIPAL DE AS NEVES.

FALADOIROS IEM “GALICIA 2017-2020. PRESENTE E FUTUROS”. PROBLEMÁTICAS NO TERRITORIO.

RESUMO FALADOIROS

https://www.youtube.com/watch?v=oFk14V_crKc&feature=youtu.be



Ana Pontón
<http://praza.gal/politica/16061/ponton-hai-que-estudar-unha-fiscalidade-para-o-monte-que-axude-a-pagar-os-cen-millons-que-custa-a-extincion-do-lume/>
<https://www.youtube.com/watch?v=fz9kt2mwA3A&feature=youtu.be>

Luis Villares
<http://praza.gal/politica/16174/villares-unha-nova-propiedade-vecinal-do-monte-fronte-a-publica-e-a-privada-colectiva-actuais-teria-vantaxes/>
<https://www.youtube.com/watch?v=4w2VGqExj7E&feature=youtu.be>



José González
<http://praza.gal/politica/16218/jose-gonzalez-pp-lpara-animar-o-traballo-das-comunidades-de-montes-hai-que-ir-cara-a-unha-fiscalidade-especificar/>
<https://www.youtube.com/watch?v=6mIDslWXO2g&feature=youtu.be>



Xoaquín F. Leiceaga
<https://www.youtube.com/watch?v=bCKFoWWc1To&feature=youtu.be>

I CERTAME ESCOLAR DE CREACIÓN DRAMÁTICA

Reunidos os membros do xurado integrado por: Miguel Anxo Mouriño Fernández, escritor e membro do IEM, Fátima Graña Paz, representando aos grupos da sección de



teatro, Luís Carballo Moure, membro do IEM, actuou como secretario, nos locais do Instituto de Estudos Miñoráns, acordaron por unanimidade a concesión do premio do I Certame escolar de creación dramática, promovido e xestionado polo Instituto de Estudos Miñoráns, ao CEIP Barrantes (Tomiño) pola obra: Oito apelidos galegos.

A obra foi escrita polos alumnos/as de quinto de primaria con idades comprendidas entre os 10 e 11 anos.

O premio constou de tres partes: un lote de libros, a publicación da obra na web do IEM e a súa representación polo alumnado.

Ademais, o xurado decidiu entregar a cada participante un diploma acreditativo de participación e un libro.

XV XEIRA ALÉN MIÑOR CERDEDO - MONTE SEIXO (5 DE MAIO DE 2018)



Percorremos, guiados pola sensata palabra colmada de sentimento de Calros Solla, o Monte Do Seixo, mítico cimeiro da Terra de Montes, biqueira da Serra do Cando. Cos seus picoutos, encostas e bosques, con vistas maravillosas (cando o vento norte limpa de nubes o horizonte) á Ría de Pontevedra, os concellos veciños de A Lama, Beariz e Forcarei.

Unha serra parcialmente esnaquizada por un parque eólico no ano 2000, pero que aínda conserva unha forte pegada etnográfica, con moitísimas lendas e referencias prehistóricas, castrexas e de sabedoría tradicional. Esta montaña máxica que para os devanceiros era un medio de comunicación coas deidades celestes atesoura un abraiante patrimonio material, natural e inmaterial: túmulos, vereas, marcos, pedrafitas, milladoiros, foxos, neveiros, afloramentos graníticos de caprichosa feitura. A natureza exprésase nas mandas de garranos e de vacas que campan pola serra tendo conta das súas vidas cando o lobo llo permite. O vento mareiro deloura cornos e crinas nos pericotos orientados cara ó mar.

Iniciouse o itinerario camiñando dende a necrópole neolítica da Chan de Mamas ata Portalén-Marco do Vento (5 Km. ida e volta). De camiño deuse razón das Lagoas de Xestido, Outeiro da Cama e Laxa Mosqueira (pedras referidas da fertilidade), do Almadraque de Pirocha (representación da Moura-Deusa Nai), da Trampa do lobo, da Cruz do Seixo (Ara Solis), Marco do Vento (marco de deslinde de unidades territoriais locais) e, visitouse: Portalén (a porta doutro mundo, oráculo do Samaín, correo dos que xa non están entre nós...), lugar inveterado de culto e ritualidade.

En Castro Grande visitáronse as Pedras Ghiadas (aliñamento lítico), a Mámoa de Xestido e a Lagoa do Medio.

Neste itinerario o guía falou das innumerables lendas e tradicións como a do rato Rabisaco, a Besta branca, a Moura de louros cabelos, a Galiña dos pitos douro etc.

Pola tarde visitouse o barrio de Pedre co seu conxunto de hórreos, a Ponte Medieval de Santo Estevo de Pedre que salva o Lérez e a aldea vella de Vichocuntín, descuberta hai poucos anos. Componse de media ducia de vivendas cuxa feitura, dimensións, materiais e anexos falan dunha, noutrora, puxante comunidade agropecuaria. Destacan un muíño roulón e un pombal, e un hórreo de catro esteos pousados no valo da congostra, sinal de propiedade do terreo no que asenta.

O INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORÁNS, IEM, E O CONCELLO DE GONDOMAR CONVOCARON O XI PREMIO DE POESÍA VICTORIANO TAIBO



Púxose en marcha a convocatoria do XI Premio de Poesía Victoriano Taibo por medio da publicación das seguintes bases.

BASES

O IEM, Instituto de Estudos Miñoráns, en colaboración co Concello de Gondomar convoca o XI Premio de Poesía Victoriano Taibo. O premio, dotado con 3000 € e unha escultura conmemorativa de Fino Lorenzo, rexeráse polas seguintes bases:

1. Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, de temática libre, non poderán ser adaptacións e estarán escritos en lingua galega, de acordo coa normativa aprobada pola Real Academia Galega en 2003.

2. Cada traballo consistirá nun ou varios textos poéticos, cunha extensión non inferior a 300 versos, que constitúan un conxunto.

3. De cada obra presentarase orixinal e catro fotocopias. Os autores ou autoras concursarán polo sistema de plica. Os traballos faranse chegar por correo ao seguinte enderezo: Apartado 30 36 380 Gondomar Pontevedra

4. Os traballos presentados conservaranse durante un mes a partir da data de publicación da resolución do xurado, período durante o cal poderán ser recollidos no local do IEM en Gondomar, transcorrido ese prazo destruíranse os que non fosen solicitados polos seus autores ou autoras.

5. O prazo de admisión de orixinais comezará cando se faga pública esta convocatoria e rematará o día 31 de xullo de 2017.

6. O xurado estará constituído por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario.

7. A obra premiada será publicada polo IEM na Colección Victoriano Taibo e non xerará dereitos de autor durante os primeiros 1500 exemplares editados.

8. O premio outorgado será único e indivisible. O xurado poderá decláralo deserto se estima que a calidade das obras presentadas así o aconsella.

9. Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado.

10. O feito de participar supón a aceptación destas bases.

O Premio de poesía Victoriano Taibo recoñeceu até o de agora a obras das seguintes escritoras e escritores: Carlos Negro con *Cultivos Transxénicos*, M^a Carmen Caramés con *Cuarto Minguante*, Elvira Riveiro e Silvia Penas con *Biografía da Multitude*, M^a Goretti Fariña con *Devastacións dispoñibles*, Calros Solla con *Holocausto Zacoé*, Conchita Álvarez Lebrede con *Distancias e Simetrías*, Ramón Sandoval con *Territorios Estraños*, Lara Rozados con *O caderno amarelo*, Iñaki Varela con *Do outro lado das portas*, Xosé Iglesias con *A relixión do mar* e Rafa Vilar con *Erosións*.

O IEM e o Concello quixeron, a través deste premio, enxalzar a figura de Victoriano Taibo, escritor e mestre na parroquia de Morgadáns, e contribuír ao crecemento da literatura na nosa lingua, convertendo Gondomar e este premio nunha cita imprescindible para as letras galegas.

Gondomar, 9 de abril de 2018

MEMORIA IEM 2017

Na reunión en Asemblea Xeral presentouse, entre outros puntos, a memoria de actividades IEM 2017, que se recolle no seguinte enlace:

https://issuu.com/marialemos/docs/memoria_iem_2017



PRESENTACIÓN DO LIBRO SERRA DA GROBA. A FORMACIÓN DA PAISAXE DE XURXO PÉREZ PINTOS E XOSÉ MARÍA BOUZÓ FERNÁNDEZ. VENRES 27 DE ABRIL ÁS 20:30H



O venres 27 de abril ás 20:30h, presentouse o libro Serra da Groba. A formación da paisaxe do que son autores Xurxo Pérez Pintos e Xosé María Bouzó Fernández.

Esta edición fíxose grazas ó esforzo persoal dos autores. financiada na súa maior parte por eles. Contou coa axuda de varias comunidades de montes: Santa Mariña do Rosal, de Viladesuso e Oia así como as asociacións de A Galleira e o IEM.

Este libro foi o resultado dun traballo realizado hai 25 anos para un dos Paseos Pedagóxicos que os autores veñen levando a cabo dende aquela ata a actualidade, e no que se reflicte unha visión da actuación do home sobre a paisaxe, neste período de tempo que se deu en chamar antropoceno.

A Serra da Groba é un espazo onde se xuntan xeoloxía, arqueoloxía, botánica, etnografía para ofrecernos un mosaico artellado en capas que os ollos expertos dos autores amósannos dun xeito sinxelo e didáctico, facéndonos máis doada a lectura e interpretación da paisaxe da Serra da Groba.

O acto foi presentado por Xilberte Manso, membro da xunta de Goberno do IEM.

XVI XEIRA ALÉN MIÑOR ALTO MIÑO- CASTRO DE VILADONGA (2-3 DE XUÑO DE 2018)



O nacemento do río Miño e todo o seu curso alto forman parte do espazo natural “Reserva de Biosfera Terras do Miño” que nos seus máis de 363.000 hectáreas integra diversos hábitats e paisaxes de montaña e fluviais. A Reserva de biosfera Terras do Miño alberga unha das mellores representacións de ecosistemas naturais atlánticas, con grandes carballeiras, bosques de ribeira e matogueira. O sistema fluvial complétase con outras pequenas zonas húmidas como a Lagoa de Cospeito, as Lagoas de Pedroso ou Riocaldo en Begonte, a Lagoa de Bardancos ou Caque en Castro de Ribeiras de Lea, a Veiga de Pumar en Castro de Rei e a Lagoa do Rei de Rábade. A paisaxe da Reserva conserva aínda os sistemas agrarios tradicionais, en forma de agras, así como o pastoreo extensivo nas zonas máis elevadas. As parcelas están cercadas por sebes vivas e grandes ferros de xisto ou lousa. A Reserva contén un rico patrimonio cultural que inclúe a maior concentración de xacementos paleolíticos de Galicia (cun gran número de túmulos megalíticos), castros e asentamentos romanos. A iso hai que engadir edificacións medievais de gran interese como o Mosteiro de Meira. Do patrimonio tradicional consérvanse muíños, mazos, ferrerías e olerías, vinculados ao aproveitamento industrial da forza da auga.

Primeiro día

Viladonga é un castro de gran tamaño, monumentalidade e sona. Xacemento senlleiro, da primeira historia dos poboadores galegos. Ten unha forte pegada na tradición oral e no folclore da comarca. E unha das referencias culturais galegas polo seu interese histórico e cultural, pero tamén por como se planificou e se xestionou dende o seus comezos, cumprindo cunha función social, cultural e didáctica, a maiores da puramente turística.

Viladonga é un exemplo dos castros que se seguen habitando despois da conquista romana do noroeste, e convérteo nun lugar clave para estudar e entender o desenvolvemento e a evolución da Cultura Castrexa na etapa galaico-romana, conservando estruturas e materiais de tradición anterior (Idade de Ferro) pero achegando trazos e elementos foráneos procedentes doutras partes do Imperio Romano, próximas ou distantes. Ocupa a coroa dun monte, a unha altura de 550 m e ten unha extensión aproximada de 4 hectáreas. A importancia do museo no contexto do xacemento é fundamental. Paralelamente a isto a súa implicación e compromiso co territorio e a idiosincrasia chairega é total. Dende as orixes das escavacións (1971) ata a apertura do museo (1986) tívose un especial interese en que o criterio museográfico da súa montaxe estivese marcado polo carácter didáctico do alí exposto. A calidade dos fondos mostrados, xunto cos elementos que favorecen ao visitante a comprensión da información asociada á grandiosidade do xacemento e da paisaxe na que está mergullado, farán dela unha estadia inesquecible.

Lagoa de Caque ou Bardancos

Cospeito e a lagoa de Caque forman dous dos principais sistemas lacustres de Galicia. Ambos os espazos son lagos de carácter seminatural, cuxa forma actual é debida a proxectos de rexeneración que deixan atrás os intentos de desecación de tempos pasados. Os observatorios e paseos circulares conxugan a súa accesibilidade coa conservación das fráxiles zonas húmidas. Trátase dunha paisaxe modelada pola actividade agrícola e gandeira no que aínda hai espazo para a conservación de manchas boscosas autóctonas. Carballeiras, soutos e especies asociadas ás ribeiras fluviais convierten o lento fluír das augas nun lugar de gran beleza e quietude.

Castro de Rei

Capitalidade histórica do concello, co seu antigo núcleo ás beiras do río Azúmara. Posúe un rico patrimonio con moitísimas referencias de arquitectura civil: pazos, casas grandes e torres, a maioría delas construídas entre os séculos XVIII e XIX. Noite en Lugo.

Segundo día

Achegamento á Lagoa de Fonmiñá (un dos illós do primeiro Miño...) onde se xuntan augas subterráneas e de orixe cárstica, procedentes de diversos nacentes. Aquí o Miño “colle corpo” para seguidamente e paseniño percorrer os 340 km aprox. ata mesturarse co salgado da costa Miñota.

Estas augas proceden do seu nacemento, uns 10 km máis arriba, no Pedregal de Irimia. Morrena glacial de, aproximadamente, 700 m de lonxitude. Depósito de rochas onde emerxen as augas subterráneas polo final dun embude de pedras. Este espazo é obxecto de multitude de lendas relacionadas co río Miño.

Mosteiro Cisterciense de Meira

Coñecido desde o ano 997, cando posiblemente era unha casa beneditina. A súa fundación efectuouse entre os anos 1151 e 1154. A casa foi reformada e en 1503 in-

tegrouse á Congregación Cisterciense de Castela, o que levou este establecemento a unha época de estabilidade e riqueza que permitiu a súa renovación arquitectónica. Nesta época emprendeuse a construción dun novo claustro en substitución da anterior e doutro, de nova planta, coas súas dependencias anexas.

Xa no século XIX, o mosteiro sufriu os efectos da guerra da Independencia, transformándose en hospital. Unha vez recuperado e restaurado sufriu unha nova dispersión temporal dos monxes con motivo do Trienio Liberal. Despois a desamortización de 1835 deixouno definitivamente sen comunidade relixiosa. O mosteiro atopábase en estado de ruína cando en 1845 foi entregado ó Concello. Máis adiante, restauráronse algunhas das dependencias, especialmente a igrexa e actualmente só se conserva este edificio e unha parte das dependencias ocupadas pola reitoría e as oficinas municipais.

Mazo de Ferreira Vella (Riotorto)

A primeira referencia histórica á artesanía do ferro en Riotorto atopámola na documentación medieval do Século XVI do convento de Vilanova de Lourenzá. Esta foi de gran peso no municipio de Riotorto. Por iso é polo que se concibiu a idea de restaurar e mellorar os mazos co fin de dar a coñecer esta profesión que, actualmente, se atopa en perigo de extinción.

Os ferreiros destacaron e destacan principalmente pola elaboración manual de fouces e coitelos, ferramentas que, en todo caso, se caracterizan por unha maior calidade fronte ao produto de fábrica. Antigamente denominábanse mazos de auga e movíanse por forza da auga, hoxe en día todos son mazos eléctricos. Con estes e co martelo na bigornia (neste caso manualmente), os ferreiros van dando forma ao aceiro, que previamente poñen ó lume a altas temperaturas.

Felipe Arias Vilas (Exdirector do museo do Castro de Viladonga, arqueólogo, historiador e profesor-investigador ad honorem na Facultade de Humanidades da USC en Lugo foi o guía desta xeira.

O IEM E O CONCELLO DE GONDOMAR HOMENAXEAN A MARÍA VICTORIA MORENO.



O acto tivo lugar na Paradela, na praza Latino Salgueiro de Gondomar, e comezou ás 19:30 horas

O 17 de maio, Día das Letras Galegas, o Instituto de Estudos Miñoráns, IEM, e o concello de Gondomar, a través da concellaría de Cultura, celebraron as Letras galegas cunha homenaxe á escritora María Victoria Moreno, a quen se lle dedicou a data este ano.

Os escritores Iria Misa e Miguel Anxo Mouriño leron fragmentos da obra desta profesora estremeña que namorou da lingua galega e dedicou a súa vida a escribir en galego, especialmente para os máis novos e novas. Ese lectorado tan presente para María Victoria Moreno estivo representado neste acto por alumnado do CEIP Neira Vilas e IES plurilingüe Terra de Turonio, que leron fragmentos de *Eu conto, ti cantas*.

Acompañando á palabra recitada estará o grupo musical Xardín desordenado que interpretará pezas do seu último traballo, *“A vitoria da luz”*, baseado en textos de María Victoria Moreno e pechou o acto. Tamén, durante todo o acto a pintora Irene Silva realizará un mural en directo.

Palabra, música, pintura únense así para festexar a nosa lingua, esta que tanto amou María Victoria Moreno, quen non dubidou en utilizala no ensino ou en dar aulas de

lingua alí onde for requirida en tempos da ditadura franquista. Os seus versos, os seus relatos en que os animais teñen un papel principal, o seu amor pola lingua son o legado que nos deixa unha estremeña que un día namorou deste noso país.

PRESENTACIÓN DA TOPONIMIA DE CHAÍN E VISITA GUIADA. SÁBADO 26 DE MAIO ÁS 18:00 NO CENTRO CULTURAL DE CHAÍN.



O sábado, 26 de maio ás 18:00 h. no Centro Cultural de Chaín tivo lugar a presentación “A toponimia de Chaín”.

Houbo unha visita guiada dende o Centro Cultural. Visitaremos O Castelo, O Padrón, Faxide, Paraboa, A Mourisca, O Pedrouco, a Igrexa, e, de novo, ó Centro Cultural nas Mercedes.

A duración foi aproximadamente de dúas horas.

A presentación no Centro cultural, realizouse unha vez rematada a visita guiada por Rita Fernández Domínguez e Noelia Pérez Blanco.

PRESENTACIÓN DA REVISTA REM Nº 16/17 O VENRES 1 DE XUÑO ÁS 20:30H NO AUDITORIO DE NIGRÁN.



O venres 1 de xuño, ás 20:30h no Auditorio de Nigrán, presentouse a revista REM nº 16/17 do Instituto de Estudos Miñoráns.

O acto contou coa colaboración e actuación de alumnas do Conservatorio Elemental de Música de Gondomar e as intervencións de Xulián Maure Rivas, director do IEM, Xosé Lois Vilar Pedreira, Xilberte Manso de la Torre, Víctor Lorenzo, Antonio Soliño Troncoso e José Ramón Ojea Vidal que fixeron unha breve presentación das súas colaboracións. Presentou o acto María Lemos Cerqueira, secretaria da Xunta Directiva do IEM.

Presentación REM 16/17

Estas son as novas “Achegas” que entrega a Revista de Estudos Miñoráns (REM). § Empeza cunha breve memoria das contribucións que a Sección de Etnografía e Arqueoloxía do IEM foi elaborando e que acaba de culminar coa presentación da tese doutoral de Eduardo Méndez-Quintas na Universidade de Burgos: Caracterización y variabilidade tecnomorfológica de las industrias achelenses de la cuenca baja de río Miño (NO de la Península Ibérica). § Esta mesma Sección presenta un adianto dos estudos que ven facendo sobre a presenza dos garranos nos montes das terras miñotas e a súa posible relación temática cos petróglifos desta comarca. § Nestes anos en que os desafuzamentos marcaron a gravidade da crise económica e social, achegamos varios documentos nos que uns veciños da Baiona medieval (século XV) quedan privados do foro que tiñan coa igrexa de Santa María. § No número 12-13 desta revista apareceu un pequeno dossier con varios artigos sobre o Porto do Molle. Agora neste número dáse unha breve pero cumprida información do estado actual deste parque empresarial con cerca de mil novos postos de traballo cunha grande porcentaxe de alta cualificación. § Sobre o proceso sociolingüístico do Val Miñor hai dous estudos de moi distinta natureza. Por unha parte mídese a deriva do uso bilingüe na xuventude miñorana nos últimos trinta anos e por outra estúdase a natureza social da gheada e do seseo en conversas do Val Miñor. § Documentábase a bioinvasión europea da planta medicinal suramericana “marcela” [*Achyrocline satureioides* (Lam.) DC.] partindo da súa chegada

ao Val Miñor. § Recóllese neste número un breve informe sobre a presenza estival de grupos infantís de saharauís acollidos por familias miñoranas. § Dúas intervencións sobre Relixión do mar, Premio Vitoriano Taibo de 2016 salientan o valor poético e social do mundo mariñeiro na obra de Xosé Iglesias. § Finalmente, nos oitenta anos dos comezos asasinados da ditadura de 1936, inclúense un poema inédito de Antón Tovar e o texto da intervención de Montse Fajardo na homenaxe anual da Volta dos Nove.

Os apartados “Especial Arte” está dedicado ao artista escultor miñorán Vitor Lorenzo e “O meu Val Miñor” recolle dous textos, un de Vitoriano Taibo sobre o primeiro Conde de Gondomar e outro un mitin de Basilio Álvarez pronunciado en 1912 no piñeiral da Ramallosa. Remata a revista coas seccións “As novas do IEM” e o “Índice de colaboradores”.

PATRIMONIO, CULTURA E DESENVOLVEMENTO; EXPERIENCIAS DENDE O NORTE DE PORTUGAL. LUÍS FERNANDO DE OLIVEIRA FONTES. VENRES, 8 DE XUÑO ÁS 20:30 H



O Instituto de Estudos Miñoráns ofreceu o venres 8 de xuño ás 20:30 h. o faladoiro:

Patrimonio, cultura e desenvolvemento; experiencias dende o norte de Portugal con Luís Fernando de Oliveira Fontes.

Doutor en Arqueoloxía, Director da Unidade de Arqueoloxía da Universidade do Minho, Director da revista en liña *Traballos Arqueolóxicos da U.A.U.M. / MEMÓRIAS*,...

O acto foi presentado por Eduardo Méndez Quintas, arqueólogo e doutor en Evolución Humana e membro do IEM.

Luís Fernando de Oliveira Fontes

Nota biográfica

Luís Fernando de Oliveira Fontes nasceu em São Paulo (Brasil) em 7 de dezembro de 1959. Logo em 1961 regressou a Portugal, fixando-se na cidade de Braga.

É doutorado em Arqueologia (Paisagem e Povoamento) pela Universidade do Minho (Braga).

É o Diretor da Unidade de Arqueologia da Universidade do Minho desenvolvendo atividade no domínio das Paisagens e Povoamentos Antigos; Arquiteturas Medievais e Modernas; Evolução das Formas Urbanas; Valorização do Património Cultural, tendo sido responsável pelos centros de interpretação do PAVT (Parque Arqueológico do Vale do Terva; Boticas), do Castelo de Lindoso (Ponte da Barca) e do Núcleo Museológico de Dume (Braga).

É ainda diretor da revista em linha *Traballos Arqueolóxicos da U.A.U.M. / MEMÓRIAS*; Membro do Painel de Avaliação da Direção Geral do Património Cultural, para os PIPA (Projetos Plurianuais de Investigação em Arqueologia); Membro Executivo do Comité Científico do Centro de Estudos do Românico e do Território; Membro da Comissão Científica da Urbs Regia- Orígenes de Europa/Itinerário Cultural Europeu; e Membro Integrado do Lab2PT/Laboratório Paisagens, Patrimónios e Territórios (ICS/UMinho). Publicou mais de 200 trabalhos, destacando-se 17 livros, 18 capítulos de livros e mais de 50 artigos em revistas internacionais.

Como atividade secundaria dedica-se à fotografia, tendo sido fundador e diretor dos Encontros da Imagem - Festival Internacional de Fotografia de Braga.

O IEM ACOLLE A PRESENTACIÓN DE AS CINZAS DE PASOLINI DE XOSÉ MANUEL MILLÁN OTERO. VENRES DÍA 15. ÁS 20:30 HORAS

O venres día 15 de xuño, ás 20:30 horas, na Aula de Cultura Ponte de Rosas de Gondomar, o Instituto de Estudos Miñoráns, IEM, presentouse o libro de poesía. As cinzas de Pasolini de Xosé Manuel Millán Otero, publicado pola editorial Toxosoutos.



Na presentación, o autor estivo acompañado polo poeta Xosé Daniel Costas Currás e a escritora Marta Dacosta, da Xunta Directiva do IEM.

Xosé Manuel Millán Otero publicou o seu primeiro libro de poesía en 1992, Este é o tempo do sal, recoñecido co accésit do Premio Esquíu de poesía. Tres anos antes obtivera o premio de poesía O Facho por Retrato de muller con navíos ao fondo. En 1995, gaña o premio Eusebio Lorenzo Baleirón con As palabras no espello. As cinzas de Pasolini é o seu terceiro libro de poesía, un dos títulos finalistas do último premio Victoriano Taibo.

Xosé Manuel Millán Otero destaca tamén como estudoso da nosa literatura, sendo unha das voces máis autorizadas sobre a obra de Bernardino Graña, de quen realizou a edición crítica de Profecía do mar. En homenaxe a Bernardino Graña escribe e publica en 2010. Ode menor ao gran mascato Bernardino Graña cando se eleva sobre as terras do Morrazo.

Entre os anos 2003 e 2011 foi alcalde de Moaña. Durante ese período, como el mesmo di: “desatendín un chisco a Calíope e a punto estivo de abandonarme. Agora intentamos facer as paces.” As cinzas de Pasolini é o resultado deste regreso á poesía, un libro en que a crítica destaca a importancia da cinematografía, até o punto de asimilar os poemas a fotogramas que nos devolven a visión que o autor ten do mundo.

PRESENTACIÓN DA TOPONIMIA DE VILAZA. SÁBADO 16 DE XUÑO.

A parroquia de Vilaza sumouse a Chaín, Couso, Mañufe, Boreiros e Donas coa recollida da toponimia que se presentou o sábado 16 de xuño no Centro Cultural cun roteiro e unha charla.



O Concello de Gondomar avanza cara o seu obxectivo de recoller a toponimia de todo o municipio cunha nova parroquia completada. O traballo, realizado coa colaboración do Instituto de Estudos Miñoráns rematou coa xeolocalización de 438 topónimos, entre muíños, veigas, vivendas, cotos ou montes. Ademais, esta recollida incluíu tamén tradicións, lendas e historias aportadas polos veciños que forman parte, xunto coa toponimia, do patrimonio cultural inmaterial da parroquia.

A toponimia pode consultarse nas páxinas web do Concello de Gondomar e do Instituto de Estudos Miñoráns, onde o mapa da parroquia mostra os topónimos xeolocalizados no territorio.

A presentación foi o sábado 16 de xuño ás 18:30 da tarde. Comezou cun roteiro guiado por Antonio Soliño e Noelia Pérez, con punto de partida no Centro Cultural de Vilaza, durante o cal os veciños puideron coñecer un pouco mellor O Barreiro e o seu pazo, os camiños e as presas da zona. A continuación tivo lugar a presentación no Centro Cultural.

A recollida foi realizada por Noelia Pérez Blanco e Rita Fernández Domínguez.

CONFERENCIA DA ARTISTA E EDUCADORA INTERDISCIPLINARIA CRISTINA PATO “TRANSCENDENDO DISCIPLINAS: ARTISTA SOSTIBLE DO SÉCULO XXI”. VENRES 22 DE XUÑO ÁS 20:30H NO AUDITORIO DE NIGRÁN

O venres 22 de xuño, ás 20:30 horas, o Instituto de Estudos Miñoráns organizou a conferencia de Cristina Pato “Transcendendo disciplinas: artista sostible do século XXI”. Foi presentada por Camiño Noia Campos. Nas breves interpretacións musicais foi acompañada polo acordeonista miñorán, Premio Grammy, Roberto Comesaña. Tivo lugar no Auditorio de Nigrán.

Cristina Pato (Ourense, 1980)

Artista e Educadora Interdisciplinaria.

Membro e Asesora de Educación do Silk Road Ensemble de Yo-Yo Ma

Blodgett Distinguished Artist in Residence na Universidade de Harvard (Departamento de Música).

Cristina Pato é unha gaiteira, pianista, produtora e educadora apaixonada. Aclamada como “unha virtuosa explosión de enerxía” polo The New York Times, e como “un dos mestres vivos da gaita” polo The Wall Street Journal, a súa vida profesional está dedicada ao intercambio cultural e a forxar novos camiños para a Gaita Galega. Cristina ten actuado en grandes escenarios de todo o mundo e ten lanzado e producido seis discos como gaiteira solista e dous como pianista, e colaborado en máis de 40 gravacións como artista invitada.

A educación xoga un papel esencial na vida persoal e profesional de Cristina. Traballa como Asesora de Educación do Silkroad, e é artista residente na Universidade de Harvard e na Universidade de California Santa Barbara, onde desenrola proxectos educativos interdisciplinares sobre o papel das artes na sociedade.

Cristina posúe un Doutoramento en Musical Arts pola Rutgers University (EUA) os títulos superiores de Piano, Teoría da Música e Música de Cámara polo Conservatorio de Musica do Liceu, e un Master en Artes Dixitais (Música Dixital) da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona. Foi a fundadora do festival Galician Connection, e escribe unha columna semanal para La Voz de Galicia.

En 2017 Cristina Pato foi nomeada Blodgett Distinguished Artist in Residence na Universidade de Harvard (Departamento de Música).

O IEM ACOLLE A PRESENTACIÓN DA OBRA ENTRE GUERRA E PUB DE LA SOMBRA DEL OSO. MÉRCORES 4 DE XULLO ÁS 21:00H.

O mércores 4 de xullo, ás 21:00 h o IEM acolleu a presentación da obra de teatro Entre guerra e pub representada por La sombra del oso.

Tivo lugar na Aula de Cultura Ponte de Rosas, en Gondomar.



XEIRAS IEM VERÁN 2018

O Instituto de Estudos Miñoráns organizou ás xeiras para este verán 2018. Foron doce visitas guiadas e dirixidas por especialistas no tema da visita, de interese histórico, artístico, natural e paisaxístico que se realizaron nos tres concellos do Val de Miñor: Gondomar, Nigrán e Baiona e no Baixo Miño: Tomiño.



A duración media das xeiras foi de 3:00h a 3:30h.

O mércores 27 de xuño ás 17:00h tivo lugar a presentación das xeiras do IEM no restaurante A Pinta no Parador de Baiona.

Resaltouse este ano a innovación que supuxo a incorporación a todas as xeiras de dúas intérpretes en lingua de signos.

XEIRAS IEM 2018- BAIONA-BAREDO: NOSA SEÑORA DA CELA, DO AVISO DA SÚA APARICIÓN NA ARQUIÑA Á ACTUAL IGREXA PARROQUIAL. MARTES 3 DE XULLO ÁS 18:30 H.



O vindeiro martes 3 de xullo ás 18:30h tivo lugar a primeira xeira de verán polo concello de Baiona en Baredo “Nosa Señora da Cela, do aviso da súa aparición na Arquíña á actual igrexa parroquial.”, dentro do programa das xeiras de verán 2018 do IEM, e coa colaboración deste concello de Baiona, guiada polo especialista Anxo Rodríguez Lemos.

O punto de encontro foi no Cruceiro de Baixo.

“Nosa Señora da Cela, do aviso da súa aparición na Arquíña á actual igrexa parroquia”

Aquel día repicaron as campás na igrexa parroquial de Baiña. No lugar anexo de Baredo, o común da xente, atopara unha imaxe da Virxe intacta sobre unha pedra do mar, nos Outeiros da Arquíña. Correu a noticia daquel portentoso achado que, rapidamente, o abade manda trasladar á igrexa de Baiña co fin de expoñela á pública veneración. Cargada nun carro de bois, a imaxe non quixo deixar o territorio baredano onde quedou ata os nosos días. Erguéuselle unha ermida no lugar da Cella Vella a onde acudían romeiros da Guarda, Oia, Chaín, Panxón ou Baiona a agradecer a intercesión da avogosa santa nos problemas da vida cotiá. Dende O Cruceiro de Baixo, rememoraremos na nosa xeira, aquela aparición traída polo mar picado ata o pé da Cella Vella. Entenderemos a importancia de posuír un santuario de referencia durante a Idade Moderna, o patrimonio material e inmaterial xurdido ao seu arredor, así como a separación no espiritual e administrativo, a comezos do século XIX, de Baredo e Baiña, ata daquela unha soa parroquia. Vén á primeira xeira do IEM por Baredo, ás 18:30 no Cruceiro de Abaixo (Alimentación Vicente), ao pé da actual igrexa parroquial de Baredo, onde remataremos o noso percorrido circular logo de visitar o lugar da Cella Vella.

XEIRAS IEM 2018- GONDOMAR- O CAMIÑO DA NOSA SRA. DO NORTE. DA CAPELA DOS REMEDIOS AO PAZO DO CONDE DE GONDOMAR. XOVES 12 DE XULLO ÁS 18:30 H.



O xoves 12 de xullo ás 18:30h tivo lugar a terceira xeira de verán polo concello de Gondomar O Camiño da Nosa Señora do Norte. Da Capela dos Remedios o Pazo do Conde de Gondomar, dentro do programa das xeiras de verán 2018 do IEM, e coa colaboración deste concello de Gondomar, guiada por Antonio Soliño Troncoso.

Houbo dous intérpretes en lingua de signos para xordos.

O punto de encontro foi no Auditorio Lois Tobío. Gondomar.

<https://drive.google.com/open?id=1hu9VRFycGPLsLHY98GuxkTiblpikKduE&usp=sharing>

POLA FORCA DE LOBOS ATA O PAZO DO CONDE.
O CAMIÑO DA NOSA SEÑORA DO NORTE

Guía

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

Ao longo desta xeira, continuidade da que a semana pasada fixemos en terras de Couso, veremos e comentaremos unha vez máis retallos dun importante patrimonio histórico, etnográfico e artístico e volveremos a preocuparnos pola deriva paisaxística que está a enfiar a contorna por mor de especies arbóreas invasoras e outras razóns non vexetais. Trataremos arquitectura vernácula, tan ben imbricada no territorio e como tantas veces non moi ben atendida, volveremos a comprobar a secular dependencia do campesiñado respecto da ga, visitaremos un recinto feiral dos máis antigos do Val no que outra vez queda patente a evidencia de ritos e costumes que naceron para aplacar medos e angustias emocionais da xente do rural, citarémonos con topónimos evocadores e case sempre reveladores, transitaremos a un tempo dous dos camiños historicamente máis importantes de Val de Miñor, e por último volveremos a toparnos con restos históricos e construídos deixados pola fidalguía e a alta nobreza do Antigo Réxime no condado. Todo durante as tres horas que nos levará percorrer os 4,20 quilómetros do tramo de camiño que atravesa a parroquia de Gondomar; un traxecto afectado de pouca dificultade. O punto de encontro é o Auditorio Lois Tobío, na vila de Gondomar. Prégase puntualidade. O percorrido será acompañado de intérprete de lingua de signos.

O camiño é un elemento básico na ordenación do territorio, podendo presentarse con diferentes rangos e categorías. Hoxe novamente vamos centrarnos nun dos de xerarquía superior para o contexto que atravesa dende, cando menos, o medioevo.

O Camiño de Nosa Señora do Norte a Santiago sepárase do central en Barcelos -Portugal- e logo de pasar polos concellos de Viana do Castelo, Camiña e Vila Nova de Cerveira entra en Galicia por Goián. A primitiva barca tiña desembarcadoiro ao pé da Fortaleza de San Lourenzo e tras bordear o Pazo-Torre dos Correa a vía pasa a Estás e logo ao Mosteiro e ao Seixo, en Tomiño, para continuar por Pousadela e Hospital, onde o topónimo fai referencia ao que existiu para peregrinos dende 1295. A continuación tira cara a Tebra e a seguir sobe por Cima de Vila para entrar no municipio de Gondomar pola Portela de Couso. Pasa pola capela dos Remedios e dende aquí segue baixando por Forca de Lobos ata Feira da Doce, na Estrada. Bordeando o Pazo do Conde de Gondomar continúa por Pousada ata o pé da parroquial de Mañufe e dende aí vai o barrio da Ponte para atravesar o Río Miñor (neste punto parece existiu un antigo hospitaliño). Continúa polo Cruceiro do Acordo, pasa polo Pazo de Fontán e xa entra na parroquia de Vilaza polo Cruceiro do Portelo. Segue polo treito empedrado ante o Pazo de Pampillón e chega á Areiña, lugar a partir do cal vai coincidir coa estrada real de Baiona ao Porriño ata O Tumbio, en Vincios, logo de atravesar nese lugar o río agora coñecido como Zamáns pero citado en documentos medievais como Miñor. A continuación polo barrio da Rocha chega ao Muiño Gaiteiro e dende alí, por detrás da Pasaxe, entra no actual concello de Vigo ante un antigo marco recolocado que indica o inicio de Valadares. O camiño continúa polas Furnas e a zona alta da igrexa de Castrelos para cruzar a Gran Vía e por Romil, a Falperra e Alfonso XII chegar á Colexiata. Dende aquí segue polo Areal ata a vila de Redondela onde volve enlazar co camiño central a Compostela.

XEIRAS IEM 2018- NIGRÁN- AO SON DAS CAMPÁS DE PARADA. II CERTAME DE CAMPÁS E CAMPANEIROS. MARTES 17 DE XULLO ÁS 18:30H.



O martes 17 de xullo ás 18:30h tivo lugar a cuarta xeira de verán polo concello de Nigrán (Parada) Ao son das campás de Parada. II Certame de Campás e Campaneiros, dentro do programa das xeiras de verán 2018 do IEM, e coa colaboración deste concello, que foi guiada por Anxo Rodríguez Lemos.

O punto de encontro na Igrexa de Santiago de Parada de Miñor:
<https://drive.google.com/open?id=1M64De45rXtITWpHdwUH7qIDubpq9Ftfe&usp=sharing>

Acompañaron dous intérpretes en lingua de signos para xordos.

Rosalía de Castro choraba co seu maxín, plasmado na súa obra Cantares Gallegos, as nostálgicas campás de Bastavales que atronaban co seu tocar o ceo do Val da Maía. Eran as campás un dos elementos sonoros que cada un levaba consigo no seu pensar xunto ás cantigas e pezas musicais aprendidas dende a nenez, rexedoras dun mundo daquela sen a sofisticada tecnoloxía actual pero ben regulado por un tocar encargado de marcar as horas de traballo, anunciar nacementos, casamentos, mortes, festas ou quizais afastar as temerosas treboadas da comunidade. Modernas maquinarias a base de mazos electrónicos substitúen, aos poucos nas nosas parroquiais, ás mans daquelas persoas encargadas de facer falar as campás. Seguindo ás xornadas iniciadas no ano 2007 pola Asociación Cultural Os Chichisos de Pontevedra, o Instituto de Estudos Miñoráns iniciou en 2015 un certame na vila de Baiona chamado a continuar polas igrexas do Val de Miñor co fin de recoller, da man dos seus campaneiros, aqueles toques antigos en vías de desaparecer para sempre. Este ano serán dúas as campás, do século XIX e XX, as que, dende a igrexa parroquial de Santiago de Parada de Miñor, serán tocadas por Esther Nande Figueroa, sancristá e campaneira do lugar do Sobreiro, a partir das 18:30 na cuarta xeira do IEM.

XEIRAS IEM 2018- TOMIÑO- ARQUITECTURA MILITAR HISTÓRICA. FORTALEZAS. XOVES 19 DE XULLO ÁS 18:30H.



O xoves 19 de xullo ás 18:30h tivo lugar a quinta xeira de verán polo concello de Tomiño, Arquitectura militar histórica. Fortalezas, dentro do programa das xeiras de verán 2018 do IEM, e coa colaboración deste concello, guiada por Antonio Soliño Troncoso.

Dous intérpretes en lingua de signos para xordos acompañaron o percorrido.

O punto de encontro no Pazo-Torre dos Correa. Goián:

<https://www.google.com/maps/d/u/0/viewer?mid=1vF-TpyWSLjdaaPzHo8R-rCtn6cDIYqsn&ll=41.94536319999999%2C-8.753013600000031&z=17>

AS XEIRAS DO IEM. VERÁN 2018

ARQUITECTURA MILITAR HISTÓRICA. FORTALEZAS DE GOIÁN

Guía

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

O lugar foi considerado estratéxico dende o medievo e consecuentemente controlado por diversos señoríos e as distintas monarquías. En Goián levantouse a Torre dos

Correa no século XIV, con xurisdición sobre a desaparecida Vila da Barca, inmediata a ela e ao río ata que se trasladou despois da guerra do XVII para o lugar que agora ocupa a parroquial na parte alta. O nome víñalle da embarcación utilizada para cruzar o río. Tamén en 1321 D. Denis, o rei poeta, concede foro a Vila Nova de Cerveira e fortifícaa. Tempo máis tarde, no XVII, durante a Guerra de Restauración, o exército portugués constrúe un complexo sistema militar, que recolle as innovacións incorporadas no trazado e fundación de fortalezas para contrarrestar os avances da balística, con base en Vila Nova e cabeza en Goián, unidas por unha ponte de barcas, ata que asinada a Paz de Lisboa, en 1668, a coroa española ordena levantar unha fortaleza pétreo de catro baluartes, a actual de San Lourenzo, como contrapunto ás edificacións militares do lado portugués presididas polo antigo castelo gótico.

Ao longo da xeira teremos ocasión de ver e comentar o Pazo-Torre dos Correa, o Castelo da Nosa Señora da Concepción, a Fortaleza de San Lourenzo, o Castelo medieval de Vila Nova de Cerveira, o antigo embarcadero da Vila da Barca no Miño e o inicio do Camiño da Nosa Señora do Norte en territorio galego. Tamén falaremos da Atalaia do Espírito Santo, do Forte de Lobelhe, do Facho, do Forte das Chagas e do Castelo de Medos intentando contextualizalos no seu tempo. Farémolo durante as tres horas que nos levará percorrer os 3,4 Km. dunha xeira circular de baixa dificultade. O punto de encontro é o Pazo-Torre dos Correa. Todo o traxecto será acompañado de intérprete de lingua de signos.

XEIRAS IEM 2018- TOMIÑO- CAMIÑO DA NOSA SRA. DO NORTE. DOS LIÑARES AO MOSTEIRO. XOVES 2 DE AGOSTO ÁS 18:30H.



O xoves 2 de agosto ás 18:30h. chegou a sexta xeira de verán polo concello de Tomiño, Camiño da Nosa Sra. do Norte. Dos Liñares ao Mosteiro, dentro do programa das xeiradas de verán 2018 do IEM, e coa colaboración deste concello, guiada por Antonio Soliño Troncoso.

O punto de encontro na Igrexa de Santa María. Tomiño:

https://www.google.com/maps/d/u/0/viewer?mid=1Y3MkchthJq6Xd7ktiUsJ5dcx_KUJ8UEP&ll=41.98687320000001%2C-8.750545999999986&z=17

Dous intérpretes en lingua de signos para xordos acompañaron o percorrido.

AS XEIRAS DO IEM. VERÁN 2018

DOS LIÑARES AO MOSTEIRO DE TOMIÑO.

O CAMIÑO DA NOSA SEÑORA DO NORTE

Guía

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

Durante esta xeira, continuidade da que dedicamos o ano pasado a Goián como punto de contacto deste camiño co territorio galego, veremos e comentaremos retallos dun notable patrimonio histórico, etnográfico e artístico. Falaremos de seculares formas de ordenación do territorio, trataremos arquitectura vernácula, sempre tan ben imbricada no lugar, falaremos de indianos “brasileiros” e das exóticas arquitecturas que promoveron nas terras de orixe, lembraremos ritos e costumes creados para aplacar medos e angustias emocionais da xente do rural respecto do alén, daremos con topónimos evocadores espaxados nunha paisaxe onde a viña da caste

albariño é referencia insubornable, e transitaremos belos espazos de arquitectura románica ideados e construídos por mestres canteiros do século XII. Todo durante as aproximadamente tres horas que nos levará percorrer os 4,20 quilómetros dun tramo de camiño que por mor da concentración parcelaria vai incluír os Liñares; un traxecto afectado de mínima dificultade. O punto de encontro é a igrexa parroquial de Santa María, en Tomiño. Prégase puntualidade. O percorrido será acompañado de intérprete de lingua de signos.

O camiño é un elemento básico na ordenación do territorio, podendo presentarse con diferentes rangos e categorías. Hoxe outra vez imos centrarnos nun dos de xerarquía superior para o contexto que atravesamos dende, cando menos, o medieval. O Camiño da Nosa Señora do Norte a Santiago sepárase do central en Barcelos -Portugal- e logo de pasar polos concellos de Viana do Castelo, Camiña e Vila Nova de Cerveira entra en Galicia por Goián. A primitiva barca tiña desembarcadero ao pé da Fortaleza de San Lourenzo e tras bordear o Pazo-Torre dos Correa a vía pasa a Estás e logo ao Mosteiro e ao Seixo, en Tomiño, para continuar por Pousadela e Hospital, onde o topónimo fai referencia ao que existiu para peregrinos dende 1295.

A continuación tira cara a Tebra e a seguir sobe por Cima de Vila para entrar no municipio de Gondomar pola Portela de Couso. Pasa pola capela dos Remedios e dende aquí segue baixando polo pé da Forca de Lobos ata Feira da Doce, na Estrada. Bordeando o Pazo do Conde de Gondomar continúa por Pousada ata aproximarse á parroquia de Mañufe e dende aí vai ao barrio da Ponte para atravesar o Río Miñor (neste punto parece existiu un antigo hospitaliño). Continúa polo Cruceiro do Acordo, pasa polo Pazo de Fontán e xa entra na parroquia de Vilaza polo Cruceiro do Portelo. Segue polo treito empedrado ante o Pazo de Pampillón e chega á Areíña, lugar a partir do cal vai coincidir coa estrada real de Baiona ao Porriño ata O Tumbio, en Vincios, logo de atravesar nese lugar o río agora coñecido como Zamáns pero citado en documentos medievais como Miñor. A continuación polo barrio da Rocha chega ao Muíño Gaitero e dende alí, por detrás da Pasaxe, entra no actual concello de Vigo ante un antigo marco recolocado que indica o inicio de Valadares. O camiño continúa polas Furnas e a zona alta da igrexa de Castrelos para cruzar a Gran Vía e, por Romil, a Falperra e Alfonso XII, chegar á Colexiata. Dende aquí segue polo Areal ata a vila de Redondela onde volve enlazar co camiño central a Compostela.

XEIRAS IEM 2018- NIGRÁN- RÍO DE TÁBOAS. O NOVO PARQUE FORESTAL DE NIGRÁN. MARTES 7 DE AGOSTO ÁS 18:30H.



O martes 7 de agosto ás 18:30 h tivo lugar a sétima xeira de verán polo concello de Nigrán, Río de Táboas. O novo parque forestal de Nigrán, dentro do programa das xeiras de verán 2018 do IEM, e coa colaboración deste concello, guiada por Xosé Ramón García.

O punto de encontro na Igrexa de Camos:

https://www.google.com/maps/d/u/0/viewer?mid=1_vcCQXm0vjB7xHGBpfjjAlViEHhanZE7&ll=42.146887799999966%2C-8.765104999999949&z=17

Dous intérpretes en lingua de signos para xordos acompañaron o percorrido.

Río Táboas: o novo parque forestal de Nigrán.

Para os que nos acompañaron na xeira de 2007 por este mesmo río temos unha mala noticia. A vaga de lumes do 15 de outubro de 2017 cebose tamén nesta conterna (lembramos as dúas mortes en Chandebrito), e hoxe podemos ver o resultado a curto prazo. O que naquel 2007 era unha fraga rica en biodiversidade, inzada de fentos e vexetación autóctona, é hoxe un modelo de colonización por plantas oportunistas. O dosel arbóreo de amieiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix atrocinerea*) foi substituído por unha cobertura mono-específica a base de *Eucalyptus globulus*, que deixan ver ao seu pé unha alfombra verde azulada de plantóns de 1 ano de idade desta especie. Nas zonas máis asolladas vemos un auténtico galimatías de especies xerófitas de toda caste. Vemos plantas de procedencia suramericana (*Helichrysum foetidum*), norteamericana (*Conyza canadensis*, *Phytolacca americana*), asiática (*Polygonum capitatum*), de ou sudafricanas (*Tritonia crocosmiiflora*) que chegaron aquí a partir de xardíns ou como compañeiras de cultivos non desexadas.

XEIRAS IEM 2018- TOMIÑO-OURO, MÁMOAS E ESTRELAS. XOVES 16 DE AGOSTO ÁS 19:00H.



O xoves 16 de agosto ás 19:00 h tivo lugar a oitava xeira de verán polo concello de Tomiño Ouro, mámoas e estrelas, dentro do programa das xiras de verán 2018 do IEM, e coa colaboración deste concello, que foi guiada por Xosé Lois Vilar Pedreira.

O punto de encontro foi na Antiga escola de Vilachán do Monte. Barrantes.

<https://www.google.com/maps/d/u/0/viewer?mid=1ri6F2UT3THyLM9BH01YgSpX9KXGMYnF&ll=42.029218900000025%2C-8.78712459999997&z=17>

Dous intérpretes en lingua de signos para xordos acompañaron o percorrido.

XEIRAS IEM 2018- BAIONA- A SERRA DA GROBA, A LADEIRA DA GROBA. MARTES 21 DE AGOSTO ÁS 18:30H.



O martes 21 de agosto ás 18:30h tivo lugar a novena xeira de verán polo concello de Baiona, A Serra da Groba, a ladeira da Groba, dentro do programa das xiras de verán 2018 do IEM, e coa colaboración deste concello, guiada por Xosé Lois Vilar Pedreira e Xilberte Manso de la Torre.

O punto de encontro foi no Colexio de Belesar.

<https://www.google.com/maps/d/u/0/viewer?mid=13ye5wuH7TwFQbCNGuZPyshDGWYbge4qa&ll=42.0825696%2C-8.81719350000003&z=17>

Dous intérpretes en lingua de signos para xordos acompañaron o percorrido.

XEIRAS IEM 2018- GONDOMAR- POLOS CUMES DE PEITIEIROS. A PAISAXE NOMEADA. MÉRCORES 22 DE AGOSTO ÁS 19:00H.

O mércores 22 de agosto ás 19:00h chegou a décima xeira de verán polo concello de Gondomar, Polos cumes de Peitieiros. A paisaxe nomeada, dentro do programa das xiras de verán 2018 do IEM, e coa colaboración deste concello, guiada por Xosé Lois Vilar Pedreira.



O punto de encontro será no Alto de San Antoniño Estrada Gondomar- Tui.
<https://www.google.com/maps/d/u/0/edit?hl=es&mid=12NRg6KUPoyoHeZ621r1C-tidqLJUkku&ll=42.076630249835546%2C-8.72431659263998&z=20>

Dous intérpretes en lingua de signos para xordos acompañaron o percorrido.

XEIRAS IEM 2018- TOMIÑO-O MONTE TETÓN. A PAISAXE TATUADA. XOVES 23 DE AGOSTO ÁS 20:00H.



O xoves 23 de agosto ás 20:00h, levouse a cabo a décimo primeira xeira de verán polo concello de Tomiño, O Monte Tetón. A paisaxe tatuada, dentro do programa das xeiras de verán 2018 do IEM, e coa colaboración deste concello, guiada por Xosé Lois Vilar Pedreira.

O punto de encontro foi no Alto do Padrón. Estrada Gondomar-Tomiño.

<https://www.google.com/maps/d/u/0/viewer?mid=1Vr7dRzrjdsdunbNMkJWfT44cyBeAaHAU&ll=42.0628698000004%2C-8.744373900000028&z=17>

Dous intérpretes en lingua de signos para xordos acompañaron o percorrido.

XEIRAS IEM 2018- BAIONA-MONTEREAL DE BAIONA: VIVINDO ENTRE MURALLAS. MARTES 28 DE AGOSTO ÁS 18:30H.



O martes 28 de agosto ás 18:30h percorremos a décimo segunda e última xeira de verán polo concello de Baiona, Montereal de Baiona: Vivindo entre murallas, dentro do programa das xeiras de verán 2018 do IEM, e coa colaboración deste concello, guiada por Anxo Rodríguez Lemos.

O punto de encontro foi en Arcos da Ribeira (Antiga Praza do Pescado).

<https://www.google.com/maps/d/u/0/viewer?mid=12vVRFVULOHlgLaEoQhG3xASXZs&ll=42.12155900000004%2C-8.849873500000058&z=17>

Dous intérpretes en lingua de signos para xordos acompañaron o percorrido.

Case tres quilómetros con triplo cinto de muralla pechan, aproximadamente, as 18 hectáreas centrais da península de Monte Boi en Baiona, centro da nosa vindeira xeira. Ao pé dos seus breves extramuros con pronunciadas costas ábrese as praias da Cuncheira, Os Frades, A Barbeira e A Ribeira; este último areal, aberto ao Norte e protexido pola Doca, acolle o porto de Baiona, vila inmediata unida a Monteboi polo istmo da Palma.

A historia da fortaleza foi parella ó esplendor de Baiona desde que na Alta Idade Media se converte en vila urbana e principal porto das terras de Turonio. Entre os moitos fitos históricos destacables que presenciou, alén da chegada da carabela Pinta en 1493, houbo episodios claves da guerra civil do século XIV, con Suero Yáñez de Parada como figura miñorana sobranceira, ou 1452, cando Juan II de Castela e León ratifica a importancia deste porto ó autorizalo para comerciar co estranxeiro xunto coa Coruña. Os dous únicos de toda Galicia con rango semellante.

En 1497 os Reis Católicos mudáronlle o nome de Monte do Boi polo de Monte Real ao fundar unha nova vila no interior da fortaleza baixo o amparo real. A Baiona extramuros floreceu á par da intramuros no século XVI coa reactivación da pesca e

o comercio, este último, beneficiado polo favor real de comerciar coas Indias dende 1529 a 1573. Baiona crecería un 132% entre 1528 e 1591, pasando de 393 a 915 veciños e superándose os 100 hab/km² no Val de Miñor. Entre os séculos XVI e XVIII as murallas son reforzadas e aumentadas ata a súa total ruínacando os canóns da antiga praza militar enmudecen un 24 de outubro de 1843. Coñeceremos a vida cotiá do seu interior, a historia das súas portas históricas, pozo e cisterna, torres defensivas, baluartes ou incluso a vida dos seus propietarios dende que, en 1874, sae tras moitos inconvenientes o espazo amurallado a puxa pública.

ELOY MARTÍNEZ, XOSÉ LOIS VILAR E XILBERTE MANSO PRESENTAN EN ITALIA OS RESULTADOS DO PROXECTO EQUUS.



Eloy Martínez, Xosé Lois Vilar e Xilberte Manso, membros da sección de arqueoloxía do Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), presentaron o pasado 29 de agosto algunhas xoias da arte rupestre do sur da provincia de Pontevedra e do norte de Portugal no XX Congreso Internacional sobre a arte rupestre (IFRAO). A investigación, enmarcada dentro do Proxecto Equus, ten como obxectivo o estudo dos petróglifos con representación de équidos existentes no sur da provincia de Pontevedra e no norte de Portugal. Trátase dun proxecto iniciado oficialmente en 2015, pero que en realidade remonta a súa orixe a máis de 10 anos vinculados coa investigación da arte rupestre e, neste caso, coas escenas de caza dos petróglifos galegos e portugueses.

O proxecto vén de confirmar a existencia dun novo paradigma no modelo de representación de cuadrúpedes na arte naturalista. Mentres que cara o norte do fondo da Ría de Vigo o animal máis representado é o cervo nas escenas de caza, cara o sur da provincia de Pontevedra e norte de Portugal o animal preponderante pasa a ser o équido, sendo escasas as mostras nas que o cervo está representado. A presentación do proxecto tivo lugar no Palzzi dei Congressi d'arte Rupestre, en Darfo Boario Terme, e está enmarcada na sesión And the Holocene arrived. Post Palaeolithic Rock Art around the World (“Arte rupestre post-paleolítico de todo o mundo”).

Presentación dalgúns petróglifos do Val Miñor

Durante a comunicación, guiada por Eloy Martínez, déronse a coñecer algúns dos petróglifos con escenas de caza do Val Miñor como o Outeiro dos Lameiros (Baiona), a Tomada da Regueira dos Barreiros, As Covas de Amorín, A Chan do Outeiro e Os Outeiros Grandes, entre outros, todos estes últimos situados no concello de Gondomar.

XII CONGRESO DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS (10 E 14 DE SETEMBRO DE 2018)



O XII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos que se celebrou en Madrid entre os días 10 e 14 de setembro de 2018 contou cun relatorio do historiador e membro do Instituto de Estudos Miñoráns Anxo Rodríguez Lemos, doutorando na Universidade de Santiago de Compostela, baixo o título Entre mouros, cantares e terra nomeada: experiencias de traballo con concellos da provincia de Pontevedra. O baionés fixo un percorrido a partir das súas recollidas, en campo, de toponimia e tradición oral recompilada ao

longo dos concellos de Vigo, Nigrán, Gondomar e Baiona no marco dos convenios que o IEM vén realizando cos concellos do sur da provincia, nos últimos anos, como institución pioneira neste eido do patrimonio inmaterial. A intervención tivo lugar ás 18:00h. na facultade de Humanidades da Complutense de Madrid dentro da Mesa redonda arredor do Territorio, con relatorios centrados na Memoria, o Patrimonio e a Identidade.

PASEO LITERARIO E TOPONÍMICO POLA RÍA DE VIGO E A ILLAS CÍES.

A Concellaría de Normalización Lingüística organizou o paseo literario “Fantasía e realidade de Verne en Vigo, II:”A ría de Vigo e illas Cíes”, guiado por Eduardo Rolland (experto no autor Jules Verne e Leticia Costas (autora da novela “Jules Verne e a vida secreta das mulleres plantas”).



Durante a travesía léronse pasaxes do capítulo ‘A badía de Vigo’ de ‘20.000 leguas baixo dos mares’, xunto á narración da batalla de Rande seguindo o guión do propio capitán Nemo a bordo do Nautilus e da vida secreta das mulleres planta”.

-Visita ao miradoiro, na ruta do Alto do Príncipe. Conversa arredor de Jules Verne e o empresario vigués Antonio Sanjurjo Badía. Narración da fantasía desta relación e da realidade dos feitos históricos.

-Visita ao faro. Narración da entrada do Nautilus na ría de Vigo o 18 de febreiro de 1868 así como das dúas visitas a Vigo de Jules Verne a bordo do ‘Saint Michel III. Explicación de curiosidades da Illa Sur na ficción literaria das mulleres planta.

LAURA RAMOS CUBA GAÑA O XIº PREMIO DE POESÍA VICTORIANO TAIBO COA OBRA PRESENTADA BAIXO O TÍTULO DE A SITUACIÓN ACTUAL.



O xurado do certame poético Victoriano Taibo que convoca o Concello de Gondomar en colaboración co Instituto de Estudos Miñoráns, integrado polos escritores e escritoras Iria Misa, Gonzalo Navaza, Miguel Anxo Mouriño, Marta Dacosta en nome do IEM e Rafa Vilar, gañador da Xª edición, resolveu que o libro gañador desta XIª edición era o presentado co título de A situación actual que, unha vez aberta a plica, resultou ser da autoría de Laura Ramos Cuba.

O xurado valorou que se trata dunha obra absolutamente contemporánea en que atopamos unha voz intimista moi forte. Unha voz dunha grande radicalidade, capaz de reflectir unha situación límite, unha crise emocional. Destaca a capacidade de poetizar o cotián con sinxeleza e fondura a un tempo. O xurado tamén salientou a unidade do libro, que mantén ao longo da lectura o pulso e o ritmo.

Laura Ramos Cuba, é unha moza burelá graduada en xornalismo e comunicación audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela. Este é o seu primeiro premio e, será, o seu primeiro libro publicado, co que o certame Victoriano Taibo ten a satisfacción de permitir que saia á luz esta voz actualísima que nos fala desde as súas propias coordenadas inseridas neste século XXI.

A entrega do premio será o día 17 de novembro nun acto que decorrerá no Auditorio Lois Tobío de Gondomar.

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN GALIZAMÉRICA. VENRES 5 DE OUTUBRO ÁS 19:00H.

EXPOSICIÓN GALIZAMÉRICA

Venres 5 de outubro

19:00h Inauguración e conferencia

*Horario de aperturas de luns a venres 18:00 a 21:00.

*As visitas escolares serán concertadas, e preferentemente de mañá.

Domingo 14 de outubro

19:00h Proxección documental.

Domingo 21 de outubro



XVIII XEIRA ALÉN MIÑOR (TERRAS DE CALDELAS, TRIVES E MANZANEDA) 12-13-14 OUTUBRO 2018

Os ríos e regatos, que serviron como eixe artellador da paisaxe do noso país, que grazas as beneficiosas e fértiles terras da súas ribeiras favoreceron o crecemento da poboación que aproveitou esta riqueza para experimentar diferentes tipos de cultivos, foron determinantes para que outras culturas se asentaran e se mesturasen coa poboación local. Diferentes pobos achegáronse a estas terras na procura de pastos, caza, auga, bosques con leña e un clima medianamente benigno. Os romanos, suevos e musulmáns (uns máis que outros) deixaron unha pegada nos costumes, na historia e na morfoloxía do territorio. Tamén os monxes deixaron unha forte pegada, coa fundación de igrexas e mosteiros que converteron a estas comarcas nun polo de atracción espiritual, turística e comercial para moreas de persoas ó longo dos séculos.



Moverémonos case sempre por riba dos 700 m, incluso cerca dos 2000 m, nos cumes de Manzaneda. Os núcleos de poboación máis importantes sitúanse por baixo dos grandes cumes e por riba dos ríos e vales, nas bocarribeiras. Sempre cara ao sur, cara aos grandes ríos, o Sil por suposto, pero tamén cara ao Navea e ao Bibei. Toparémolos con aldeas que aínda conservan esa arquitectura popular característica e tan ben aquela para os rigores dun clima duro en moitos meses do ano: lousa, laxe, madeira de castiñeiro e carballo nas portas, ventás, escaleiras e sobrados... Vivendas acaroadas unhas coas outras, coma círculos concéntricos procurando calor e sentimento de achego e boa veciñanza.

ITINERARIO

Venres 12 (Ribeira Sacra)

Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil

Sen dúbida é un dous máis importantes mosteiros Bieitos da Ribeira sacra. Segundo a tradición, San Martín Dumiense fundouno cando chegou a Galicia no s.VI, antes de que os suevos mudasen a capital á Braga. A Igrexa é románica de finais do século XII e comezos do s. XIII, con restauracións posteriores.

Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil

Como noutros centros monásticos fundados ao abeiro das encaixadas ribeiras do curso final do río Sil, foi considerado inicialmente como un centro eremítico, transformándose posteriormente nun cenobio.

Aínda que non se conserva ningún vestixio arquitectónico ou epigráfico do edificio orixinal, a non ser algunha pedra reutilizada, quedan testemuños certos da presen-

za do mosteiro en época prerrománica, datando as primeiras referencias documentais de finais do século IX.

A igrexa do mosteiro, constitúe un magnífico expoñente do esplendor arquitectónico do románico galego e da importancia do labor escultórico dos mestres medievais que traballaron na súa fábrica.

Paseo xeolóxico polo Canón do río Mao e enterramentos antropomorfos de Barxacova (San Vitor)

É un lugar de singular beleza. O río Mao xurde da unión de dúas ramas (Altos do Rodicio e Serra de San Mamede). Paradoxalmente, nos seus nacentes desenvólvese dun xeito paseniño polas pencheiras. Unha vez superadas a súa orografía, transfórmasse e ten unhas pendentes superiores ó 7 por cento, onde serpea polos canóns que vai formando ó seu paso.

A necrópole de Barxacova está situada a escasa distancia da embocadura do río Mao no río Sil, no que se supón se construíu a capela de San Vitor, aos seus pés. Con ocupación datada entre os séculos IX e XI, trátase dunha das maiores necrópoles rupestres de toda Galicia.

O paseo iníciase por un canal de principios do s. XX e levaranos por un percorrido onde apreciaremos, entre outros, a xestación e o desenvolvemento dun macizo granítico, a formación do relevo, cos materiais que alí están depositados, e a influencia nas comunidades que alí se asentaron. No treito último do paseo apreciaremos, dende a distancia, a caída dunha ladeira e un meandro encaixado na rocha.

Mosteiro de San Paio de Abeleda

A súa datación é do redor do s. X, posiblemente de fundación familiar, sen integrarse, os seus moradores, en ningunha orde monástica importante, como as dos mosteiros veciños. Mestura estilo gótico co románico.

Castelo de Castro Caldelas

Ten una cubicación clásica de castelo rochedo, inexpugnable polo seu lado norte, onde domina cunhas vistas impresionantes o Val do Sil. Algúns autores defenden a data da construción do castelo no século XII. Sobre as portas, aparecen as armas da Casa de Lemos. A revolución Irmandiña derrubouno parcialmente, reconstruíndose no s. XVI.

Mirador da Ponte Navea

De orixe romana con arco medieval. É a vía que comunicaba Braga con Astorga e coincide coa división eclesiástica Astorga/Ourense. Xunto ó mesmo sitúase a Capela Templaria da Encarnación.

Sábado 13 (Comarca de Trives)

Centro de Interpretación Histórico Cultural Santa Leonor

Museo onde se pode apreciar a vida e as circunstancias que rodean a poboación das serras de montaña.

Dedica unha parte á memoria histórica da escola republicana e da ditadura e tamén ten unha parte dedicada a simbiose dos diferentes sentidos (vista, tacto e oído) cos diferentes elementos da vida na terra (fogo, aire, auga)

Ponte Bibeí e Miliarios

Ponte romana da época traiana do s. II. Formaba parte da Vía XVIII ou Vía Nova, de Braga a Astorga.

Ruta dos Sequeiros (Morador da Pena, Pena Folenche)

Pequena ruta circular que rende homenaxe ós soutos de Castiñeiros e ó seu froito, así como ás persoas que traballaron e coidaron que esta forma de vida perdurara no tempo, e a súa relación coa natureza.

Souto de Rozabales/ Castiñeiro de Pumbariños

Neste souto atópanse exemplares de castiñeiros extremadamente lonxevos e de grande beleza. O “Castiñeiro de Pumbariños” árbore de gran singularidade supera os 500 anos. O seu perímetro excede os 12 metros, e é o maior castiñeiro de Galicia. Recollido no catálogo de árbores senlleiras de Galicia.

Pazo da Pena

O Pazo da Pena foi unha casa señorial cuxa orixe se remonta ao século XVI. Construído sobre unha pena xigante, motivo polo cal recibiu o seu nome, atópase na pequena aldea de Rozavales, pertencente a Manzaneda.

Mosteiro de S. Salvador de Sobrado de Trives

Fundado no 909. É un dos exemplos de arte románica máis singulares da provincia. Habitado por monxas Bieitas durante varios séculos, ata que desaparece como tal mosteiro no século XVI, pola reforma, e incorporado a San Paio de Antealtares.

Domingo 14 (Manzaneda)

Visita polo recinto e instalacións da estación invernal de Manzaneda

Pequena ruta dende Cabeza Grande de Manzaneda ata os serodios curros de montaña para ovino e caprino (Mormentelos e A Mosenda).

Durante o percorrido e dende esa atalaia (1.778 m) reconeceremos as montañas do Courel, Pena Trevinca, o canón do Sil, as faias do Navea e do Bibei e o restos do glacial de As Lamas.

Xantar en Celeiros (Chandrea da Queixa)

Pobo de Requeixo

Pobo de montaña. Arquitectura tradicional. Alí viviu Paz Andrade no exilio.

Como noutras ocasións, tivemos algunha visita sorpresa a elementos relevantes do patrimonio material e natural.

ATOPAN SEIS NOVOS DEBUXOS DO MAIOR PETRÓGLIFO DE ARMAS DE EUROPA EN VINCIOS.

Gondomar estreou o seu primeiro museo ao aire libre en torno ao conxunto rupestre de Auga dá Laxe, En Vincios, e os traballos de investigación encargados polo Concello ao Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) para facelo realidade revelan que o enclave prehistórico é moito máis relevante do que se cría. Os arqueólogos da entidade cultural Xosé Lois Vilar e Xilberte Manso tiñan claro que se trata do maior compendio de gravados de armas da Península Ibérica e que a Pedra das Procesións, o seu buque insignia, é o petróglifo bélico máis importante de Europa. Pero é que a prospección a través da revolucionaria técnica da lectura de pedras en 3D permitiulles descubrir que os poboadores da contorna fai catro mil anos debuxaron o dobre de pezas das cuantificadas ata agora.



A VOLTA DOS NOVE

O Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) e a Comisión da Volta dos Nove celebraron ós actos de lembranza do asasinato dos Ineses, a señora Dolores Samuelle e Os Nove de Baiona e Panxón o sábado 13 de outubro hai 82 anos.



Ás 11h30' no cemiterio civil de Sabarís tivo lugar unha lembranza oral e floral para Xosé e Luís López Luís e Dolores Samuélle, tamén coa compañía musical de dous membros dos “Distinguidos da Foz”.

Ás 11h45' na Volta dos Nove, palabras, música e flores para os nove homes asasinados a noite do 15 para o 16 de outubro de 1936.

Foi no 24 de xullo, a media mañá, festas en Santa Cristina.

Entraron as tropas que viñan de acalmar Vigo.

O comandante militar de Baiona: Ramón Blanco Linares. Requisa na sociedade obreira de Sabarís, na Porta do Sol, socialista e anarquista. Fichas de afiliación, revistas pornográficas, correspondencia,...

Ducias de homes fuxidos. Foron aparecendo todos, pero entre outros, faltaban Pepe e Luís, Os Ineses. Descubertos o 13 de outubro de 1936 agochados na casa de Ventura Pérez, cego, axudado por Dolores Samuélle que compraba moitos víveres para o vello, ou o xornal. Delación e entrada de falanxistas, e garda civil a mañá do 13. Defensa propia e ferido (Luís Refojo Mariño, camisa nova). Luís morto a tiros nunha viña camiño da Ladeira, Pepe no muro do cemiterio. Exposición pública e asasinato de Dolores Samuélle, por encubridora.

En Vigo o 15 morre o ferido e esa noite van buscar veciños do Val de Miñor os cárceres de Vigo, traen nove que matan antes da amañecida e á tarde enterran o camarada caído.

Herminio Ramos lembrounos:

1936 Octubre 16. En el día de hoy aparecen muertos a la orilla de la carretera más allá de la fuente de San Roque nueve hombres que resultaron ser vecinos desta villa, calificados de rojos presos en Vigo.

I SEMANA POÉTICA DO VICTORIANO TAIBO SLAM DE POETAS (10 DE NOVEMBRO).



Esta primeira Semana Poética tivo como obxectivo difundir en público o uso do galego en rexistros positivamente marcados. Constou de catro actividades: un “slam” ou torneo poético, un mini recital sorpresa, un reparto de manteis con poemas galegos e unha mostra poética no casco da vila. En cincuenta balcóns do núcleo urbano de Gondomar exhibíronse durante unha semana cincuenta poemas, a maioría eran dos escritores galegos premiados no concurso Victoriano Taibo, acompañados por unha escolma poética de textos clásicos traducidos ao galego.

O torneo poético celebra na cafetería “O Rañolas”, no centro de Gondomar celebrouse coas

normas xa acostumadas nos Slam:

- Pode participar calquera persoa con dous textos propios escrito en lingua galega

- Cada participante terá 3 minutos para recitar o seu texto, se os supera quedará eliminado/a.

- Os únicos elementos que poden intervir no recitado son o corpo e a voz e se fose necesario o texto. Nin música nin outro tipo de atrezzo.

- Un xurado escollido ao azar entre o público porá nota do 0 a 10 a cada unha das intervencións. No recuento eliminarase a nota máis alta e a máis baixa para obter unha media.



- Habará unha primeira rolda da que sairán 3 persoas clasificadas.
- Na rolda final estas tres persoas recitarán, o sistema de votación será igual ao da primeira rolda, e desa votación sairá a persoa gañadora.



Montserrat Copa Arias gañou o 1º Slam Poético Victoriano Taibo organizado polo grupo de Promoción do Uso do Galego (PUGA) do INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORÁNS (IEM) o sábado 10 de novembro de 2018.

Dentro das actividades desta primeira Semana Poética, o mércores 14 de novembro, tivo lugar no Supermercado FROIZ de Gondomar a celebración dun “mini-concerto recital” coa breve duración de cinco minutos.

Colaboraron nesta actividade Silvia Penas (poesía), Margarida Mariño (chelo) e David Arroyos (contrafagot).

Entre catorce centros de restauración distribuíronse oito mil manteis cos textos de catro poemas en catro variedades que ocuparon as mesas durante toda a semana poética.

Todos os actos desta I Semana Poética estiveron programados polo grupo PUGA (Promoción do Uso do Galego), integrado no IEM, e contaron cun convenio co Concello de Gondomar.

O grupo PUGA agradeceu a súa colaboración a cantos participaron dos seus obxectivos: que a Lingua Galega acrecente o seu uso entre a xuventude urbana para así participar na construción lingüística de Europa.

ENTREGA DO XI PREMIO DE POESÍA VICTORIANO TAIBO, ORGANIZADO POLO CONCELLO DE GONDOMAR E O INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORÁNS.



No acto celebrado no Auditorio Lois Tobío, amenizado pola banda de gaitas Balcón do Miñor, de Morgadáns, a autora recibiu o galardón da man do alcalde de Gondomar, Francisco Ferreira, e do director do IEM, Xulián Maure. A continuación Laura Ramos recitou algúns poemas da súa obra.

Pecharon o acto as intervencións de Xulián Maure e Paco Ferreira.

Á saída, no vestíbulo, agardaba un albaroque de confraternización durante o cal a autora asinou exemplares do seu libro.

O premio estivo dotado coa edición do libro, 3000€ e unha peza escultórica da autoría de Fino Lorenzo.

II CERTAME ESCOLAR DE CREACIÓN DRAMÁTICA.



Desde a Sección de Teatro do Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) en unión dos grupos de teatro afeccionado que nela se integran como colaboradores, puxeron en marcha o II Certame escolar de creación dramática para estudantes, desde 5º de Primaria, até rematar a educación Secundaria, cunha idade máxima de 20 anos.

O teatro é unha forma de achegarse á literatura, á música ou á plástica, mesmo outra forma de se achegar á tecnoloxía e á informática. É unha disciplina e é unha técnica. É un medio de ampliar os nosos coñecementos.

Bases do certame:

1-Poderá concorrer calquera estudante de 3o Ciclo de Educación Primaria, ESO e Bacharelato que non supere os 20 anos.

2-Os participantes farano a título individual e poderán presentar un único traballo. De decidiren crear unha obra en grupo, deberá ser presentada co nome do seu representante que será o beneficiario do premio e o responsable ante os seus compañeiros de compartilo.

3 -As obras deben ser orixinais e inéditas e estaren escritas en galego de acordo coa normativa aprobada pola Real Academia Galega en 2003. Deberán ter o formato propio dunha obra teatral, é dicir, presentarse en forma de diálogo. Valorarase, ademais da orixinalidade e o argumento, a calidade da lingua utilizada; tamén se valorará a utilidade dos comentarios que acompañen ao texto (vestiario dos personaxes, entradas e saídas, decorado, e calquera outra indicación en beneficio dunha mellor representatividade da obra).

4-Os traballos presentaranse, preferentemente, mecanografados por unha soa cara. Tamén se poden presentar en CD ou outro soporte informático. Non levarán sinatura ou, en todo caso, esta será un pseudónimo. En folio á parte darase a coñecer (citando o título da obra) o nome do autor así como a súa idade, curso e colexio ou instituto no que está matriculado.

5-Se os traballos se envían conxuntamente dende un centro escolar, os folios individuais de datos poden ser substituídos por un só documento no que se relacionen todos os participantes e a información que corresponde a cada un.

6-As obras enviaranse, facendo constar no sobre II Certame escolar de creación dramática, antes do día 15 de Xaneiro do 2019, ao seguinte enderezo:

Instituto de Estudos Miñoráns. Aptdo. 30 36380 Gondomar (Pontevedra)

7-O premio, único para cada nivel, consta de tres partes: un lote de libros, a publicación da obra no web do IEM e a súa representación, por parte dalgún dos grupos integrados na sección de teatro, en, polo menos, un escenario do Val Miñor.

Os niveis estableceranse da seguinte maneira:

Nivel 1

Terceiro ciclo de educación primaria.

Nivel 2

Primeiro, segundo e terceiro da ESO.

Nivel 3

Cuarto da ESO e Bacharelato.

Ademais, o xurado poderá entregar os accésit que considere oportunos, declarar deserto algún deles ou repartilo ex aequo entre dous autores.

8-Os premios faranse públicos antes do 31 de Marzo de 2019 e as obras premiadas representaranse antes de que remate o ano.

9-O xurado estará formado por persoas ligadas ao IEM ou colaboradoras con coñecementos suficientes sobre a actividade de teatro afeccionado. Tamén poderá facer mencións honoríficas sobre algúns traballos non premiados.

10-O alumnado que resulte premiado renuncia aos seus dereitos de autor para a estrea da obra e para a publicación no web do IEM.

11-A interpretación destas bases correspóndelle unicamente ao xurado. O feito de participar no certame supón a súa aceptación.

CONFERENCIA DE MIGUEL ÁLVAREZ SOAJE: ANTONIO E ANSELMO ARIAS TEIXEIRO: DOUS LULISTAS GALEGOS NO SÉCULO DA ILUSTRACIÓN. MÉRCORES 7 DE NOVEMBRO ÁS 20:30H



O Pazo de Pías da Ramallosa gardou durante centos de anos unha documentación importante para a historia do Val de Miñor. Grazas ás investigacións do polifacético doutor en Historia da Ciencia Miguel Álvarez Soaje, podemos hoxe coñecer mellor a dous ilustrados galegos do século XVIII: Antonio e Anselmo Arias Teixeira. Un bisneto deste último foi o famoso José Arias Teixeira e Correa, nacido en Pontevedra, onde seu pai foi alcalde, e finado no seu pazo da Ramallosa en 1869.

A conferencia de Miguel Álvarez Soaje, coñecedor da historia da ciencia e das boticas monacais, descubriunos a influencia que tivo en Galicia a figura singular do pensamento medieval Ramón Llull. A Galicia do século XVIII estivo luminosa na presentación dos ilustrados irmáns Arias Teixeira.

O acto celebrouse o mércores 7 de novembro ás 20:30H na Aula de Cultura Ponte de Rosas.

XVIII XEIRA ALÉN MIÑOR A CORUÑA E A MARIÑA CORUÑESA (24-25 DE NOVEMBRO)



As primitivas dimensións da Coruña ocupaban o que hoxe se coñece como Cidade Vella. Era A Coruña intramuros, e tanto o seu trazado como a súa arquitectura explican a historia desta cidade. A Cidade Vella fíxose á medida humana. Pedra, vidro e madeira mesturáronse para dar acubillo a fidalgos como a artesáns ou mariñeiros. A Porta Real foi a primeira entrada á primitiva cidade.

Moito que ver ou recoñecer nesta cidade vella, acompañados por un guía que é un dos referentes da cultura contemporánea do país, Felipe Senén.

A sede oficial da Real Academia (edificio do sc. XVIII), noutro tempo propiedade de Pardo Bazán, moi preto da Colexiata de Santa María (principios do sc.XIV) que foi a igrexa dos gremios do mar e do comercio

Na contorna sitúase a Praza de Azcárraga. Está trazada sobre dous planos diferentes. No máis elevado enmárcase a antiga praza da Fariña, en cuxa bonita bóveda se acubilla a fonte do Desexo; no plano inferior está o palacio neoclásico da rexión militar noroeste, que data de 1740 e que acolleu a constitución da Xunta Suprema do Reino de Galicia en 1808, con motivo do alzamento coruñés contra as tropas napoleónicas.

O Convento de Santo Domingo levantouse a finais do século XIII, foi incendiado polos homes de Francis Drake a fins do XVII. A Igrexa data do século XVII e é de estilo barroco galego.

Moitos persoeiros, aventureiros, escritores, filósofos, científicos, ou persoas sen título como María Pita, que se enfrontou a Drake ou lideraron a resistencia ós franceses, viviron ou tiveron relación coa cidade. O Duque de Toscana, Cosme de Medicis, nunha das súas viaxes de coñecemento, o mariño Alejandro Malaspina, militares ou estadistas, como Porlier ou Melchor de Macanaz. Sir John Moore (repousa nos xardíns de San Carlos). Personaxes, espíritos da cidade ou simples cidadáns que inspiraron á

Condesa de Pardo Bazán en “A Pedra Angular” ou a obra de Murguía e de Rosalía, os que xogaron co neno Pablo Picasso, que iluminaron o pensamento de Wenceslao Fernández Flórez ou de Salvador de Madariaga.

A cidade vella agocha máis recunchos queridos polos seus veciños, como o A Praza e O Convento das Bárbaras, próximos o Castelo de San Antón (hoxe Museo Arqueolóxico), antiga fortaleza do século XVI que se edificou sobre unha illa para protexer a entrada da ría dos ataques do pirata Drake. Ou o arquivo do Reino De Galicia (1775), que está encargado da recollida, custodia e posta a disposición do público da documentación de ámbito galego e provincial, xerada por diversos organismos de carácter xudicial ou administrativo con sede na provincia da Coruña.

Fundación Luís Seoane

Espazo multidisciplinar que dá cabida a tódalas expresións artísticas do ser humano independentemente da súa idade ou procedencia. Obradoiros de debuxo, espazos de creación e coñecemento artístico, colectividade ou autores, lecturas significadas, concertos, teatro, ciclos de cine e curtametraxes, clubs literarios e de lectura, danza e expresión etc.

Encarna o espírito da Galicia emigrante, das raíces e do desterro, o ideal dunha cultura entroncada no popular e en fin, a resistencia contra a ditadura e contra o longo esquecemento. Seoane é para os seus paisanos algo moi próximo e propio, vivido a través dunha herdanza diseminada por todas partes e cun crisol inmenso de creatividade sen fin: pintura, debuxo e gravado, cerámica, tapices, murais, grafista, ilustracións, escritor, poesía...

O domingo visitaremos Betanzos

O Centro histórico foi declarado conxunto-histórico artístico en 1970 e trátase dunha das cidades medievais máis importantes de Galicia (desde 1465), foi capital dunha das sete provincias do antigo Reino de Galicia.

Os ríos que o percorren, Mandeo, Mendo e Mero, que xunto á Ría de Betanzos, conforman unha paisaxe de singular beleza.

No paseo polo centro da vila atoparemos importantes templos románicos como a Igrexa de San Francisco ou a de Sta. María do Azogue, o edificio da Casa Consistorial ou os restos, datados do século XIV, da muralla que rodeaba a cidade, entre outros puntos de interese.

Non se debe deixar de coñecer o legado dos irmáns García Naveira como o Parque do Pasatempo, as Escolas de San Francisco ou a de García Irmáns, estas últimas de estilo modernista.

En Bergondo visita o Pazo de Mariñán

A construción inicial coñécese como “de Bergondo”, non de Mariñán. As orixes do Pazo de Mariñán sitúanse a mediados do século XV, por orde de Gómez Pérez das Mariñas (“Señor das Mariñas, de Mesía e de Moscoso”, cabaleiro da corte de Juan II, que participou dunha maneira activa nas loitas Irmandiñas). O Pazo e os seus xardíns son conxunto histórico-artístico e monumental por Real Decreto do 5 de outubro de 1972. Na actualidade comparte tres usos: actos institucionais da deputación, centro de congresos e foros e museo do propio Pazo, reunindo boa parte da colección artística da institución provincial.

En Mariñán a arquitectura complementase coa paisaxe típica da Mariña que se abre á ría de Betanzos, formada polo río Mandeo. O xardín divídese en tres zonas:

ornamental, hortícola e o arboredo. Uns e outros reflicten as distintas formas de aproveitar o terreo.

O xardín foi trazado a comezos do século XIX, baseándose no que xa existía, moito máis sinxelo. O labor de introdución de especies converte a estes espazos de vexetación practicamente en illas botánicas e, ao mesmo tempo, en depositarios da flora e a sensibilidade ornamental galega. As especies decorativas compoñen o grupo máis numeroso, con gran diversidade e monumentalidade, destacando o abeto do Cáucaso, o ciprés de Lawson, os buxos, os teixos, etc.

No xardín hai un pequeno embarcadoiro que ademais de ser utilizado como lugar de lecer servía os donos e os traballadores do pazo para atravesar a ría antes da construción da ponte do Pedrido. A partir de 1997 créase o “xardín da palabra”, no que ilustres visitantes plantan unha árbore e ao seu pé deixan para o futuro unha mensaxe.

PRESENTACIÓN DO DOCUMENTAL “O LADO ESCURO DO CARBÓN”.



Día: venres 7 de decembro

Hora: 20:30h

Lugar: Aula de Cultura Ponte de Rosas. IEM -Gondomar

Presentado e realizado por Greenpeace.

O carbón deixa un escuro rastro tras de si. A súa queima en centrais térmicas como as de Meirama e As Pontes xera inxentes emisións de CO₂, converténdoo no principal causante do cambio climático e de graves problemas sociais e de saúde.

O documental “O lado escuro do carbón” (Título orixinal: El lado escuro del carbón) fai unha recompilación dos impactos da súa extracción e combustión en diferentes localizacións do Estado. As arepiantes testemuñas de médicos, exmineiros, activistas e asociacións veciñais de zonas con centrais térmicas de carbón e zonas de extracción relatan todo o que agacha o carbón: destrución da contorna, contaminación, problemas sociais, doenzas graves... Estas voces, case que sempre ignoradas e silenciadas, son as protagonistas dunha loita chea de dificultades pero tamén de esperanza.

PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA, DOCUMENTACIÓN E RESTAURACIÓN DOS PETRÓGLIFOS DE GARGAMALA (MONDARIZ, PONTEVEDRA)



Este proxecto de prospección arqueolóxica, documentación e restauración dos petróglifos de Gargamala (Mondariz), promovido polo Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, está sendo executado polo equipo técnico multidisciplinar do Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) dirixido e coordinado polo historiador e arqueólogo Xosé Lois Vilar Pedreira e do que forman parte: María Dolores Álvarez Rey, Eloy Martínez Soto, Bruno Centelles García, Xilberte Manso de la Torre, José Antonio Viña Arias, Eduardo Méndez-Quintas, Andrea Serodio Domínguez, Manuel Ledo Bernárdez e Jesús Rodríguez Diéguez coa colaboración especial, nas tarefas de prospección, de Cándido Verde e José Álvarez Alonso (O Buraco).

Nos días 5 e 6 de outubro de 2018 un incendio arrasou 150 ha das parroquias de Sabaxáns e Gargamala (Mondariz) que afectou a área nuclear dos petróglifos de Gargamala con distinto grao de incidencia (termoclastos, ennegrecemento da superficie, arrastes de depósitos sobre as superficies) e deixando unha paisaxe depauperada e a pracer dunha forte erosión da tona terrea.

O conxunto de petróglifos obxecto desta actuación sitúase entre os 400 e os 470 m.s.n.m.. A gran maioría deles ocupando a parte alta dos outeiros (GA 36030023-18-11), as valgadas entre eles no caso do Campado (GA 36030055-14-15-54), chans como Campo Redondo (GA 36030038) cun amplísimo dominio visual, que chega á Serra do Galiñeiro, paralelo ó emprazamento dos petróglifos da Coutada (Taboexa, As Neves) ou As Portaxes no Monte Tetón (Tebra, Tomiño) tamén obxecto de prospección, estudo, posta en valor e musealización por parte do Instituto de Estudos Miñoráns.

Na zona de actuación destaca a presenza dun ulleiro aproveitado polos veciños para a traída de augas doméstica e na outra vertente hai varios muíños hidráulicos.

Estamos ó redor das coordenadas 545.686/4.679.970.

(datum: ETRS 1989, fuso 29).

Esta concentración de petróglifos atópase na parroquia de Gargamala, no concello de Mondariz, composta polas aldeas de Vedrelos e O Soutiño na zona meridional e A Rúa, Mourelle, Boente e O Barro. A parroquia está rodeada por Frades, Riofrío, Sabaxáns e Toutón como freguesías do mesmo concello e polo norte polas de Traspuelas e Ventín do concello de Fornelos de Montes. Estamos no sur do Suído nun mundo de serra onde as aldeas escasean e foi zona tradicional de pastoreo que deixou pegadas etnográficas nos chozos, neveiras, cerres para o gando e nos foxos de lobo.

Estamos no val medio-alto do río Tea cara o que drenan os núcleos habitados de Gargamala. A zona noroeste do Castro Chouso, O Foxo do Lobo, A Chan de Cairón... botan as augas no río Barragán que desauga no río Oitavén ó pé do castro da Cidade (Calvos, Fornelos) na mesma presa das Eiras.

**CATÁLOGO DE
COLABORADORES E
COLABORADORAS**

ÁLVAREZ SOAJE, MIGUEL

(Vigo, 1969)

Licenciado en Farmacia. Estudos universitarios na Universidade Complutense de Madrid, obtendo a licenciatura na Universidade de Santiago de Compostela en 1999. Doctor en Historia das Ciencias e as Técnicas pola Universidade de Santiago de Compostela, 2012. Título de “Experto en formulación de medicamentos individualizados”, Universidad San Jorge de Zaragoza, 2017.

GARCÍA RIVEIRO, SOLEDAD

(Vigo)

Diplomada en Ciencias Empresariais pola Universidade de Vigo, reside en Nigrán dende o ano 2015. Traballa ligada a temas medioambientais. Practica artes diversas entre as que destacan a pintura, os contos e a poesía bailada baixo o lema “Emocionaria”. Rematou finalista no Festival de Slam da I Semana Poética Victoriano Taibo e no Microcatrorrelato coa obra “Fada da Terra”, poema escollido para pechar o Día Orgullo Salceda 2017. É colaboradora do grupo PUGA de promoción de uso da lingua galega do IEM e do Espazo Lectura.

NATALIA JORGE PEREIRA

(Tomiño, 1982)

Licenciada en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, especializada en His-

toria Contemporánea e Americana (2006). Estudou o Máster en Historia Contemporánea e Americana en 2014-2015.

Actualmente está estudando un doctorado europeo baixo a dirección de Miguel Cabo Villaverde (Universidade de Santiago de Compostela) e Paula Godinho (Universidade Nova de Lisboa), que combina co seu traballo no Concello de Tomiño.

MANSO DE LA TORRE, XILBERTE

(Ourense, 1958)

Realizou os primeiros estudos e o bacharelato no Colexio Cardeal Cisneros de Ourense, onde era director Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”, que deixou nel unha fonda influencia. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, especialidade de Psicoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor no ensino secundario no IES Escolas Proval de Nigrán noutra das especialidades as que lle dedicou unha parte importante da súa vida, a Educación Física e o deporte. Adestrador de varias modalidades deportivas, dirixiu Escolas deportivas e Clubs de Ourense e Vigo no deporte do Hocquei Herba, nos que ligou, hai xa trinta anos, a Psicoloxía ao deporte, por aqueles tempos algo novo no noso país. Ten participado no asociacionismo veciñal ourensán. Retirado do deporte competitivo, participa no asociacionismo cultural dende a xunta do goberno do IEM e das sección

Arqueoloxía, Etnografía e Ciencias Naturais. Reside en Panxón, Nigrán.

MAURE RIVAS, XULIÁN

(Vigo, 1941)

Doutor en Filosofía e Letras. Foi profesor de Lingua e Literatura castelás no IES “Val Miñor” de Nigrán do que foi director durante varios anos. Presidiu a Asociación de Tradutores Galegos (ATG), onde dirixiu a Biblioteca Virtual www.bivir.com, promovida por el no ano 2000. Foi fundador de Edicións Xerais de Galicia (1978-1983); primeiro Subdirector Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio documental da Xunta de Galicia (1983-1984). Publicou diversos estudos, en revistas especializadas, sobre o mundo editorial galego e sobre os problemas da lingua escrita; entre outros *Galicia sen libros. Informe sobre o libro galego* (1987), e a súa tese doutoral *Para unha escriptoloxía da lingua galega*.

Reside dende hai tres décadas en Nigrán. É membro da Xunta de Goberno do IEM.

MOSQUERA VELEIRO, JOSÉ LUÍS

(Ourense, 1954)

Licenciado en Xeografía e Historia pola USC. Doctor en Historia pola Universidade de Vigo coa tese “Elites, partidos políticos y elecciones en El Valle Miñor 1906-1936” calificada con sobresáinte cum laude. Coautor cos irmáns Soliño do libro “Gondomar: his-

toria, arte e territorio” Ir Indo, 1995. Artigo na Nosa Terra e A Peneira.

MOURIÑO, MIGUEL ANXO

Gondomarés de adopción e de corazón, naceu en 1943 nunha aldea da ría de Arousa, aínda que se instalou nesta paisaxe miñorá sendo un neno. Foi mestre en Vilaboa, publicou varios libros (poesía, narración xuvenil, conto infantil...) e colaborou co IEM, dende algúns anos despois da súa fundación, como coordinador da sección de Lingua e Literatura, responsabilidade que abandonou hai menos de dous anos, aínda que continúa sendo socio e colaborador.

POSADA GONZÁLEZ, DAVID

(Vigo, 1971)

Catedrático de Xenética na Universidade de Vigo, onde traballa en diferentes aspectos da bioloxía evolutiva a nivel molecular, usando técnicas experimentais e computacionais. Os seus intereses actuais céntranse no estudo da evolución xenómica tumoral. Foi o primeiro galego que logrou unha *Starting Grant* e tamén o primeiro en conseguir unha *Consolidator Grant* do Consello Europeo de Investigación (ERC).

VILA, SUSO

(Tui, 1973)

Doutor en Historia da Arte pola USC, licenciado en Historia pola UNED. Conta con di-

ferentes publicacións entre as que destacan: O Tui Esquecido (1999), Pazos e Casas de Tui e Valença (2000), Tui e Valença nos século XI a XV (2001), Antiguas Fiestas (2003), Xudeus e Conversos en Tui (2004), A cidade de Tui durante a Baixa Idade Media (2009), Corpo Santo/ San Telmo (2009), A casa de Souto-maior 1147-1532 (2010), Judíos, Conversos e Inquisición en Tui (2013), La ciudad histórica de Tui (2014).

